

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 6 de NOVIEMBRE de 2015**

**Orde do día** da sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 6 de novembro de 2015 ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

[\\*Declaración institucional de apoio ao pagamento das pensións dos mariñeiros galegos embarcados na frota de Noruega.](#)

### **Actas**

[1.-Proposición da Presidencia sobre ratificación do carácter ordinario da sesión do Pleno do día 6 de novembro de 2015.](#)

[2.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 11/2015, do 8 de outubro.](#)

[3.-Toma de coñecemento das resolucións da Presidencia, da nº 21601 á nº 23900, de 2015.](#)

[4.-Toma de coñecemento das resolucións da Presidencia seguintes: número 21281, 21282, 21283, do 1 de outubro de 2015 e 22376, do 14 de outubro de 2015, sobre o nomeamento de persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento; número 22375, do 14 de outubro de 2015, sobre cesamento de persoal eventual; e número 22528, do 17 de outubro de 2015, relativa ao aboamento da parte da paga extra de decembro de 2012, sinalada no Real decreto lei 10/2015 a través das nóminas do mes de outubro.](#)

### **Comisión de Deportes e Mocidade**

[5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Escudería Automovilística de Ferrol para financiar a realización do 46º Rallye de Ferrol.](#)

[6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Praia de Pantín para financiar a realización do campionato Pantín Classic Galicia Pro 2015.](#)

[7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club de Tenis da Coruña para financiar as obras de execución da cuberta para pistas de tenis e pádel.](#)

[8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hóckey Club Liceo da Coruña para financiar a participación na Liga OK e na Copa de Europa de hóckey no ano 2015.](#)

[9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Patín Cerceda para financiar o “Mantemento da estrutura deportiva do club no ano 2015”.](#)

### **Comisión de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico**

10.-Aprobación do convenio de colaboración coa Asociación Cultural Orquesta Gaos para financiar o “Programa de concertos do ano 2014”.

11.- Aprobación do convenio de colaboración co Concello de Boiro para financiar o “Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza do ano 2015”.

12.- Aprobación do convenio de colaboración coa Real Academia Galega para financiar as “Actividades do ano 2015”.

13.- Aprobación do convenio de colaboración coa Fundación Ortegalia para financiar as “Actividades do ano 2015”.

14.- Aprobación do convenio de colaboración coa Sociedade Cultural e Recreativa “A Pombiña” para financiar as obras de “Reparación do falso teito e instalación de alumado no local social da asociación”.

15.-Aprobación do convenio coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os “Cursos de verán na sede da Coruña no ano 2015”.

16.- Aprobación do convenio coa Fundación Rosalía de Castro para financiar as “Actividades do ano 2015”.

### **Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero**

17.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e Comité Cidadán Anti-Sida (CASCO) para financiar o “Mantemento da rede de pisos de acollida e atención a persoas seropositivas en situación de exclusión social ano 2015”.

### **Comisión de Promoción Económica e Emprego**

18.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Mesía para financiar o proxecto “Actividades que se van realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga”.

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

19.-Aprobación da desestimación da solicitude formulada pola UTE EULEN- GEST TEATRO COLÓN relativa á resolución do contrato de xestión do Teatro Colón na modalidade de concesión.

20.-Dar conta da xestión realizada polo adxudicatario da cesión do Teatro Colón no período xuño 2014 – maio 2015, terceira anualidade.

21.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e os Ilustres Colexios de Avogados e Procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de

[prácticas de alumnos da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago nos departamentos de Urbanismo dos concellos da provincia da Coruña e adquisición de material necesario para a súa execución 2015.](#)

[22.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Bergondo para financiar os traballos de cartografía municipal.](#)

### **Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente**

[23.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2015, terceira fase.](#)

[24.-Aprobación do Plan de investimento de vías provinciais 2015, segunda fase.](#)

### **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios e Normalización Lingüística**

[25.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Aglomerado do camiño desde O Campo á estrada Casal-Miño”, do Concello de Monfero, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(POS\) 2015 co código 15.2100.0109.0.](#)

### **Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

[26.-Informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30.09.2015 e proxección a 31.12.2015.](#)

[27.-Información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de setembro.](#)

[28.-Informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao terceiro trimestre de 2015 na Deputación provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.](#)

[29.-Modificación da Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación Provincial da Coruña.](#)

[30.-Aprobación do Expediente de modificación de crédito núm. 5/2015 e da modificación das Bases de execución do orzamento para o exercicio 2015.](#)

[31.-Dar conta da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento da Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información establecidas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.](#)

32.-Modificación das cláusulas primeira, sexta e novena do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña e a Fundación EMALCSA, para a cooperación e axuda na celebración da Copa do Rei de Baloncesto 2016.

33.-Modificación do acordo do Pleno do 8 de outubro de 2015 relativo á “Aprobación inicial do expediente de desafección parcial do Centro Calvo Sotelo e aprobación inicial de cesión de uso á Universidade da Coruña, para a súa utilización como residencia universitaria. Aprobación do convenio de cesión de uso.”

## ACTUACIÓN DE CONTROL

### MOCIÓNS

-Moción dos Grupos BNG-Asembleas Abertas e PSdeG-PSOE sobre a loita contra a violencia de xénero.

- Moción dos Grupos BNG-Asembleas Abertas e PSdeG-PSOE sobre a proposición de Lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.

- Moción de apoio ao saneamento da ría do Burgo.

-Moción do Grupo provincial de Alternativa dos Veciños sobre o arraigamento da herba da pampa no ecosistema galego.

-Moción do Grupo provincial de Alternativa dos Veciños sobre a interposición de recurso de apelación contra a sentenza ditada no PO 186/2013.

-Moción do Grupo provincial de Compostela Aberta para instar á Deputación á recuperación da memoria democrática mediante a localización, identificación e exhumación dos restos mortais das persoas represaliadas durante a guerra civil e o franquismo, que se atopan en paradeiro descoñecido.

-Moción do Grupo Provincial Popular en defensa do estado das autonomías.

-Moción dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG en apoio aos afectados polas recentes inundacións nos campamentos de refuxiados saharauis de Tinduf-Alxeria.

-Moción de clausulado social e transparencia na contratación pública.

### ROGOS E PREGUNTAS



D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO	PP
D <sup>a</sup> MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE
D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG

Escúsanse as Sras. Delso Carreira e Fraga Sáenz.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

#### **1.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE RATIFICACIÓN DO CARÁCTER ORDINARIO DA SESIÓN DO PLENO DO DÍA 6 DE NOVEMBRO DE 2015.**

Por unanimidade, ratifícase a inclusión da proposta da orde do día e apróbase, tamén por unanimidade, a seguinte proposta:

“Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme a redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Considerando que a obrigatoriedade da celebración das sesións ordinarias reflicte o principio, cosubstancial ao pluralismo democrático, da participación dos grupos minoritarios no funcionamento das institucións representativas –segundo ten declarado a xurisprudencia- e que ese aspecto substancial debe primar sobre a cualificación formal do artigo 46.1 LBRL que caracteriza como sesións ordinarias as de periodicidade preestablecida, sen prexuízo de que este último aspecto deba ponderarse razoablemente en cada caso concreto.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de outubro correspondía celebrala o día 30 deste mes, coincidindo coa Asemblea Xeral da FEGAMP á que deben asistir o presidente e varios deputados.

Polo tanto, de acordo cos voceiros dos grupos provinciais en Xunta de Portavoces e como excepción singular do réxime ordinario establecido o 4 de agosto de 2015.

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

Ratificar o carácter ordinario da sesión do Pleno da Deputación provincial que se celebre o día 6 de novembro de 2015, venres, a partir das doce horas, convocada pola Presidencia como sesión ordinaria correspondente ao décimo mes de 2015».

#### Sr. Secretario

Hai dúas declaracións institucionais, asinadas polos voceiros dos distintos Grupos. A primeira refírese á declaración institucional de apoio ao pagamento das pensións dos mariñeiros galegos embarcados na frota de Noruega.

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE APOIO AO PAGAMENTO DAS PENSIONS DOS MARIÑEIRO GALEGOS EMBARCADOS NA FROTA DE NORUEGA**

Noruega non lles recoñece pensións de xubilación aos nosos traballadores do mar embarcados nos seus buques ata o ano 1994 -máis de 12 000, segundo a asociación galega LONG HOPE- por careceren de condición de residentes mentres traballaban e pagaban alí os seus impostos. A súa actual desprotección agrávase polo feito de que España non lles computou o tempo de embarque nos devanditos buques para o cálculo, aquí, de prestacións da Seguridade Social. Un grave problema de desamparo legal recoñecido pola Comisión Europea, que se desentendeu do asunto propoñendo un convenio bilateral de seguridade social entre España e Noruega, mais considerando sempre que esta desprotección por falta de residencia era legal antes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo. Dende logo, a resposta sería distinta de analizarse a residencia como requisito de afiliación ao sistema noruegués de seguridade social dende o Convenio Europeo de Dereitos Humanos, que permite cualificar como condición excluínte e discriminatoria esixir a residencia para tal inclusión, tamén antes de 1994, ao vulnear dereitos fundamentais universalmente recoñecidos xa que no tocante á xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, hai diferenza de trato discriminatorio por razón de nacionalidade, ao non esixírselle a residencia, pola contra, aos nacionais noruegueses empregados nos mesmos barcos, sen que exista xustificación obxectiva e razoable para iso.

Os mariñeiros galegos que traballaron na mariña mercante norueguesa pídenlle o pagamento das súas pensións de xubilación ao país nórdico. A defensa e reclamación de dereitos que expuxo publicamente a asociación Long Hope acada xa un extenso percorrido institucional. O seu presidente, Juan Lores Názara, e o seu portavoz, Alberto Paz Viñas, conduciron esa loita ata as altas institucións de Noruega, ata o embaixador da UE en Noruega e ata as cabeceiras dos sindicatos máis representativos do país, como a L.O. Estiveron tamén coas altas institucións



españolas dos Ministerios de Exteriores e de Traballo en Madrid e mais coa embaixada de Noruega no Estado español, onde mantiveron unha reunión co embaixador. Mantiveron encontros no Parlamento de Galicia con BNG, AGE e PSOE e tamén foron convidadas por Paloma Rodríguez, deputada do PSOE, ao Congreso dos Deputados para estableceren as liñas de actuación pertinentes.

A representación de Long Hope acaba de chegar de Luxemburgo dunha vista oral no Tribunal de Xustiza do caso Wiueland C/465/14, caso similar, entre mariñeiros austríacos contra armadores holandeses.

Por todo isto, a Deputación da Coruña insta o Goberno galego a colaborar co colectivo social Long Hope na demanda impulsada contra o Estado noruegués para reclamaren o recoñecemento do dereito a percibiren as súas pensións de xubilación ou a que se lles devolvan os impostos recadados; así como esixirlle ao Estado español que presente unha demanda interestatal contra Noruega diante do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos pola vulneración da prohibición de discriminación por nacionalidade en materia de seguridade social ao esixirlles a residencia aos nosos traballadores do mar emigrantes embarcados nos seus buques.

#### Sr. Secretario

Hai outra declaración institucional que é de apoio, saneamento e rexeneración da ría do Burgo.

A rexeneración da ría do Burgo é, sen lugar a dúbidas, un dos grandes retos ambientais da Area da Coruña nas últimas décadas.

Malia a súa riqueza marisqueira e valores paisaxísticos e ambientais, atópase nunha situación de grave deterioro, a que a súa degradación ten, ademais, consecuencias directas no ámbito socioeconómico por afectarlle ao colectivo marisqueiro que traballa na zona.

Unha ría na que hai trinta anos mariscaban 2200 persoas. Hai tres décadas, o 85 % dos espazos da ría eran produtivos, cando agora a porcentaxe chega só a un 20 %. De continuar este nivel de deterioro, achegarse a total morte reprodutiva desta zona de gran valor.

Dende hai algo mais dunha década, comezouse a asumir a urxencia das actuacións neste ámbito e déronse pasos importantes dende a esfera autonómica en colaboración cos Concellos para atallar parte dos problemas na súa orixe: construción de colectores de saneamento, bombeos, estanques de tormentas, colectores separativos, Edar de Bens, Emisario de Bens etc., para evitar as verteduras á ría en condicións normais de choiva.

Todos os Concellos da ría, os mariscadores/as e mesmo a Xunta de Galicia están de acordo en culminar os traballos realizados, para o que cómpre acadar o compromiso do Estado asumido nos últimos anos de rexenerar os fondos mariños da ría.

A rexeneración da ría debe ser un tema de capital importancia para todas as Administracións, cada unha, dende o ámbito competencial que lle corresponda, debe poñer os medios necesarios para acadar a total recuperación da ría.

Por todo isto, a Deputación da Coruña insta ao Goberno galego a licitar e executar á maior brevidade o tanque de tormentas de Santa Cruz (Oleiros) e o bombeo do Temple (Cambre), por un importe de 6,6 millóns de euros, obras incluídas dentro do Plan de saneamento local da ría do Burgo.

Instar ao Goberno do Estado á licitación no 2016 da dragaxe ambiental dos sedimentos da ría do Burgo.

Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España o estudo e posta en marcha de axudas para o sector marisqueiro da zona, no caso de que se constate que a actividade derivada da execución das obras teña influencia directa nunha perda de ingresos deste colectivo.

Solicitarlles aos Concellos da ría, con competencias na materia de depuración e saneamento, a súa implicación na rexeneración da ría abordando as obras necesarias nas respectivas redes municipais para solucionar as incidencias detectadas nos últimos estudos realizados pola Xunta.

## INTERVENCÍONS

### Sr. Díaz Grandío

Gustárame aclarar e revisar con calma esta declaración, pois o certo é que, ben, a última previsión que había era que esta declaración nós non iamos asinala por ter diversos matices que a priori non se recollían e, simplemente, nos gustaría confirmar nalgún momento que esa lectura é diferente á que estaba recollida, confirmar que, efectivamente, todos os puntos que nós tiñamos para engadir estivesen. Entón, eu entendo que unha declaración institucional require un consenso, como así debe de ser, e nós non estamos ao corrente desa última declaración institucional.

### Sr. Presidente

Non sei se falta, na declaración que se acaba de ler por parte do secretario, se falta algún dos puntos ou...

### Sr. Díaz Grandío

É o que nos gustaría comprobar. Isto ata onte á noite era unha moción que houbo opcións de converter nunha declaración institucional, sempre e cando, obviamente, pasase polo acordo de todos os grupos. Nós intentamos facer unhas achegas e ata hai dez minutos antes de comezar o Pleno isto non era un declaración, era unha moción, entón si que nos gustaría comprobar que, efectivamente, despois desta lectura, non nos dá tempo a comprobar que estes dous apéndices que nós tiñamos, ou que quereíamos introducir, que están incorporados de facto.

Sr. Presidente

Non sei se hai algún inconveniente por que se retire a declaración, a expensas da súa comprobación.

Sr. Calvo Pouso

Retirámosa, compróbase e queda para o seguinte Pleno?, como o facemos?

Sr. Sacristán de Diego

Quedaría como moción, quedaría como unha moción; en lugar dunha declaración institucional sería unha moción, e unificaríamos a vosa e a nosa.

## **2.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 11/2015, DO 8 DE OUTUBRO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 11/2015, do 8 de outubro.

## **3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, DA Nº 21601 Á Nº 23900, DE 2015.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións da Presidencia, da nº 21601 á nº 23900, de 2015.

## **4. TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA SEGUINTE: NÚM. 21281, 21282, 21283, DO 1 DE OUTUBRO DE 2015 E 22376, DO 14 DE OUTUBRO DE 2015, SOBRE O NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL PARA REALIZAR FUNCIÓNS SINALADAS LEGALMENTE COMO DE CONFIANZA E ASESORAMENTO; NÚMERO 22375, DO 14 DE OUTUBRO DE 2015, SOBRE CESAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL; E NÚMERO 22528, DO 17 DE OUTUBRO DE 2015, RELATIVA AO ABOAMENTO DA PARTE DA PAGA EXTRA DE DECEMBRO DE 2012, SINALADA NO REAL DECRETO LEI 10/2015 A TRAVÉS DAS NÓMINAS DO MES DE OUTUBRO**

O Pleno toma coñecemento das seguintes resolucións da Presidencia:

Núm. 21 281, 21 282, 21 283 do 1 de outubro de 2015 e 22 376 do 14 de outubro de 2015 sobre nomeamento de persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

Número 22 375 do 14 de outubro de 2015 sobre cesamento de persoal eventual.

Número 22 528, do 17 de outubro de 2015, relativa ao aboamento da parte da paga extra de decembro de 2012 sinalada no Real decreto lei 10/2015 a través das nóminas do presente mes de outubro.

## **5.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ESCUDERÍA AUTOMOVILÍSTICA DE FERROL PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DO 46º RALLYE DE FERROL.**

### INTERVENCIÓNS

#### Sr. García Seoane

Como hai varios temas nos que eu me vou abster ou vou votar que non, e non quero intervir en todos, sería un tedio total, vou facer esta intervención para aqueles temas nos que vou votar que non ou absterme.

Estamos falando de subvencións que todas eles teñen, as que eu vou votar que non, teñen reparos de intervención ou xurídicos dos servizos técnicos da Deputación. Por tanto, eu tampouco estou de acordo en moitas desas subvencións que se traen hoxe aquí ao Pleno, xa o dixen na Comisión, porque vendo documentos da Deputación, por exemplo, entre o 2012 e 2015, subvencións con concorrencia competitiva repartíronse 22 190 881 euros pero, no mesmo tempo, no mesmo prazo, repartíronse 12 963 227 euros en adxudicacións directas de Presidencia. Estamos falando dun 58 %, quedou nun 42 % o diñeiro que tiña que ir para todos, quedou no 42 % cando tiña que ser o 100 % das dúas cantidades, para todos os Concellos ou entidades que se beneficiaban disto. Aquí eran, estas subvencións en concreto son para cultura, deportes, entidades privadas etc. etc., pero como as hai tamén de plans provinciais e de obra pública, nese mesmo tempo 2012-2015 en plans provinciais de todo tipo repártense 50 150 725 euros e, en subvencións nominativas, no mesmo prazo, repártense 39 085 520, quere dicir, repártese o 77 % do diñeiro destinado aos Concellos, entrégase directamente polo presidente da Deputación a entidades que entende o presidente da Deputación que llas debe de dar, e volvo dicir que con informe negativo, con reparos, dos servizos da Intervención desta Deputación Provincial e tamén xurídicos.

A maior parte das subvencións son clientelares e partidistas, non son singulares nin excepcionais, tal e como recollen as leis e regulamentos para outorgarse. Moitas das entidades, clubs e asociacións levan anos en nómina, non é unha subvención singular senón que levan cinco, sete, oito anos en nómina como se fosen parte do funcionariado ou dos servizos propios da Deputación. En todas existen, como digo, reparos dos técnicos, polo tanto ese é o meu voto negativo, eu non podo aprobar algo que clama ao ceo dunha forma de facer política partidista, clientelar etc., coa que estou totalmente oposto desde que aparecín en política hai corenta anos.

#### Sr. Calvo Pouso

Grazas, presidente. Hai moitas formas de intervir sempre por parte dos distintos voceiros, quizais unha das máis inxustas, pero que o tempo coloca a cada un no seu sitio, é a de terxiversar os datos ou contar medias verdades, e acabamos de asistir a un exemplo claro diso.

É verdade que durante o que levamos de lexislatura en todas as comisións temos reproducións máis ou menos do que vivimos, do que acabamos de vivir, no que

se ve alí, acúsasenos a todos os deputados que estamos presentes, e tamén aos funcionarios, de facer cousas que se un as escoita quedaría realmente asustado e diría “Deus, voume de aquí”, porque parece que estamos facendo algunha cousa maligna. E a verdade é que creo sinceramente, presidente, que non vale todo na política, creo que non vale todo, creo que hai que poñer as cousas no seu sitio e creo que hai que dicir as verdades. E hoxe os datos que ofrecía o portavoz de Alternativa dos Veciños son falsos, cando un non le os datos ben, falséaos interesadamente para adaptalos ao seu discurso e para intentar arrimar a ascua á súa sardiña. En primeiro lugar, porque saben vostedes, e hoxe ademais veñen ao Pleno, que as subvencións nominativas non son asignacións do presidente directas, senón que en todo caso, e na lexislatura pasada e tamén nesta, son convenios que veñen ao Pleno, e na lexislatura pasada, os que estaban aquí, compañeiros durante os últimos catro anos, eran votados por unanimidade, polo tanto non son asignacións do presidente. En todo caso, eran asignacións dos trinta e un deputados que estaban no plenario, igual que as desta lexislatura son asignacións do plenario votadas a favor por aqueles que manifestan o seu voto a favor e respectando en todo caso os votos en contra ou as abstencións.

A min gustaríame que quedara clara e gustaríame ademais que a Presidencia e os servizos xurídicos se teñen algo que dicir neste sentido que nolo dixeran, porque estou seguro de que ningún dos que estamos aquí queremos cometer ningún tipo de ilegalidade, por suposto, e non son consciente de tela cometido. E supoño que todos os que estades aquí, no futuro tampouco, e queremos ter esa seguridade de que se están facendo ben as cousas, polo tanto iso gustaríame que se aclarara por parte da Presidencia, ou en todo caso polos servizos xurídicos.

E despois dicir que, claro, que é moi fácil vir á Deputación e dicir unha cousa, e despois no seu Concello cada un fai o que estima oportuno. Por exemplo, no Concello onde é alcalde o Sr. Gelo, o último Pleno concedeu dúas subvencións nominativas, claro, cando os concedemos no noso Concello son xustificadas, e cando vimos á Deputación e non nos toca a nós, non son xustificadas. Iso é o que hai.

A min fastídiame que neste último Pleno no que eu vou estar presente, teña que saír esta intervención, pero creo que é de xustiza. Téñoillo dito aos meus compañeiros, creo que non vale todo e que cando nunha Comisión, nun Pleno, se din falsidades ou medias verdades, creo que é a nosa obriga poñer os puntos sobre os is.

Polo tanto, a min gustaríame saber se hai algún problema con estes puntos, porque se é así nós retiraremos o voto ou cambiaremos o sentido do voto e, se non o hai, sabelo. Segundo, se isto é un voto aprobado, e por tanto unha iniciativa que sae co voto a favor dos que están no plenario ou é iniciativa do presidente, creo que non pero gustaríame que se dixese, e de cara ao futuro gustaríame que nesas comisións, ás que tiven a oportunidade de asistir nalgunha vez e nas que todos os presentes, sexan ou non, de case todos os partidos, pensabamos o mesmo. Creo que é necesario puntualizar as cousas.

E no caso do Concello de Oleiros, claro, di iso cando no expediente de modificación de créditos que levamos hoxe leva unha reserva de crédito para unha subvencións nominativa, claro, é que é moi fácil criticar as subvencións nominativas cando non son para min, cando non veñen ao meu Concello voto todas en contra, e

cando veñen para o meu Concello, entón están ben e voto a favor. E na lexislatura pasada, e os servizos da Cámara así o teñen xustificado tamén nun contencioso que temos nos xulgados, a única, repito por se non quedou claro, a única solicitude de subvención nominativa do Concello de Oleiros, foi atendida e na lexislatura pasada, a través de plans provinciais, non é só POS con vinte e catro millóns de euros, que por catro xa son noventa e seis, senón tamén os dous DTC e un PAI, foron para todos os concellos, para todos. Poderemos discutir, como discutimos naquel momento cos representantes do PSOE e cos representantes do Bloque, se os criterios eran os adecuados ou non, pero eran criterios obxectivos e estamos falando de utilizar a poboación total ou a poboación rural. Esa era a principal discusión, que e é unha discusión lexítima, pero era unha discusión en todo caso centrada nos criterios obxectivos destes plans, e foi a lexislatura onde máis fondos se puxeron a disposición de todos os Concellos na provincia da Coruña, a través de plans obxectivos. Ogallá, e imos por bo camiño, presidente, nesta lexislatura sexan capaces todos os que estades aquí, impulsados loxicamente pola Presidencia, de facer o mesmo e melloralo, porque desde logo será un orgullo para esta institución e para todos os alcaldes, pero non vou permitir que se fale desa maneira dunha etapa anterior e sobre todo cunha visión tan partidista e que non se escoite a voz, neste caso, do que foi presidente na pasada lexislatura. Nada máis e moitas grazas.

#### Sr. García Seoane

Dise que os datos son medias verdades ou falsos. Nunha Comisión celebrada o día 3, nesta Deputación, na que participei, unha documentación dos técnicos desta casa, que vén ademais hoxe aquí ao Pleno ese asunto, dise claramente que son trinta e nove millóns de euros os que se deron directamente, e dise que foron cincuenta os que foron a concurso, polo tanto non estou falsificando nada, estou dicindo o que refrendan os técnicos, está na documentación do día 3 deste mes na Comisión de Facenda, polo tanto non estou aquí falseando nada.

Cando se di que en Oleiros se dan subvencións, a Lei recolle que se poden dar subvencións con carácter excepcional, e no caso de Oleiros démoslle ao Sáhara, aos mártires do Sáhara. Démoslle unha subvención para paliar a desgraza que están sufrindo, ese é un caso excepcional, e démoslle a un grupo de médicos galegos que van sandar nenos a Nicaragua, que nas súas vacacións se van a Nicaragua, os vinte días de vacacións ou trinta que teñen, e van sandar nenos a Nicaragua. Iso son casos excepcionais. O que non é excepcional é que apareza que os cartos provinciais, hoxe vai aquí un tema dunha asociación, que eu ao final votei a favor dese asunto e vou votar hoxe aquí, é unha asociación de veciños, pero di “os Populares de Narón colaboran na reparación da Pombiña”, quen colabora é a Deputación, non os Populares de Narón, quen colabora é a Deputación cos cartos da provincia, cos cartos dos cidadáns españois. Polo tanto, isto é o que hai que evitar, cando eu falo de clientelismo, isto é clientelismo descarado, está aquí, foi publicado nun medio de comunicación, que tampouco o improvisou eu.

Polo tanto, eu non veño aquí a mentir, eu o que quero é que cambien as cousas e, por tanto, por iso interveño e voto como creo que debo de facelo: en temas que son razón, dou o meu voto, en temas que non son, non se pode seguir con esta política na Deputación. Espero que non se siga porque os temas que estamos traendo, se me di por parte dos compañeiros do goberno que son temas que estaban

comprometidos, enténdoo, aínda que non o comprenda, para non crearlles problemas ás sociedades, pero hai que ir a programas, hai que ir a concorrncia pública que é o que demandan os cidadáns aquí en Galicia, na provincia da Coruña en concreto. Nada máis.

#### Sr. Calvo Pouso

Probablemente todo isto teña sentido en que algunha persoa que politicamente é moi traballadora e sabe os tempos que se aproximan, dirá “imos preparar o ambiente futuro deste ano que nos queda en relación coa Xunta e coas cousas que ten que dicir”. Non hai ningún problema, de verdade, aquí o tempo coloca a cada un no seu sitio, e pouco a pouco irase vendo quen é cada quen. Nada máis e moitas grazas, presidente.

#### Sr. Presidente

Respecto deste asunto, dicir que o uso das subvencións nominativas, para ser xusto e claro coa sociedade coruñesa, que é á que nos debemos, é un tema que non vén de onte, nin de hai un ano, nin dous, nin tres, nin catro, nin cinco, nin seis, nin oito, senón de moitísimo máis atrás; que é un modelo que eu estou convencido, polo que escoitamos aos noventa e tres alcaldes, é un modelo que todo o mundo quere superar. Este goberno, no acordo de goberno, temos un acordo para reducila á mínima expresión, puxemos un tope dun 5 %, pero estou convencido de que, dicíao agora Diego, do modelo ao que hai que ir e que está funcionando: os plans con criterios obxectivos, as subvencións en canto a temas, digamos de interpretación xurídica desa fórmula de asignación de recursos provinciais. É ben coñecida respecto da Intervención polas distintas corporacións que usaron ese modelo, cando veñen a Pleno, no Pleno digamos que se establece, se concreta, o interese provincial desas actuacións e, normalmente, como ben dicía Diego, eran aprobadas por unanimidade na maior parte dos casos. Polo tanto, o único do que si que creo que estamos convencidos todos que é un modelo que hai que ir superando, que outros funcionan mellor, que é máis previsible en canto a asignación de recursos e de presupostación, tanto na propia institución provincial como nos propios Concellos, e creo que ao final determina, salvando casos excepcionais, que para iso son as subvencións nominativas, determina en calquera caso un modelo máis xusto e que, sobre todo, evita ese tipo de discusións.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Marea Atlántica).

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor de PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica, a abstención de Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 25 de setembro de 2015.

2.- Aprobar o convenio coa Escudería Automovilística de Ferrol correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 20.000€, para financiar a realización do 46º Rally de Ferrol, cun orzamento subvencionado de 82.821,00 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Escudería Automovilística de Ferrol para financiar a realización do 46º Rally de Ferrol**

A Coruña,

**REUNIDOS**

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Pedro Amado López, presidente da Escudería Automovilística de Ferrol.

**MANIFESTAN**

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte

Que a Escudería Automovilística de Ferrol é unha entidade sen ánimo de lucro dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Escudería Automovilística de Ferrol coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes



## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a **Escudería Automovilística de Ferrol** (NIF: G15115660) para financiar a realización do **46º Rally de Ferrol**.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A **Escudería Automovilística de Ferrol** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Concepto	Importe
RFE de A. Licenza de concursante	600,00 €
FEVA. Cota anual	75,00 €
FGA. Licenza de concursante	600,00 €
Inscripción calendario 2015	7.340,00 €
Seguros	13.000,00 €
Cronometraxe	7.287,40 €
Vehículos "R" medicalizados	2.807,20 €
Instalacións equipos GPS en alugueiro	4.065,60 €
Trofeos e cerimonia	1.350,00 €
Carné de control, realización mapas , etc.,	1.200,00 €
Material de control (números, placas adhesivas)	3.800,00 €
Megafonía e iluminación cerimonia de saída	2.420,00 €
Material de seguridade, tramos	2.178,00 €
Servizos sanitarios, UVI, SVB, SVA	5.500,00 €
Combustible vehículos caravana	1.068,70 €
Liñas telefónicas	1.200,00 €
Aloxamento oficiais non residentes	6.373,00 €
Persoal guindastres	900,00 €
Renting Fotocopiadora	860,22 €
Montaxe de oficinas	2.500,00 €
Gastos de Imprenta	2.700,00 €

Oficiais seguridade tramos pro.civís	3.500,00 €
Oficiais comunicacións tramos	2.500,00 €
Alugueiro de instalacións	780,45 €
Material papelería	440,59 €
Persoal vixilancia e seguridade	1.287,14 €
Publicidade prensa e radio	1.778,70 €
Licenzas oficiais RFEdeA	2.500,00 €
Gastos varios secretaría	1.000,00 €
Asesoría xurídica	1.089,00 €
Correos e mensaxería	120,00 €
Total	82.821,00 €

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 24,15%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 24,15%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Escudería Automovilística de Ferrol**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas, nin coa **Escudería Automovilística de Ferrol** calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, á **Escudería Automovilística de Ferrol** deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a **Escudería Automovilística de Ferrol** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- Publicidade e financiamento provincial.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Escudería Automovilística de Ferrol**.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á **Escudería Automovilística de Ferrol** unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal da **Escudería Automovilística de Ferrol** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria con título "Fondos para atender a actividade **-46º Rally de Ferrol-**. Con cargo á dita conta deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematarán o día **31 de decembro de 2015**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a **Escudería Automovilística de Ferrol** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día **31 de maio de 2016**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á **Escudería Automovilística de Ferrol** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Escudería Automovilística de Ferrol** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 59.2ª das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Escudería Automovilística de Ferrol** na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda á **Escudería Automovilística de Ferrol**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

1. A **Escudería Automovilística de Ferrol** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1. A **Escudería Automovilística de Ferrol** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a **Escudería Automovilística de Ferrol** deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **Escudería Automovilística de Ferrol** poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. De igual forma, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Escudería Automovilística de Ferrol** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos

procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Escudería Automovilística de Ferrol** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. De igual forma, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Escudería Automovilística de Ferrol** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Logo da solicitude da **Escudería Automovilística de Ferrol** realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **Escudería Automovilística de Ferrol**.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **6.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB PRAIA DE PANTÍN PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DO CAMPIONATO PANTÍN CLASSIC GALICIA PRO 2015.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Marea Atlántica).

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor de PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica, a abstención de Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

**“1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 30 de setembro de 2015.

**2.-** Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Club Praia de Pantín correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización do campionato Pantín Classic Galicia Pro 2015 por importe de 75.000€, cun orzamento subvencionado de 96.539,04 €, de acordo co texto que se achega.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016 autorice o correspondente Orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o *Club Praia de Pantín* correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización do campionato *Pantín Classic Galicia Pro 2015*.**

A Coruña,

### **REUNIDOS**

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Miguel Ángel Galeiras Piñón, presidente do *Club Praia de Pantín*



## MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Club Praia de Pantín** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Praia de Pantín**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Praia de Pantín** (CIF:G70177910) para **financiar a realización do campionato Pantín Classic Galicia Pro 2015.**

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Club Praia de Pantín** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Premios evento Pantín classic	72.000,00 €
Operadores WSL (salarios de xuíces,cámaras, cámaras,comentaristas)	16.858,04 €
Licenza evento	4.000,00 €
Aloxamento persoal evento	3.681,00 €
<b>Total</b>	<b>96.539,04 €</b>

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **75.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **77,69%**. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que

represente o **77,69%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Club Praia de Pantín**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas, nin co **Club Praia de Pantín** calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, ao **Club Praia de Pantín** deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que o **Club Praia de Pantín** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- Publicidade e financiamento provincial.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Praia de Pantín**

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Praia de Pantín** unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do **Club Praia de Pantín** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria con título "Fondos para atender a actividade **-campionato Pantín Classic Galicia Pro 2015-**". Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematarán o día **31 de decembro de 2015**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o **Club Praia de Pantín** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día **31 de maio de 2016**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club Praia de Pantín** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Praia de Pantín** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 59.2ª das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase o mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Praia de Pantín** na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrasen o importe que lle corresponda ao **Club Praia de Pantín**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

1. O **Club Praia de Pantín** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1. O **Club Praia de Pantín** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Club Praia de Pantín** deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Praia de Pantín** poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Do mesmo xeito, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Praia de Pantín** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a

sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Praia de Pantín** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Do mesmo xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Praia de Pantín** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Logo da solicitude previa do **Club Praia de Pantín** realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do **Club Praia de Pantín**

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB DE TENIS DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS OBRAS DE EXECUCIÓN DA CUBERTA PARA PISTAS DE TENIS E PÁDEL.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Marea Atlántica).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 2 deputados (1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor de PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica, e as abstencións de Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 30 de setembro de 2015.

2.- Aprobar o convenio co Club de Tenis da Coruña correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 55.000€, para financiar as obras de execución da cuberta para pistas de tenis e pádel, cun orzamento subvencionado de 262.678,56 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016 autorice o correspondente Orzamento.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club de Tenis da Coruña correspondente á subvención nominativa concedida para financiar as obras de execución da cuberta para pistas de tenis e pádel.**

A Coruña,

**REUNIDOS**

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Dona María José del Castillo Puente, presidenta do **Club de Tenis da Coruña**

**MANIFESTAN**

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Club de Tenis da Coruña** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club de Tenis da Coruña**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **Club de Tenis da Coruña** NIF G15055288, para o financiamento **das obras de execución da cuberta para pistas de tenis e pádel**, tal como aparece definida esta no proxecto de execución, redactado por D. Francisco Barea Paz, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 23.977, que conta co informe favorable da Área de Acción Territorial desta Deputación provincial.

O **Club de Tenis da Coruña**, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.



## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M incluído (GG e BI)	217.089,72 €
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO :	45.588,84 €
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	262.678,56 €

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 55.000 €, o que representa unha porcentaxe de 20,94%.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 20,94 % cantidade efectivamente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/342/781, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

2. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao **Club de Tenis da Coruña** o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Con carácter previo á contratación, o **Club de Tenis da Coruña** deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o **Club de Tenis da Coruña** estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN.**

1. A achega da Deputación seralle aboada ao **Club de Tenis da Coruña** a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o **Club de Tenis da Coruña** deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación de obra subscripta polo técnico-director e polo contratista
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Do mesmo xeito, coa derradeira certificación de obra, deberase subministrar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da Propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención, polo menos, por un prazo de DEZ anos.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematarán o día **31 de decembro de 2015**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o **Club de Tenis da Coruña** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día **31 de maio de 2016**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club de Tenis da Coruña** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club de Tenis da Coruña** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 59.2ª das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club de Tenis da Coruña** na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrase o importe que lle corresponda ao **Club de Tenis da Coruña**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. O **Club de Tenis da Coruña** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. O **Club de Tenis da Coruña** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte impositivo a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Club de Tenis da Coruña** deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonante ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club de Tenis da Coruña** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. De igual xeito, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club de Tenis da Coruña** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a

sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club de Tenis da Coruña** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club de Tenis da Coruña** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Logo da solicitude previa do **Club de Tenis da Coruña** realizada, polo menos, dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do **Club de Tenis da Coruña**.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **8.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O HÓCKEY CLUB LICEO DA CORUÑA PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN NA LIGA OK E NA COPA DE EUROPA DE HÓCKEY NO ANO 2015.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Marea Atlántica).

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor de PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica, a abstención de Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de outubro de 2015.

2.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hóckey Club Liceo da Coruña correspondente á subvención nominativa concedida, por importe de 65.000€, para financiar a participación na OK liga e na Copa de Europa de Hóckey sobre patíns do ano 2015 cun orzamento subvencionado de 81.500 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hóckey Club Liceo da Coruña correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na OK liga e na Copa de Europa de Hóckey sobre patíns do ano 2015**

A Coruña,

## **REUNIDOS**

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Eduardo Lamas Sánchez, presidente do Hóckey Club Liceo da Coruña

## **MANIFESTAN**

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Hóckey Club Liceo da Coruña** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Hóckey Club Liceo da Coruña**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Hóckey Club Liceo da Coruña** (CIF:**G15075278**) para financiar **a participación na OK liga e na Copa de Europa de Hóckey sobre patíns do ano 2015**

## II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Hóckey Club Liceo da Coruña** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Desprazamentos e competicións (viaxes, estadias, traslados)	15.000,00€
Material deportivo (roupa, sticks, guantes, bolas, rodilleiras, etc.)	1.000,00 €
Técnicos deportivos (coordinador deportivo, outros profesionais)	8.000,00 €
Gastos federativos (gastos de xestión)	3.000,00 €
Gastos federativos (dereitos de participación)	9.000,00 €
Atencións médicas (seguros médicos, outros profesionais)	2.000,00 €
Gastos xerais e de administración	5.000,00 €
Gastos categorías inferiores (arbitraxes, desprazamentos, etc.)	2.500,00 €
Soldos e salarios (deportistas e técnicos)	36.000,00€
Total	81.500,00€

## III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **65.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 79,75%. No caso de que o gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,75%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.



5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Hóckey Club Liceo da Coruña**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas, nin co **Hóckey Club Liceo da Coruña** calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o **Hóckey Club Liceo da Coruña** deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que o **Hóckey Club Liceo da Coruña** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- Publicidade e financiamento provincial.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Hóckey Club Liceo da Coruña**.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada ao **Hóckey Club Liceo da Coruña** unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do **Hóckey Club Liceo da Coruña** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria con título "Fondos para atender a actividade -participación na OK liga e na Copa de Europa de Hóckey sobre patíns do ano 2015-. Con cargo á dita conta deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematarán o día **31 de decembro de 2015**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o **Hóckey Club Liceo da Coruña** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día **31 de maio de 2016**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Hóckey Club Liceo da Coruña** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Hóckey Club Liceo da Coruña** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 59.2ª das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Hóckey Club Liceo da Coruña** na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrasen o importe que lle

corresponda ao **Hóckey Club Liceo da Coruña**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

1. O **Hóckey Club Liceo da Coruña** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando para Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1. O **Hóckey Club Liceo da Coruña** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Hóckey Club Liceo da Coruña** deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Hóckey Club Liceo da Coruña** poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. De igual xeito, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Hóckey Club Liceo da Coruña** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Hóckey Club Liceo da Coruña** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Hóckey Club Liceo da Coruña** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Logo da solicitude do **Hóckey Club Liceo da Coruña** realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do **Hóckey Club Liceo da Coruña**.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**9.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB PATÍN CERCEDA PARA FINANCIAR O “MANTEMENTO DA ESTRUTURA DEPORTIVA DO CLUB NO ANO 2015”.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Marea Atlántica).

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor de PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica, a abstención de Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de outubro de 2015.

2.- Aprobar o convenio co Club Patín Cerceda correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 50.000 €, para financiar o mantemento da estrutura deportiva do club no ano 2015, cun orzamento subvencionado de 63.239,73 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo á existencia de crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Patín Cerceda correspondente á subvención nominativa concedida para *financiar* o mantemento da estrutura deportiva do club no ano 2015.**

A Coruña,

**REUNIDOS**

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Dona Isabel Bermúdez Castro, presidenta do Club Patín Cerceda

## MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Club Patín Cerceda** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Patín Cerceda**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Patín Cerceda** (CIF:G70215108) para **financiar o mantemento da estrutura deportiva do club no ano 2015**.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Club Patín Cerceda** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Nóminas de persoal	16.215,03 €
Material de imprenta e difusión	233,53 €
Gastos federativos	14.310,00 €
Transporte	32.290,16 €
Material deportivo	191,01 €
TOTAL	63.239,73 €

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000 €**, o que representa

unha porcentaxe do **79,06%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79,06%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Club Patín Cerceda**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas, nin co **Club Patín Cerceda** calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, ao **Club Patín Cerceda** deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o **Club Patín Cerceda** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.



## **V.- Publicidade e financiamento provincial.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Patín Cerceda**.

## **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Patín Cerceda** unha vez que se presente a seguinte documentación:

- .- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do **Club Patín Cerceda** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- .- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- .- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.
- .- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- .- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- .- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- .- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria con título "Fondos para atender a actividade **-mantemento da estrutura do club-**". Con cargo á dita conta deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.
- .- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematarán o día **31 de decembro de 2015**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o **Club Patín Cerceda** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día **31 de maio de 2016**.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club Patín Cerceda** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Patín Cerceda** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 59.2ª das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Patín Cerceda** na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda ao **Club Patín Cerceda**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

1. O **Club Patín Cerceda** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1. O **Club Patín Cerceda** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Club Patín Cerceda** deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Patín Cerceda** poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. De igual xeito, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Patín Cerceda** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres

meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Patín Cerceda** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Patín Cerceda** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Logo da solicitude do **Club Patín Cerceda** realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do **Club Patín Cerceda**.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **10. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CULTURAL ORQUESTA GAOS PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE CONCERTOS DO ANO 2014**

##### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Marea Atlántica).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 2 deputados (1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

##### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor de PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica, e as abstencións de Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, acorda:

“1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de setembro de 2015.

2. Aprobar o convenio coa Asociación Cultural Orquesta Gaos correspondente á subvención nominativa, por importe de 10 000 €, concedida para financiar o Programa de concertos do ano 2014, cun orzamento subvencionado de 15 959,89 €, de acordo co texto que se achega.

### **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Orquesta Gaos para financiar o Programa de concertos do ano 2014**

Na Coruña,

#### **REÚNENSE**

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia núm. 15671/2015 e núm. 16642/2015, polas que se delega nel a competencia para asinar convenios da súa área.

D. Marcos Seoane Vilariño, presidente da Asociación Cultural Orquesta Gaos.

#### **EXPOÑEN**

1.- Que o 20 de xaneiro de 2010 e, ao amparo do disposto na Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, foi constituída a Asociación Cultural Orquesta Gaos como unha asociación de carácter cultural musical, sen ánimo de lucro, cuxos fins principais son: a cultura musical e as súas relacións coas demais artes e ser o impulsor principal da Orquesta Gaos e dos seus principios.

Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar concertos, cursos, conferencias, exposicións ou seminarios.

2. Que de conformidade co artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3. Que, no exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuir ao patrocinio da realización dun ciclo de concertos da Orquesta Gaos na cidade da Coruña, co obxectivo de apoiar aos artistas autóctonos e estimular a produción feita en Galicia.

4. Que co obxecto de facer efectiva a súa colaboración ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

#### **CLÁUSULAS**

##### **I. Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Orquesta Gaos (CIF

70233424-G) que rexen as condicións reguladoras da subvención nominativa concedida para financiar o Programa de concertos do ano 2014.

Estes concertos tiveron lugar na cidade da Coruña entre os meses de marzo e outubro, de acordo co seguinte:

- 4 de marzo, no Teatro Colón: Orquesta Gaos con Zoar Ensemble (quinteto).
- 13 de abril, no Teatro Colón,: Orquesta Gaos con Javier Cedrón (violinista).
- 4 de maio, no Pazo da Ópera da Coruña: Orquesta Gaos con Borja Quiza (barítono).
- 26 de xuño, no Teatro Colón: Orquesta Gaos con Jesús Porta(percusionista).
- 6 de outubro, no Teatro Colón: Orquesta Gaos con Rosalía Gómez (pianista).

## **II. Orzamento de gastos da actividade que realizará a Asociación Cultural Orquesta Gaos**

A Asociación Cultural Orquesta Gaos desenvolveu as actividades segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Aluguer partituras	1.207,64 €
Material de imprenta e difusión	2.647,90 €
Grabacións	3.500,00 €
Prosegur	1.220,34 €
Transporte de instrumentos	1.464,00 €
Axudas de custo e desprazamentos	5.558,41 €
Aloxamento	168,00 €
Azafatas	193,60 €
Total de gastos	15 959,89 €

## **III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 10 000 euros, o que representa unha porcentaxe do 62,65 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, para o cal terá que acreditar a entidade beneficiaria ter consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 62,65 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e a entidade perderá o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334.3/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo,, sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Orquesta Gaos obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV. Contratación da execución**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Cultural Orquesta Gaos.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Asociación Cultural Orquesta Gaos, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18 000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e, no caso de que a elección non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberase xustificar expresamente nunha memoria.

#### **V. Publicidade do financiamento provincial**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural Orquesta Gaos.

#### **VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Cultural Orquesta Gaos unha vez que presente a seguinte documentación:

- \* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Cultural Orquesta Gaos.



- \* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, as datas de pagamento, así como as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente aos concertos sinalados na cláusula primeira.

- \* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- \* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- \* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- \* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- \* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1. As actividades que constitúen o obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar realizadas na súa totalidade no ano 2014.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da sinatura do convenio e sempre antes da finalización do período de vixencia establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Cultural Orquesta Gaos para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional

non eximirá a Asociación Cultural Orquesta Gaos da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Orquesta Gaos na documentación achegada.

Se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural Orquesta Gaos terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**

1. A Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá acreditar, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, para o que poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. A Asociación Cultural Orquesta Gaos destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Orquesta Gaos poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Alén diso, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural Orquesta Gaos queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a el aplicaráselle o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

## **XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da Asociación Cultural Orquesta Gaos seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Orquesta Gaos será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 30 de decembro de 2015, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán ser realizadas dende o 1 de xaneiro de 2014.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E, en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **11. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE BOIRO PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO CENTRO ARQUEOLÓXICO DO BARBANZA DO ANO 2015**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 28 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor de PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 30 de setembro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Concello de Boiro correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000 euros, concedida para financiar o Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza do ano 2015, cun orzamento subvencionado de 40.823,38 euros, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que, para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

### **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro para financiar o Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza do ano 2015**

Na Coruña,

### **REUNIDOS**

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia num. 15671/2015 e num. 16642/2015, polas que se delega nel a competencia para asinar convenios da súa área.

D. Juan José Dieste Ortigueira, alcalde-presidente do Concello de Boiro, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen, con capacidade legal necesaria e

## **EXPOÑEN**

A Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, establece a obriga dos concellos de protexeren, defenderen, realzaren e daren a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen no seu termo municipal.

Así mesmo, a devandita lei establece a cooperacion das institucións públicas de Galicia para a consecución dos fins previstos nela.

As deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal e os concellos teñen como competencia propia a promoción da cultura e equipamentos culturais.

De conformidade co anterior, o Concello de Boiro ten previsto un programa de actividades no Centro Arqueolóxico do Barbanza, co obxectivo de dinamizar e dar a coñecer o Centro e o seu entorno ofrecendo unha oferta no eido do patrimonio cultural singular e innovadora, nomeadamente no patrimonio arqueolóxico, que distinga o Centro no marco do panorama autonómico en termos de imaxe e de proxección exterior.

De conformidade coa Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, que establece no art. 109 como competencia propia das deputacións a asistencia aos concellos e o fomento dos intereses peculiares da provincia e mais no art. 118.b), a conservación de monumentos históricos e, co obxecto de establecer as condicións da súa colaboración, a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **I. Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro (CIF P1501100J) para financiaren o Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza do ano 2015, no que se inclúen as seguintes:

- \* IX Encontro Arqueolóxico do Barbanza, que terá lugar na Casa da Cultura Ramón Martínez López os días 28 de febreiro e 1 de marzo.
- \* Visitas guiadas a áreas arqueolóxicas, os días 7 e 8 de marzo.
- \* Edición e publicación das vídeo-actas do VIII e IX Encontro Arqueolóxico do Barbanza.
- \* Curso de arqueoloxía práctica no Barbanza, edición 2015: Intervención arqueolóxica nos castros de Neixón e na Serra do Barbanza, durante os meses de xullo e agosto.
- \* Obradoiro experimental: a redución do mineral de ferro, dos días 1 ao 10 de maio.

\* Ruta das mámoas, os días 8 e 22 de agosto.

## II. Orzamento de gastos da actividade que realizará o Concello de Boiro

O Concello de Boiro desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<i>IX Encontro arqueolóxico do Barbanza</i>	
Gravación relatorios en directo HD	750,00 €
Desprazamentos relatores alleos	910,00 €
Alugueiro medios técnicos	5.519,75 €
Gastos relatores (concepto relator e desprazamentos)	4.948,23 €
<i>Subtotal:</i>	<i>12.127,98 €</i>
 <i>Visitas guiadas a áreas arqueolóxicas</i>	
Desprazamentos	399,00 €
<i>Subtotal:</i>	<i>399,00 €</i>
 <i>Vídeo-actas</i>	
Edición e publicación	4.539,00 €
<i>Subtotal:</i>	<i>4.539,00 €</i>
 <i>Curso Intervención arqueolóxica nos Castros de Neixón e Serra Barbanza</i>	
Materiais funxibles	952,00 €
Bolsa Feuga	1.600,00 €
Equipo técnico (axudante dirección, debuxante, arqueólogos de campo)	8.865,40 €
Coordinación científica	3.200,00 €
Xestión de terras	1.200,00 €
Estudos específicos	2.800,00 €
Alugueiro de equipos	1.550,00 €
Alugueiro transporte (traslado equipos e alumnado )	2.150,00 €
Combustible vehículos alugueiro (transporte alumnos)	450,00 €
<i>Subtotal:</i>	<i>22.767,40 €</i>
 <i>Obradoiro experimental</i>	
Materiais funxibles	850,00 €
<i>Subtotal:</i>	<i>850,00 €</i>
 <i>Ruta das mámoas</i>	
Desprazamentos	140,00 €
<i>Subtotal:</i>	<i>140,00 €</i>
 <b>Total:</b>	 <b>40 823,38 €</b>

### **III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000 euros, o que representa unha porcentaxe do 48,991 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos e terá que acreditar o concello beneficiario que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 48,991 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3331/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo,, sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Boiro obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV. Contratación e execución**

1. Corresponderalle ao Concello de Boiro o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Boiro axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

### **V. Publicidade do financiamento provincial**

1. O Concello de Boiro comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza e tamén na súa páxina web.



2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Boiro.

## **VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1. A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Boiro do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50 % da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (48,991 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

- \* Certificación dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministros, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.
- \* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- \* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- \* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*Segundo prazo*, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pagamento, de acordo co importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

- \* Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.
- \* Certificación expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (núm. de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pagamento.
- \* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente. Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.
- \* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou,

pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

- \* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- \* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.
- \* Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2. No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pagamento efectivo a terceiros.

3. Se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, o Concello de Boiro terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Boiro deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Boiro para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de Boiro da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56<sup>a</sup>.6<sup>o</sup> das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

### **VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación**

1. O Concello de Boiro deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. O Concello de Boiro destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

### **X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Boiro poderá ser escolleio pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Alén diso, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Boiro queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (RD 887/2006, do 21 de xullo) e daráselle, en todo caso, audiencia ao interesado ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a el aplicaráselle o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

## **XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Boiro seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Boiro será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

2. Previa solicitude do Concello de Boiro, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións e nomeados polo presidente da Deputación e polo Concello de Boiro, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E, en proba de conformidade, asinano por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **12. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA REAL ACADEMIA GALEGA PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DO ANO 2015**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por

entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 8 de outubro de 2015.

Así mesmo, exceptuar a limitación establecida na base 50ª.5, polo que se refire á porcentaxe de financiamento da actividade, que no presente expediente se fixa no 99,70 % dos gastos.

2. Concederlle á Real Academia Galega unha subvención nominativa por importe de 30.000,00 euros, para financiar as actividades do ano 2015, cun orzamento de 30.090,00 euros.

3. Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega.

4. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2016 autorice o correspondente orzamento.

### **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega para financiar as actividades do ano 2015.**

Na Coruña,

#### **REUNIDOS**

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia núm. 15671/2015 e núm. 16642/2015, polas que se delega nel a competencia para asinar convenios da súa área.

D. Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

#### **EXPOÑEN**

1. A Real Academia Galega é unha institución científica, con personalidade xurídica propia, que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e, nomeadamente, a ilustración, a defensa e a promoción do idioma galego, tal e como consta nos estatutos vixentes, aprobados por Real Decreto 271/2000, do 25 de febreiro.

2. De conformidade co artigo 2 dos Estatutos, son finalidades da Real Academia Galega:

a) Establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega, conforme ao disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística en Galicia, do Parlamento de Galicia.

- b) Estudar e propoñer a restauración da onomástica galega.
  - c) Velar polos dereitos do idioma galego.
  - d) Defender e promover o idioma galego.
  - e) Asesorar os poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social.
  - f) Estudar e dar a coñecer o patrimonio literario e documental da institución.
  - g) Decidir a personalidade literaria á que cada ano se lle dedica o Día das Letras Galegas.
3. Que de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.
4. Que en exercicio destas competencias a Deputación da Coruña considera de interese as actividades que desenvolve a Real Academia Galega e que, en tal sentido, no orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada a financiar as actividades do ano 2015.
5. Que co obxecto de facer efectiva a súa colaboración ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **I. Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega (Q1568003F) para financiar as actividades do ano 2015, que se indican a continuación:

- \* XXVIII Cursos de verán de lingua e cultura galega para persoas de fóra de Galicia: do 1 ao 20 de xullo de 2015.
- \* Elaboración do proxecto “A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística en Galicia (1992-2013)”: 29 de maio de 2015.
- \* Edición do *Boletín da Real Academia Galega*, núm. 374: 30 de xuño de 2015.

### **II. Orzamento de gastos da actividade que realizará a entidade beneficiaria**

A Real Academia Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

\* XXVIII Cursos de verán de lingua e cultura galega para persoas de fóra de Galicia:

26 bolsas de estudos (350 € cada unha delas)	9100 €
Profesorado	9950 €
Secretaría	2200 €
Conferencias	900 €
Axudas de custo	300 €
Subministros	750 €
Fotocopias e papelería	600 €
Gratificacións	400 €
Transportes e guía	660 €
Total:	24 860 €

– Elaboración do proxecto “A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística en Galicia (1992-2013)”.

Honorarios: 2430 €.

– Edición do *Boletín da Real Academia Galega*, núm. 374.

300 exemplares: 2800 €

*Total gastos:* 30 090 €

### **III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30 000 euros, o que representa unha porcentaxe do 99,70 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria deberá acreditar que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 99,70 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo,, sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega obteña para a mesma



finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV. Contratación da execución**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia Galega, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18 000 euros, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha, de acordo con criterios de eficiencia e economía, e xustificar expresamente nunha memoria a elección cando a devandita contratación non recaia sobre a máis vantaxosa economicamente.

#### **V. Publicidade do financiamento provincial**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega.

#### **VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

A achega da Deputación seralle aboada á Real Academia Galega unha vez que presente a seguinte documentación:

- \* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Real Academia Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- \* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, as datas de pagamento, así como as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias

compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña. Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

- \* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- \* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- \* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- \* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- \* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia Galega para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Real Academia Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55<sup>a</sup>.6<sup>o</sup> das de execución do orzamento da Deputación lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega na documentación achegada.

Se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese

legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**

1. A Real Academia Galega deberá acreditar, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, para o que poderá autorizar á Deputación a obter telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. A Real Academia Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Alén diso, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de

axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a el aplicaráselle o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 55<sup>a</sup>.6<sup>o</sup> das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

## **XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade contemplada no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán ser realizadas dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que, para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

2. Previa solicitude da Real Academia Galega, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do servizo de contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos devanditos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E, en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **13. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN ORTEGALIA PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DO ANO 2015**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Marea Atlántica).

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)  
Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor de PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica, a abstención de Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de outubro de 2015.

2. Aprobar o convenio coa Fundación Ortegalia correspondente á subvención nominativa, por importe de 55.000 euros, concedida para financiar as Actividades do ano 2015, cun orzamento subvencionado de 85.000 euros, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que, para o exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

### **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Ortegalia para financiar Actividades do ano 2015**

Na Coruña, a

### **REUNIDOS**

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia núm. 15671/2015 e núm. 16642/2015, polas que se delega nel a competencia para asinar convenios da súa área.

D. Juan Vicente Penabad Muras, presidente da Fundación Ortegalia.

Ambas as partes, no nome e na representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

### **EXPOÑEN**

1. A Fundación Ortegalia foi constituída, baixo o nome de Fundación Federico Maciñeira, en escritura outorgada o 24 de abril de 2000, e declarada de interese galego pola Orde do 12 de maio de 2000 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

2. De conformidade co art. 6º dos estatutos, a Fundación ten como fins primordiais, entre outros:

- \* Promover a protección e recuperación do patrimonio histórico, monumental e cultural.
- \* Promover programas de desenvolvemento rural baseados na posta en valor dos recursos culturais e naturais mediante o desenvolvemento dun turismo de calidade.
- \* Incentivar o estudo, a investigación e a innovación no ámbito do patrimonio cultural.
- \* Realizar programas de investigación, cursos, seminarios e conferencias de interese para o fomento do patrimonio cultural.
- \* En xeral, calquera actuación dirixida á promoción da cultura do medio rural e do medio ambiente en todos os seus aspectos e manifestacións.

3. Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia lles atribúen ás deputacións competencias no fomento e na administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Alén diso, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das Administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

4. Que, no exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento das actividades da Fundación para o ano 2015 e que, en tal sentido, no orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

5. Que, co obxecto de faceren efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Ortegalia (NIF G15739063) para financiar Actividades do ano 2015, cos seguintes programas:

*Ortegalia á túa medida.* Actividades no Museos de Ortegalia, muíños de vento e mareas, información turística, Centro Bandeira Azul, visitas guiadas.

*Toponimia do concello de Ortigueira.* Busca de informantes, recollida de datos e traslado ao Sistema de Información Xeográfica.

*Centro de documentación.* Catalogación de fondos, intercambio de publicacións e servizo de préstamo.

*Investigación sobre o muíño de Plantío.* Transcrición de entrevistas, procura de informantes e fotografía e gravación do seu funcionamento.

*Exposicións temporais.* Exposicións de fotografía, de medio ambiente, aves, postais, etc.

*Actividades formativas e divulgativas.* Xornadas de protección do medio ambiente, Festa dos Maios, conferencias sobre etnografía, Día das Letras Galegas, concursos etc.

## **II. Orzamento de gastos da actividade que realizará a entidade beneficiaria**

A Fundación Ortegalia desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Profesorados, invitados e especialistas e servizos exteriores	7.200,00 €
Traslados: gasolina e gastos	200,00 €
Primas de seguros	1.200,00 €
Mantemento de obradoiros e espazos e montaxes expositivas	6.800,00 €
Dirección, coordinación, secretariado, xestión da Fundación 63	101,42 €
Material funxible, didáctico e publicitario	1.118,58 €
Outros gastos: correos, taxas	280,00 €
Premios	600,00 €
Subministrados e telefonía	4.500,00 €
<i>Total</i>	<i>85.000,00 €</i>

## **III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 55 000 €, o que representa unha porcentaxe do 64,706 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria acreditará que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 64,706 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/480, na que a Intervención provincial ten certificado que



existe crédito abondo, sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Ortegalia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV. Contratación da execución.**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Ortegalia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Fundación Ortegalia, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18 000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Ortegalia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e, no caso de que a elección non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberase xustificar expresamente nunha memoria.

#### **V. Publicidade do financiamento provincial**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Ortegalia.

#### **VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Ortegalia unha vez que presente a seguinte documentación:

- \* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Ortegalia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- \* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de

pagamento, así como as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

- \* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- \* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- \* Declaración da presidencia da entidade sobre outras subvencións solicitadas e/ou concedidas por entidades públicas e/ou privadas para o mesmo obxecto ou, no seu caso, declaración da inexistencia doutras subvencións.
- \* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- \* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Ortegalia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Ortegalia para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Fundación Ortegalia da sanción que, de conformidade co disposto na

Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Ortegalia.

Se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Fundación Ortegalia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**

1. A Fundación Ortegalia deberá acreditar, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, para o que poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. A Fundación Ortegalia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Ortegalia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Ortegalia poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que

foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Alén diso, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Ortegalia queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (RD 887/2006, do 21 de xullo) e daráselle, en todo caso, audiencia ao interesado ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a el aplicaráselle o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56<sup>a</sup>.6<sup>o</sup> das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

## **XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Ortegalia seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa

exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Ortegalia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán ser realizadas dende o 1 de xaneiro de 2015.

2. Previa solicitude da Fundación Ortegalia, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E, en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **14. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA SOCIEDADE CULTURAL E RECREATIVA A POMBIÑA PARA FINANCIAR AS OBRAS DE REPARACIÓN DO FALSO TEITO E INSTALACIÓN DE ALUMEADO NO LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de outubro de 2015.

2. Aprobar o convenio coa Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña correspondente á subvención nominativa, por importe de 25 377,56 €, concedida para financiar as obras de reparación de falso teito e instalación de alumeado no local social da Asociación, no ano 2014, cun orzamento de 31 721,20 €, de acordo co texto que se achega.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña para financiar as obras de reparación de falso teito e instalación de alumeado no local social da Asociación, no ano 2014**

Na Coruña,

#### **REUNIDOS**

Don Xosé Regueira Varela, deputado e presidente da Comisión de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia números 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa area.

Dona Lucía Torrente Saavedra, presidenta da Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña.

Actúan ambos os dous no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan e recoñécense reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

#### **MANIFESTAN**

1. Que a Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña é titular do edificio no que se atopa a súa sede, un local de 365 m<sup>2</sup> constituído por unha estrutura con muros de

cerramento de dobre tabique e por un falso teito de escaiola que sufriu varios derrubamentos e que evidencia numerosas gretas e fisuras amenazando un inminente colapso, que conta ademais cunha instalación de alumeado carente de seguridade.

2. Que a Deputación Provincial da Coruña, entre cuxas competencias se atopan o fomento da actividade cultural e o apoio ás entidades culturais da provincia, considera de importancia para a veciñanza do rural as actividades sociais e culturais que se desenvolven no centro referido e das que se beneficia unha ampla zona do territorio.

3. Que, coa finalidade de que as instalacións do mencionado centro sexan o mais axeitadas posible para a realización das actividades culturais, sociais e recreativas previstas e coa vontade de profundizar na mellora das instalacións e na súa adecuación ao fin para as que se levan a cabo, a entidade realizou no local mencionado as obras necesarias.

4. Que a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña coinciden no interese de mellorar a instalación referida, por medio da execución das obras precisas para os fins sinalados no apartado primeiro do presente convenio.

Por todo o exposto ambas as entidades

### **ACORDAN**

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

### **CLÁUSULAS**

#### **I. Obxecto**

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña para financiar a reposición de falso teito e alumeado no local social, tal como se define no proxecto de execución redactado por José María Saavedra Pantín, arquitecto técnico colexiado núm. 978 do COAAT AC.

O dito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da Deputación e conta co seu informe favorable.

A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a normativa de desenvolvemento.

#### **II. Orzamento de gastos da actividade que realizará a Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña**

Falso teito	15 256,93 €
Alumeado	10 278,00 €
Seguridade e saúde	446,94 €

Xestión de residuos	234,00 €
IVE 21%	5 505,33 €
<i>Total orzamento</i>	<i>31 721,20 €</i>

### **III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento das obras aprobadas, tal como se definen na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.377,56 euros, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devindicados pola obtención de licenzas, honorarios pola dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc.

Tampoco serán financiados os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo, sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV. Contratación da execución**

1. Na súa condición de promotora, correspóndelle á Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula segunda.



2. Con carácter previo á contratación, a entidade solicitou tres orzamentos a distintos construtores para os efectos de elixir un deles de acordo con criterios de eficiencia e economía.

#### **V. Publicidade do financiamento provincial**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña estará obrigada a colocar un cartel visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros e no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

#### **VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

A achega da Deputación seralle aboada á Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña a medida que se expidan as correspondentes certificacións de obra e aplicárase sobre o seu importe a porcentaxe de financiamento.

Para tal efecto, a Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña deberá achegar a seguinte documentación:

- \* Copia do contrato formalizado.
- \* Certificación de obra subscrita polo persoal técnico-director e polo/a contratista, así como relación valorada.
- \* Factura expedida polo/a contratista, quen no caso de que presentar unha copia compulsada, deberá estender con carácter previo unha dilixencia sobre o orixinal na que deixar constancia de que se presentou como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- \* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- \* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- \* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- \* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- \* Alén disto, coa derradeira certificación de obra, achegárase a acta de recepción e acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante fotografías dilixenciadas no reverso e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da Propiedade na que se deixe constancia do

financiamento provincial e da afectación do inmobile á finalidade para a que foi concedida a subvención, cando menos por un prazo de 10 anos.

## **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula segunda, foron rematadas, tal como se manifesta na documentación que figura no expediente, en data **30 de abril de 2014**.

2. A Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 novembro de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación neste prazo excepcional implicará a perda da subvención, así como as demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña na documentación achegada.

Se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivese cobrado o importe que lle corresponda, a terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**

1. A Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña deberá acreditar, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, para o cal poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. A Sociedade Cultural e Deportiva A Pombiña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábles que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Alén diso, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a el aplicaráselle o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación o atraso no prazo de xustificación da subvención será obxecto das seguintes sancións: se non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

## **XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 30 novembro de 2015 e terá efectos retroactivos, polo que as obras contempladas nel poderán ser realizadas dende o 1 de febreiro de 2014.

Esta vixencia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2. Previa solicitude da Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

En ningún caso poderá modificarse o convenio variando sustancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E, en proba de conformidade, asinano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **15. APROBACIÓN DO CONVENIO COA UNIVERSIDADE INTERNACIONAL MENÉNDEZ PELAYO PARA FINANCIAR OS CURSOS DE VERÁN NA SEDE DA CORUÑA NO ANO 2015**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de outubro de 2015.

2. Aprobar o convenio coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo correspondente á subvención nominativa, por importe de 100 000 €, concedida para financiar os Cursos de Verán na sede da Coruña no ano 2015, cun orzamento subvencionado de 180 543 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que, para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os Cursos de Verán na sede da Coruña no ano 2015**

Na Coruña,

**REUNIDOS**

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia núm. 15671/2015 e núm. 16642/2015, polas que se delega nel a competencia para asinar convenios da súa área.

D. César Nombela Cano, reitor magnífico da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, no seu nome e representación.

**EXPOÑEN**

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación suscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña ven colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Pleno da Deputación, aprobou incluír no orzamento do ano 2015 unha subvención nominativa para o financiamento dos cursos na sede da Coruña.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as dúas partes, a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**I. Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo (NIF Q2818022B) para financiaren os Cursos de Verán na sede da Coruña no ano 2015 de acordo co seguinte programa:

*La atención centrada en la persona en la enfermedad de Alzheimer*  
A Coruña - 9 ao 11 de xuño  
*Neuromarketing*  
A Coruña - 10 ao 12 de xuño  
*Ribeira Sacra: candidata a patrimonio mundial*  
Santiago - 15 ao 18 xuño  
*La literatura de la ciencia*

A Coruña - 22 e 23 de xuño  
*Asesoría jurídica empresarial*  
 A Coruña – 6 ao 8 de xuño  
*Moda y arte*  
 A Coruña -15 e 17 de xullo  
*Criminología y psicología jurídica*  
 Ribeira - 15 ao 17 de xullo  
*Adolescentes y padres en conflicto*  
 Ribeira - 20 ao 22 de xullo  
*Eduardo Pondal no cincuentenario do Día das Letras Galegas*  
 Ponteceso - 20 ao 24 de xullo  
*Criminalística y ciencias forenses: la puesta en escena*  
 A Coruña - 21 ao 23 de setembro

*El régimen jurídico del personal del SUE y del SECTI: a estudio*  
 A Coruña - 24 ao 25 setembro  
*Comunicación integral en medicina*  
 A Coruña - 28 de setembro ao 2 de outubro  
*Miradas futuras a los espacios del arte*  
 A Coruña - 30 de setembro ao 2 outubro  
*La protección jurídico-civil*  
 A Coruña – 7 ao 9 de outubro  
*Perspectiva jurídica en el sector agrario*  
 A Coruña – 21 ao 23 de outubro  
*Novedades del derecho sanitario*  
 A Coruña – 28 ao 30 de outubro

Este programa poderá ter variacións que lle deberán ser comunicadas previamente á Deputación Provincial da Coruña.

## **II. Orzamento da actividade que realizará a entidade beneficiaria**

As actividades realízanse de acordo co seguinte orzamento:

### **Gastos**

#### *Directos:*

Honorarios do profesorado	79 060 €
Aloxamento e manutención	22 900 €
Viaxes do profesorado	41 220 €
Tradución simultánea, autobuses	2500 €
Publicidade, difusión e gabinete de prensa	10 183 €
Reprografía e material	2270 €
Outros gastos	1640 €
Total directos:	159 773 €

#### *Indirectos:*

Comunicacións (telefónicas, postais etc)	1300 €
Limpieza	2 700 €
Persoal actividades	16 770 €
Total indirectos:	20 770 €

*Total gastos* 180 543 €

Ingresos:

Concello da Coruña	9600 €
Consellería de Educación	20 000 €
Ingresos previstos por matrículas	12 500 €
<i>Total ingresos</i>	<i>42 100 €</i>

**III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 100 000 €, o que representa unha porcentaxe do 55,388 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria acreditará que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 55,388 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo, sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV. Contratación da execución**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade Internacional Menéndez Pelayo.



Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Universidade Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18 000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e, no caso de que a elección non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberase xustificar expresamente nunha memoria.

## **V. Publicidade do financiamento provincial**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

## **VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

A achega da Deputación seralle aboada á Universidade Internacional Menéndez Pelayo unha vez que presente a seguinte documentación:

- \* Memoria de actuación, subscrita pola persoa responsable da sede da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- \* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento, así como as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

- \* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- \* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- \* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- \* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- \* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015.
2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade Internacional Menéndez Pelayo para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Universidade Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56<sup>a</sup>.6<sup>o</sup> das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo na documentación achegada. Se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**

1. A Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa

Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, para o que poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. A Universidade Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Alén diso, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día

no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a el aplicaráselle o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56<sup>a</sup>.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

## **XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade Internacional Menéndez Pelayo seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán ser realizadas dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que, para o exercicio de 2016 autorice o correspondente orzamento.

2. Previa solicitude da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E, en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **16. APROBACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DO ANO 2015**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da

subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 16 de outubro de 2015.

2. Aprobar o convenio coa Fundación Rosalía de Castro correspondente á subvención nominativa, por importe de 20 000 €, concedida para financiar as Actividades do ano 2015, cun orzamento subvencionado de 25 000 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que, para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

### **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Rosalía de Castro para financiar as Actividades do ano 2015**

Na Coruña,

#### **REUNIDOS**

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia núm. 15671/2015 e núm. 16642/2015, polas que se delega nel a competencia para asinar convenios da súa área.

D. Anxo Angueira Viturro, presidente da Fundación Rosalía de Castro.

Ambas as partes, no nome e na representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

#### **EXPOÑEN**

1. A Fundación Rosalía de Castro é unha fundación cultural de interese galego, con personalidade xurídica propia, cuxos estatutos foron aprobados na reunión do Plenario celebrado o día 19 de novembro de 2008 e entraron en vigor o 10 de novembro de 2009.

2. De conformidade co art. 6º dos estatutos, os fins da Fundación son os seguintes:

Fomentar o coñecemento e a conservación da memoria de Rosalía de Castro, do seu esposo Manuel Martínez Murguía e dos seus fillos e promover o estudo, a edición e a divulgación da súa vida e obra, da Galicia do seu tempo e da súa influencia posterior a través do Centro de Estudos Rosalíanos, que ten a mesma sede que a Fundación.

Conservar a Casa onde viviu e morreu Rosalía de Castro, a súa horta e xardín e os demais edificios que compoñen o conxunto da Casa- Museo de Rosalía, situada na Matanza, concello de Padrón (A Coruña).

Conservar e ampliar o conxunto dos mobles, pertenzas e recordos persoais de Rosalía; conservar e ampliar a biblioteca, mobiliario, ofrendas e demais obxectos relacionados con Rosalía; e dispoñelos da mellor maneira para que poidan ser contemplados e estudados por todas aquelas persoas que o desexen.

Coidar do Mausoleo de Rosalía, situado na Igrexa de San Domingos de Bonaval en Santiago de Compostela, e do campío que acubillou antes o seu corpo no Cemiterio da Adina, en Iria Flavia (Padrón, A Coruña).

Celebrar actos públicos, cando menos, nas datas conmemorativas de Rosalía: 24 de febreiro, 17 de maio e 15 de xullo.

Fomentar e difundir a lingua e a cultura galegas.

3. Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia lles atribúen ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Tamén a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, establece a colaboración das Administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

4. Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento das actividades da fundación para o ano 2015 e, en tal sentido, no orzamento correspondente do presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

5. Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Rosalía de Castro (NIF G15040850) para financiar as Actividades do ano 2015, co obxecto de continuar coa labor de difusión da vida e obra de Rosalía nos grupos de escolares, asociacións, terceira idade e outros colectivos, que cada ano visitan a Casa Museo da escritora.

Esta actividade lévase a cabo a través das seguintes actuacións:

- As visitas guiadas na Casa Museo, seguidas dunha proxección audiovisual no auditorio da Fundación sobre a importancia da escritora e do agasallo dunha publicación da Fundación aos asistentes.
- Os recitais, concertos e conferencias realizados ao longo do ano, de entrada libre para todos os públicos.

### II. Orzamento de gastos da actividade que realizará a entidade beneficiaria

A Fundación Rosalía de Castro desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Impresión de carteis, folletos, material divulgativo, libros	1705,00 €
--	-----------

Gastos de persoal da Fundación (correspondentes ao 50 %  
do tempo que dúas traballadoras lle dedican á actividade) 23 295,00 €  
*Total: 25 000,00 €*

### **III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20 000 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria acreditará que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo, sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Rosalía de Castro obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV. Contratación da execución**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Rosalía de Castro.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Rosalía de Castro, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18 000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Rosalía de Castro deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e, no caso de que a elección non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberase xustificar expresamente nunha memoria.

## **V. Publicidade do financiamento provincial**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Rosalía de Castro.

## **VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Rosalía de Castro unha vez que presente a seguinte documentación:

- \* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Rosalía de Castro, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- \* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, as datas de pagamento, así como as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

- \* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- \* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- \* Declaración da presidencia da entidade sobre outras subvencións solicitadas e/ou concedidas por entidades públicas e/ou privadas para o mesmo obxecto ou, no seu caso, declaración da inexistencia doutras subvencións.

- \* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- \* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Rosalía de Castro deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Rosalía de Castro para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Fundación Rosalía de Castro da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56<sup>a</sup>.6<sup>o</sup> das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Rosalía de Castro na documentación achegada.

Se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Fundación Rosalía de Castro terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**

1. A Fundación Rosalía de Castro deberá acreditar, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, para o que poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. A Fundación Rosalía de Castro destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Rosalía de Castro deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Rosalía de Castro poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Alén diso, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Rosalía de Castro queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (RD 887/2006, do 21 de xullo) e daráselle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a el aplicaráselle o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56<sup>a</sup>.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

## **XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Rosalía de Castro seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Rosalía de Castro será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán ser realizadas dende o 1 de xaneiro de 2015.

2. Previa solicitude da Fundación Rosalía de Castro, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E, en proba de conformidade, asinano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **17. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E COMITÉ CIADÁN ANTI-SIDA (CASCO) PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DA REDE DE PISOS DE ACOLLIDA E ATENCIÓN A PERSOAS SEROPOSITIVAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL ANO 2015**

#### INTERVENCIÓNS

Sr. Díaz Grandío

Obviamente anunciamos o noso voto a favor da aprobación deste convenio, como non podía ser doutro xeito, e apoiamos tamén o aumento das partidas que se reflicten con respecto ao ano anterior. Queriamos aproveitar simplemente esta

quenda de palabra para dignificar o labor deste colectivo que leva moitos anos traballando na prevención e na concienciación sobre esta enfermidade e loitando contra o estigma que lle se atribúe. Tamén, só lembrar que a Casco acompañado dese labor, ese mencionado traballo de acompañamento ás persoas afectadas por esta enfermidade, o piso de acollida e o chamado tamén punto de calor, sumáselle tamén o seu traballo en centros penitenciarios. Por todo isto, recibimos con agrado este aumento de partidas que cremos que é xustificado, é necesario, tras os anos de maltrato sufridos por este colectivo, entre outros colectivos implicados na prevención da SIDA, por parte da Xunta de Galicia, que desde o ano 2012 baixou a súa asignación a este colectivo máis dun 40 % e que provocou afeccións noutros colectivos semellantes que traballan en Vilagarcía de Arousa e en Santiago de Compostela.

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de data 17 de xullo de 2015 que consta no expediente.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Comité Cidadano Anti-Sida da Coruña (Casco) (V15279219) para financiar o Mantemento da rede de pisos de acollida e atención a persoas seropositivas en situación de exclusión social ano 2015, cunha achega da Deputación de 40 000 €, que supón unha porcentaxe do 19,263 % do orzamento subvencionado, que é de 207 643,80 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio e con cargo á partida 0611/23121/481 do orzamento vixente.

3. Así mesmo, propónse modificar a contía inicial proposta de 40 000 euros incrementándoa en 20 000 euros, condicionada a aprobación do EMC núm. 5 que se está a tramitar, conque quede a contía total da achega provincial en 60 000 euros, o que supón un coeficiente de financiamento de 28,90 %, que modificaría os termos do convenio conforme ás novas contías.

4. Subordinar o presente acordo á incorporación do crédito correspondente ao exercicio 2016.

**Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Comité Cidadán AntiSida da Coruña para financiar o mantemento da Rede de pisos de acollida e atención de persoas seropositivas en situación de exclusión social no ano 2015**

Na Coruña, de de na sede da Deputación Provincial da Coruña.

## REUNIDAS

Dona Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

Dona Celsa Díaz Cabanela, presidenta do Comité Ciudadano Anti-Sida da Coruña.

As comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

## MANIFESTAN

Que a entidade Comité Ciudadán AntiSida da Coruña é competente conforme aos seus estatutos art. 3 c) que indican que desenvolverán entre outras a actividade de promover e desenvolver pisos de acollida para persoas con VIH/SIDA, sen recursos.

Que a Deputación da Coruña é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade co artigo 36 da Lei de bases de réxime local 7/85, do 2 de abril, e cos artigos 109 e 119 da Lei de Administración local de Galicia 5/97, así como co disposto nos artigos 61 a 63 da Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Comité Ciudadán AntiSida da Coruña, ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas.

### I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Comité Ciudadano Anti-Sida da Coruña, con CIF V15279219, para o financiamento de gastos do persoal de servizo especializado necesario para o mantemento da Rede de pisos de acollida para persoas seropositivas en situación de exclusión social situados na cidade da Coruña.

### II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O Comité Ciudadán AntiSida da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto		Importe
Gastos do persoal do piso de acollida VIH	Soldos e salarios	91 116,00 €
	Seguridade Social	28 792,20 €
Gastos do persoal do piso de inserción	Soldos e salarios	66 500,00 €
	Seguridade Social	21 235,60 €
<i>Total</i>		<i>207 643,80 €</i>

### III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 40 000 €, o que representa unha porcentaxe do 19,263 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 19,263 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos (propios ou alleos) sempre que o Comité Cidadán AntiSida da Coruña acredite que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 19,263 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo, sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que perciba o Comité Cidadán AntiSida da Coruña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



#### IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Comité Cidadán AntiSida da Coruña. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Comité Cidadán AntiSida da Coruña, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións superase os 18 000 euros, con carácter previo á contratación o Comité Cidadán AntiSida da Coruña deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos (dípticos, carteis, notas de prensa etc.), radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet (na súa páxina web), carpa e accesorios etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Comité Cidadán AntiSida da Coruña.

#### VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao Comité Cidadán AntiSida da Coruña unha vez que presente a seguinte documentación:

- \* Memoria da actuación, subscrita polo representante legal do Comité Cidadán AntiSida da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- \* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, as datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- \* Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- \* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- \* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- \* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- \* Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.
2. Unha vez rematadas as actividades, o Comité Cidadán AntiSida da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Comité Cidadán AntiSida da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de 15 días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Comité Cidadán AntiSida da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Comité Cidadán AntiSida da Coruña na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, o Comité Cidadán AntiSida da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Comité Cidadán AntiSida da Coruña deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou autorización para que a Deputación os obteña telematicamente.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

## IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Comité Cidadán AntiSida da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Comité Cidadán AntiSida da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Comité Cidadán AntiSida da Coruña poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Alén diso, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Comité Cidadán AntiSida da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Comité Cidadán AntiSida da Coruña seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para seren incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ó Comité Cidadán AntiSida da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados dende o día 1 de xaneiro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de maio de 2016

condicionado sempre á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2. No caso de que o Comité Cidadán AntiSida da Coruña non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2016, deberá solicitar, cando menos dous meses antes desta data, a prórroga do prazo inicial por medio dunha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá concederlle a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2016. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Comité Cidadán AntiSida da Coruña perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_

E, en proba de conformidade, asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **18. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE MESÍA PARA FINANCIAR O PROXECTO “ACTIVIDADES QUE SE VAN REALIZAR NO FUNCIONAMENTO DA AULA DA NATUREZA NO MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DE VALGA”**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 28 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor de PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.
2. Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva.
3. Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía (CIF P1504800B) para financiar o proxecto “Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga”.
4. A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 46.554,84 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %.
5. O presente acordo queda condicionado á definitiva entrada en vigor do expediente modificativo de créditos 5/2015, no que queda consignada cantidade adecuada e suficiente coa que facerlle fronte á chega da Deputación prevista no convenio.
6. A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3341/46201 prevista no vixente orzamento provincial.

7. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posterior ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

8. Facultar ao Sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

**Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía**

Na Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o Excmo. Sr D. Valentín González Formoso, como presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, o Sr. D. Mariano Iglesias Castro, en representación do Concello de Mesía.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE MESÍA, ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

**I. OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mesía (CIF P1504800B), para o financiamento das “Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga”.

**II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE VAI REALIZAR**

O Concello de Mesía levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL	46 554,84 €
Peón de xardinería	17 860,56 €
Peón de xardinería	17 860,56 €
Monitorado de tempo libre	10 833,72 €
GASTOS CORRENTES	11 638,71 €
Material divulgativo e didáctico para visitas, exposicións, obradoiros, xornadas etc.	1000,00 €
Material para obradoiros etc.	1000,00 €
Cursos de cerámica, de utilización de materiais naturais, de modelado do barro etc.	1000,00 €
Conferencias e charlas	300,00 €
Produtos de limpeza	800,00 €
Electricidade e teléfono	2000,00 €
Ferramentas de xardinería (materiais non inventariables)	1038,71 €
Fertilizantes, sementes e outros produtos para o mantemento das áreas axardinadas e zonas verdes	500,00 €
Alimentación e repoboación da fauna existente	1000,00 €
Mantemento, reposición e conservación das instalacións e demais equipamento (pintado das aulas, traballos de albaleneería en vieiros, canalizacións acuíferas etc.)	2000,00 €
Material e traballos de reparación de fontanería, electricidade...	1000,00 €
TOTAL	58 193,55 €



### III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 46 554,84 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, será financiada con cargo a recursos (proprios ou alleos), para o que a entidade beneficiaria deberá acreditar que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Mesía obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Mesía o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o Concello de Mesía axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello de Mesía tramite e xestione algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar canda el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

### V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Mesía.

## VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na base 57<sup>a</sup> das de execución do orzamento para o ano 2015, ata o 50 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento en favor do Concello de Mesía, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do orzamento subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4. O Concello de Mesía estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación da correspondente documentación.

2. Completada a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Mesía, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, as datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Deberá acreditar o pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Mesía na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, o Concello de Mesía terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, terán lugar entre os días 28 de novembro de 2015 e 27 de novembro de 2016 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio, establecido na cláusula décimo terceira.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Mesía deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da súa finalización e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Mesía para que a presente no prazo improrrogable de 15 días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de Mesía da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Mesía na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, o Concello de Mesía terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Mesía deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou autorización para que a Deputación os obteña telematicamente.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

## IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Mesía destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

## X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Mesía poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Alén diso, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Comité Cidadán AntiSida da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo) e daráselle en todo caso audiencia á entidade interesada.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e seralle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses.

Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Mesía seranlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para seren incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Mesía será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro do ano 2016, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. No caso de que o Concello de Mesía non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do día 1 de decembro de 2016, deberá solicitar antes desta data a prórroga do prazo inicial por medio dunha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de

Mesía perderá o dereito ao cobramento do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo Concello de Mesía, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asínano en exemplar cuaduplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

D. Valentín González Formoso  
Presidente da Deputación da Coruña

D. Mariano Iglesias Castro  
Alcalde de Mesía”

#### **19. APROBACIÓN DA DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE FORMULADA POLA UTE EULEN-GEST TEATRO COLÓN RELATIVA Á RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO TEATRO COLÓN NA MODALIDADE DE CONCESIÓN**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Desestimar a solicitude formulada pola UTE Eulen-Gest Teatro Colón relativa a resolución do contrato de xestión do Teatro Colón na modalidade de concesión tendo en conta que:

#### PRIMEIRO

O contrato de concesión, como forma de xestión indirecta dun servizo público, artículase baixo o principio de risco e ventura empresarial no que lle corresponde á entidade concesionaria a asunción do risco de demanda, de subministración ou de ambos, de maneira que queda exposto ás incertezas do mercado e que debe garantirlle á Administración contratista que se cumpran as previsións baixo as cales presentou a súa oferta.

#### SEGUNDO

A causa de resolución especial regulada na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas é o mutuo acordo, sempre que se acredite plenamente que os ingresos por patrocinio non abundan para o mantemento do equilibrio financeiro da explotación. Dado que na oferta da UTE concesionaria os ingresos por patrocinio tiñan unha importancia relativa moi escasa no conxunto de recursos da explotación, non se considera xustifico este orzamento para acordar a resolución por mutuo acordo, que ademais esixe que se aprecien circunstancias de interese público que fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato. Por outra banda, constatouse que a UTE concesionaria tivo a posibilidade de formalizar algún contrato de patrocinio, aínda que se descoñecen os ingresos que podería obter por esa vía.

#### TERCEIRO

A verdadeira causa do déficit de explotación do servizo público atópase na minoración experimentada respecto da estimación de ingresos por despacho de billetes e no incremento dos gastos por servizos exteriores, magnitudes respecto das cales nada pode facer esta Administración por pertenceren ao ámbito de xestión empresarial da UTE concesionaria e estaren baixo o principio de risco e ventura na explotación económica da concesión.”

### **20. DAR CONTA DA XESTIÓN REALIZADA POLO ADXUDICATARIO DA CESIÓN DO TEATRO COLÓN NO PERÍODO XUÑO 2014–MAIO 2015, TERCEIRA ANUALIDADE**

O Pleno toma coñecemento da xestión realizada pola entidade adxudicataria da cesión do Teatro Colón no período xuño 2014-maio 2015 (terceira anualidade) e de que foi estudada pola comisión de seguimento do Teatro Colón na reunión celebrada o 25 de setembro de 2015 .

### **21. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E OS ILUSTRES COLEXIOS DE ABOGADOS E PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR OS GASTOS DE REALIZACIÓN DE**

**PRÁCTICAS DO ALUMNADO DA ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO NOS DEPARTAMENTOS DE URBANISMO DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E DA ADQUISICIÓN DO MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN 2015**

Sr. Secretario

Aquí hai un erro material no encabezamento do convenio, no senso de que figura como asinante por parte da Deputación, don Diego Calvo Pouso, cando debe figurar don Xesus Manuel Soto Vivero, por delegación do presidente.

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e os ilustres colexios de avogados e procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de prácticas do alumnado da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago nos departamentos de urbanismo dos concellos da provincia da Coruña e da adquisición do material necesario para a súa execución no ano 2015, cunha achega da Deputación de 48 000 euros (financiación do 100 %) que se realizará de acordo co seguinte detalle:

Ano 2015:

- 36 000 euros con cargo a aplicación 0620/462/481, RC núm. de operación 220150041268 de 19/10/2015 destinado a bolsas de alumnado en concepto de desprazamentos e manutención.
- 12 000 euros con cargo á aplicación 0620/462/453.90, RC núm. de operación 220150000240 de 23/01/2015 destinado a gastos de funcionamento.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DOS ILUSTRES COLEXIOS DE AVOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA FINANCIAR OS GASTOS DA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNADO DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS QUE IMPARTE E COAS QUE COLABORA A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN 2015**

Na Coruña, ... de ... de 2015

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Juan Manuel Viaño Rey, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (NIF Q1518001A) e representante legal desta segundo o establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no artigo 85.g dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro da Xunta de Galicia); e o Excmo. Sr. D. Evaristo Nogueira Pol, decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, facultado polo artigo 48.2º do Estatuto Xeral da Avogacía Española (RD



658/2001, de 22 de xuño), que actúan en calidade de presidentes do Consello Directivo da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao teor do disposto na cláusula sexta do convenio de colaboración asinado entre ambas institucións o 29 de novembro de 1994.

Doutra parte, o Excmo Sr. D. Valentín González Formoso, presidente da Excma. Deputación da Coruña, que actúa no exercicio das competencias que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

Todas as partes se recoñecen capacidade para asinar o presente convenio de colaboración e a tal efecto.

## MANIFESTAN

### PRIMEIRO

A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela foi creada pola Universidade e os Ilustres colexios de avogados e de procuradores de Santiago de Compostela como o centro de especialización profesional a través do cal estas institucións lles ofrecen aos licenciados e graduados en Dereito, a formación práctica necesaria no ámbito do dereito público e do dereito privado para facilitaren a súa incorporación ao mercado laboral propio das profesións xurídicas e, máis en particular, cara ao exercicio da avogacía e da procuradoría, ademais de colaborar nos labores de actualización de coñecementos dos profesionais en exercicio (formación continua), do alumnado da licenciatura e do grao en Dereito (*practicum*), do Máster Universitario en Avogacía que imparten en Santiago a USC e mais o ICA e do Programa Superior de Excelencia en Práctica Xurídica que imparte o ICA de Santiago, entre outras actividades.

Un xeito de realizar estas prácticas é o coñecemento dos problemas mediante supostos concretos e reais que se poidan prestar na actuación ordinaria das persoas físicas e xurídicas.

### SEGUNDO

A Deputación da Coruña é consciente de que os concellos da provincia, dentro da ampliación dos seus servizos á comunidade e fundamentalmente na área de urbanismo, veñen precisando a colaboración de licenciados e graduados en Dereito que realicen labores de asesoramento en diversas materias relativas ao desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

### TERCEIRO

Consideran as partes asinantes de grande importancia poñer en execución un plan conxunto que lle permita proporcionar práctica xurídica nas diversas ramas do Dereito ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e nas que colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao tempo que se contribúe

ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña.

#### CUARTO

A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos un modelo de desenvolvemento baseado na colaboración cos municipios, no que as políticas que se van desenvolver han estar loxicamente ligadas a eles. Deben ser os concellos os que lles ofrezan os servizos públicos que lles proporcionen un maior benestar e unha mellor calidade de vida á súa veciñanza.

Son pois, os concellos, a Administración máis próxima á cidadanía, os que lle han dar resposta en primeira instancia ás súas necesidades. É por isto polo que o esforzo da Deputación debe estar destinado a apoiar e a colaborar cos concellos, nomeadamente nun tema tan importante como é o urbanismo.

Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas axeitarán a súa actuación aos seguintes principios: b) A colaboración, a cooperación e o auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Así mesmo, o artigo 195 da mesma Lei 5/1997 sinala que a colaboración e a cooperación poderán realizarse mediante: h) A subscrición de convenios.

#### QUINTO

Mediante este acordo, a Deputación de A Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo dos concellos da provincia da Coruña que, previa subscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo o alumnado das súas actividades formativas e que lle encarguen a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes etc. en determinadas materias que sirvan, dunha banda, para a práctica xurídica do alumnado e, asemade, resulte de utilidade para os departamentos de urbanismo e servizos relacionados dos concellos.

En consecuencia co anteriormente exposto, ambas as partes formalizan o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

### CLÁUSULAS

#### I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes para a execución dun plan conxunto, que lle permita proporcionar práctica xurídica e especialización profesional en urbanismo e Administración local, para o ano 2015, ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e nas que colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, á vez que contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña ao reforzar unha das carencias postas de manifesto polos

concellos e fomenta un cambio cara a un urbanismo e servizos de calidade no que a formación é prioritaria.

## II. ORZAMENTO

A Deputación da Coruña comprométese ao financiamento do orzamento da actividade que ascende a un total de 48.000 euros para o ano 2015, o que representa un coeficiente de financiamento do 100%. De acordo co seguinte detalle desagregado:

- a) Gastos de desprazamentos e manutención do alumnado: 36 000 € para o ano 2015, que se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2015	NÚMERO ALUMNADO	IMPORTE ALUMNO/MES	IMPORTE TOTAL
Setembro	20	450	9000 €
Outubro	20	450	9000 €
Novembro	20	450	9000 €
Decembro	20	450	9000 €

- b) Gastos de coordinación, infraestrutura e xestión: 4000 € para o ano 2015, e que se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2015	NÚMERO ALUMNOS	IMPORTE ALUMNO/MES	IMPORTE TOTAL
Ano 2015	20	180	4000 €

- c) Gastos de adquisición de material: 5000 € para o ano 2015, que se distribúen da da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2015	MATERIAL	IMPORTE /MES	IMPORTE TOTAL
Ano 2015	Por determinar	5000 €	5000 €

- d) Custos de formación: 3000 € para o ano 2015.

## III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 48 000 euros para o ano 2015, o que representa unha porcentaxe do 100 %. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobramento da mesma.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo do seguinte xeito:

Ano 2015:

36 000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0620/462/481

12 000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0620/462/453.90

partidas nas que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo, sobre as que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

4. Para a anualidade 2015 existe crédito abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial.

5. En ningún caso será posible a concorrencia desta axuda con outras, xa que se financia o 100 % do custo efectivamente realizado.

#### IV. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa polos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela e dos ilustres colexios profesionais.

#### V. DESIGNACIÓN DE ALUMNADO, COORDINACIÓN, DESENVOLVEMENTO E OBRIGA DAS PARTES

A Escola de Práctica Xurídica, designará de entre o alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e nas que colabora o alumnado máis acaído para a realización das prácticas no seo das concellerías de urbanismo e servizos relacionados dos concellos cos que subscriba o correspondente convenio. A designación efectuarase de acordo cos criterios de distribución acordados previamente entre ambas partes e deberá contar coa conformidade do representante da institución receptora.

O labor realizado polo alumnado non terá en ningún caso carácter vinculante para a institución que o acolle.

Os concellos poderán utilizar todo o material, estudos, análises etc. que sexan realizados polo alumnado ao longo da experiencia profesional.

## VI. COORDINACIÓN

Para levar adiante a posta en práctica deste convenio, a dirección do traballo, o seguimento e asesoramento do alumnado, a coordinación da distribución do alumnado nas dependencias das concellerías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos e a procura da súa mellor estadía e do correcto aproveitamento deste plan pola Escola de Práctica Xurídica, actuarán como coordinadores o seu director e a profesional colaboradora D<sup>a</sup> María Dolores Méndez Torres. Así mesmo, pola Deputación actuará como coordinador o xefe do Servizo de Patrimonio, D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.

## VII. DESENVOLVEMENTO

O número de alumnado que as concellerías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos admita anualmente para a consecución dos obxectivos previstos neste convenio, así como a duración do período de prácticas que realizará o devandito alumnado nos correspondentes servizos dependentes dos concellos, o seu horario e o labor concreto que desenvolverán establecerano de mutuo acordo as partes asinantes.

A Escola de Práctica Xurídica remitiralle á Deputación da Coruña un exemplar dos convenios que, á súa vez, asine cos concellos da provincia da Coruña para a posta en marcha desta actividade.

Rematado o período de prácticas, os concellos expedirán un certificado acreditativo do grao de cumprimento das obrigas e dos traballos encargados ao alumnado. Este certificado será tido en conta nas diferentes actividades formativas que imparte e nas que colabora a Escola.

## VIII. COMPROMISO DAS PARTES

### a) Gastos de desprazamento, manutención etc. do alumnado

A Deputación da Coruña financiará anualmente as prácticas nos servizos de urbanismo e relacionados dos concellos da provincia da Coruña que, previa subscripción do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo o alumnado das actividades formativas que imparte e nas que colabora, mediante a encomenda de realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes etc. en determinadas materias que sirvan, dunha banda, para a práctica xurídica do alumnado e, asemade, lles resulten de utilidade aos departamentos de urbanismo e servizos relacionados dos concellos, ao reforzar unha das carencias nos seus servizos manifestada por eles.

A Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo e servizos relacionados dos concellos da provincia da Coruña ata un máximo de 36 000 euros en concepto de gastos de desprazamentos, manutención etc do alumnado. Como regra xeral, o número de alumnado que realizará as ditas prácticas será de 20 alumnos/as por mes, para o que se establecerá un importe por alumno/a en concepto de indemnización (gastos de desprazamentos e manutención) de 180 euros/mes. Esta indemnización poderaa distribuír a dirección da Escola de xeito que cada alumno/a

cobre un mínimo de 150 euros/mes e mais unha cantidade variable de 30 euros, en función da quilometraxe. En función das ocupacións formativas do alumnado e da dispoñibilidade dos concellos, a cifra de alumnado/mes poderá ser superior ou inferior a 20, caso no que a Escola de Práctica Xurídica debe garantir que ao remate da anualidade a cifra resultante de alumnado que realizou as prácticas é equivalente a 20 alumnos/as ao mes durante 10 meses, o que supón 36 000 euros.

Estas cantidades pagarallas a Escola de Práctica Xurídica ao alumnado unha vez que se ingrese o seu importe na Universidade de Santiago-Escola de Práctica Xurídica. A Deputación aboaralle o dito importe á Universidade de Santiago-Escola de Práctica Xurídica logo de xustificar a actividade realizada en cada mes. A achega farase efectiva polo número real de alumnado que realice as prácticas no período correspondente.

Excepcionalmente, cando a titorización que designen un concello e a dirección da Escola considere máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas concentrar estas nun período de tempo inferior ao ordinario de 10 meses/ano, poderase acordar realízalas nun período mínimo de 3 meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais a realizar polo alumnado non sexa inferior ás que faría de seguir o sistema ordinario. As cantidades establecidas en concepto de indemnización para o cobramento do alumnado durante o período ordinario, satisfarase na súa totalidade ao remate do período excepcional. Para o ano 2015, as partes acordan que as prácticas do alumnado se concentren nun período de 4 meses (de setembro a decembro de 2015), a razón dun mínimo de 3 e dun máximo de 5 días á semana e de 6 horas/día.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo director da Escola de Práctica Xurídica.

b) Gastos de coordinación, infraestruturas e xestión

Así mesmo, establécese a cantidade de 400 euros/mes, durante un período de 10 meses, como contribución aos gastos de coordinación (4000 €) que xerará a posta en funcionamento e mantemento da actividade obxecto do convenio. O dito importe aboarallo a Deputación á Universidade de Santiago-Escola de Práctica Xurídica, na conta que a Escola designe para tal efecto, tras xustificación da actividade realizada. Para o ano 2015, as partes acordan que a cantidade para a contribución aos gastos de coordinación será de 1000 euros/mes durante cada un dos 4 meses nos que se concentrarán as prácticas que realice o alumnado durante a dita anualidade.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo director da Escola de Práctica Xurídica.

c) Gastos de adquisición de material

A Deputación financiará igualmente cunha cantidade de 5000 euros para o ano 2015 a adquisición do material necesario para desenvolver a actividade (bibliografía, fotocopias, material informático e audiovisual, mobiliario, acondicionamentos menores das súas instalacións etc.). No suposto de que os gastos xustificadas fosen

superiores, a Deputación achegará ata a cantidade máxima de 5000 € para o ano 2015.

A xustificación destes gastos farase mediante copia compulsada das facturas e informe do director da Escola de Práctica Xurídica.

d) Gastos de formación

A Deputación financiará cunha cantidade de 3000 € unha parte dos custos da formación do alumnado na materia urbanística que levará a cabo a Escola.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo director da Escola de Práctica Xurídica, que poderá ser ratificada, no seu caso, polos órganos competentes da Universidade.

O alumnado terá un seguro médico e de accidentes que lle dará cobertura a estas contingencias e que asumirá a Escola de Práctica Xurídica.

A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela comprométese, de ser necesario, a designar a profesionais ou colaboradores dela para os labores de dirección, seguimento e asesoramento do alumnado, co obxecto de facer posible o correcto desenvolvemento das tarefas adscritas a este convenio.

O nomeamento do alumnado en prácticas non establece ningunha relación laboral ou funcional nin coa Universidade de Santiago, nin co Colexio de Avogados de Santiago nin coa Deputación de Coruña ou cos concellos, e non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación das persoas beneficiarias ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela, do Colexio de Avogados de Santiago, dos concellos ou da Deputación da Coruña.

A Escola de Práctica Xurídica comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

## IX. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Crearase unha comisión mixta con funcións de seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, que asumirá, ademais, as funcións de coordinación entre as administracións e institucións asinantes, así como a función interpretadora do citado convenio para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Esta comisión integrarana, en representación da Deputación da Coruña, o persoal supervisor nomeado para o seguimento das actuacións; en representación dos concellos, o persoal que estes designen; e en representación da Escola de Práctica Xurídica de Santiago, o seu director e mais o profesional que designe o centro para colaborar na coordinación da actividade.

## X. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas en cada anualidade polo menos 3 meses antes do vencemento do período de vixencia, aos efectos de imputación de gasto que establece este convenio no seguinte párrafo e na cláusula décimo oitava.

Por canto se refire á anualidade correspondente ao ano 2015, o convenio terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devindicados dende o día 1 de xaneiro de 2015 ata o 31 de decembro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data, amais de conservar a súa vixencia a efectos de xustificación ata o día 31 de marzo de 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Escola de Práctica Xurídica, a través da Universidade de Santiago, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula oitava antes do 31 de marzo de 2016.

A xustificación poderá tamén fraccionarse en dous períodos, un deles antes do 15 de decembro de 2015 e o outro antes do 31 de marzo de 2016. En tal caso, a Deputación realizará o aboamento da subvención conforme ás cantidades xustificadas en cada período.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo sinalado sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade de Santiago para que a presente no prazo imprrogable de 15 días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Universidade de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Escola de Práctica Xurídica na documentación achegada. Se transcorresen máis de 4 meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Universidade de Santiago terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de 4 meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## XI. RESPONSABILIDADE

O alumnado non asumirá nunca directamente a responsabilidade dos labores que realice, senón que deberá actuar sempre baixo a supervisión do persoal designado polo Concello e, de ser preciso, polos/as profesionais colaboradores/as que designe a Escola de Práctica Xurídica.



O feito de que o alumnado realice o seu labor nos concellos, non suporá ningún tipo de responsabilidade para eles, nin tampouco para a Deputación da Coruña, a Universidade de Santiago, o Colexio de Avogados de Santiago, a Escola de Práctica Xurídica, o seu director e o persoal que designe este centro para colaborar na coordinación da actividade.

Así mesmo, as partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puidesen xurdir a través desta comisión de seguimento.

A título enunciativo, esta Comisión terá como funcións facer o seguimento e a avaliación do desenvolvemento do convenio, para o que exercerá as funcións de coordinación entre as Administracións e institucións, así como a interpretación do convenio e a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

## XII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Universidade de Santiago deberá acreditar, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E, para tal fin, poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

## XIII. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Universidade de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento das bolsas e dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago deberá contar, cando menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## XIV. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consorte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2077, do 13 de

xuño, de Subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a aplicación efectiva dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de ser o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de azuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XV. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día en que se realizou o pagamento ata o momento en que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o que lle será o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, a demora na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de 3 meses. Se o atraso na realización da actividade excede de 3 meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada, co límite de 150 euros.

4. Se a demora se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada, co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chegase a 3, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros. Así mesmo, se a extemporaneidade da xustificación excede de 3 meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención sen que poida superar o importe de 900 euros.

#### XVI. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago seranlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos

datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de xuño, de subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

#### XVII. NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

#### XVIII. VIXENCIA

O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devindicados dende o día 1 de xaneiro de 2015 ata o 31 de decembro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia a efectos de xustificación ata o día 31 de marzo de 2016.

Tamén se poderá extinguir a vixencia do convenio polo mutuo acordo das Administracións que interveñen, así como por decisión unilateral dalgunha delas cando a outra cometa un incumprimento grave acreditado das obrigas asumidas.

Por acordo expreso da ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes preceptivos do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## XIX. CUMPRIMENTO DO CONVENIO

O incumprimento da calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución.

Este convenio ten carácter administrativo e as cuestións que poidan xurdir en relación a el serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Faise constar que este convenio foi aprobado por acordo plenario núm.                      con data do                      de                      de 2015.

E, en proba de conformidade, ambas as partes asínano por cuadruplicado exemplar, no lugar e data sinalados ao inicio.

Valentín González Formoso  
Presidente da Deputación  
Provincial da Coruña

Juan Manuel Viaño Rey  
Reitor da Universidade de  
Compostela

Evaristo Nogueira Pol  
Decano do ICA de Santiago  
de Compostela”

## **22. APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BERGONDO PARA FINANCIAR OS TRABALLOS DE CARTOGRAFÍA MUNICIPAL**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei Xeral de Subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento.
2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art.176 do texto refundido da Lei de facendas locais.
3. Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Bergondo, para financiar a elaboración da cartografía municipal, cunha achega provincial de 24 959,93 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/462/76201, RC núm. de operación 220150041587 que representa un coeficiente de financiamento do 49,12 % con respecto a un orzamento de 50 814,19 euros.
4. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2016 tendo en conta que a vixencia do convenio se estende ata o 1 de novembro de 2016.

## CONVENIO

### **Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Bergondo para a financiación dos traballos de cartografía municipal**

Na sede da Deputacion Provincial da Coruña, \_\_\_\_\_

## REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte a Dna. Alejandra Pérez Márquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

## MANIFESTAN

Que, dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Bergondo, ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Bergondo (CIF P1500800F) para o financiamento dos traballos de cartografía municipal, xa que o convenio inicialmente asinado con data 12 de xullo de 2013 se atopa fóra de vixencia e que o obxecto do devandito convenio foi cumprido polo Concello de Bergondo.

### II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

O orzamento dos traballos de cartografía municipal ascende á cantidade de 50 814,19 euros (IVE engadido).

### III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU CHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 24 959,93 euros, o que representa unha porcentaxe de 49,12 %. No caso de que o gasto xustificado non

acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 49,12 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/462/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo, sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito abondo polo importe indicado, tal e como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese o Concello de Bergondo de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que exista na dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Bergondo o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistenciaa para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar canda el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Bergondo.

## VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á entidade, unha vez que presente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministros ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- A entidade beneficiaria estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.
- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **ENTIDADE BENEFICIARIA** na documentación aportada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VII. TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos 3 meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2. Unha vez realizada a adquisición, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da súa finalización e, en calquera caso, 2 meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que

se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de Bergondo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de 4 meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, o Concello de Bergondo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de 4 meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse, ben mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificado, ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

#### X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención



pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Alén diso, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Bergondo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades conlevará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de 3 meses. Se o atraso na realización das actividades excede de 3 meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chegase a 3, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excede de 3 meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

## XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da entidade beneficiaria seranlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Bergondo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

### XIII. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración terá efectos retroactivos dende o 1 de xuño de 2013 e conservará a súa vixencia ata o día 1 de novembro de 2016, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

### XIV. NATURALEZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución deste convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións e nomeados polo presidente da Deputación e polo Concello de Bergondo, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Acordo núm. do

E, en proba de conformidade, asínano cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Valentín González Formoso

Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Alejandra Pérez Márquez

Alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo"

### 23. APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2015, TERCEIRA FASE

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2015, terceira fase, integrado polas obras que se relacionan a continuación, con indicación da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
15.1100.0036.0	Reparación e reforzo de firme na DP 5812 Meirás ao Porto de Santa Cruz, PK 0,000 ao 2,000 (Sada)	166 855,61 €
15.1100.0037.0	Mellora de firme na DP 1914 Carballo a Portomouro, PK 0,000 ao 11,000 (Carballo)	447 788,84 €
15.1100.0038.0	Reforzo de firme na DP 4803 Miño a Pontedeume por Perbes, PK 3,800 ao 7,200 e PK 10,350 ao 11,100 (Pontedeume)	313 384,68 €
<b>TOTAL</b>		<b>928 029,13 €</b>

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/4531/61900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2015.”

### 24. APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTO DE VÍAS PROVINCIAIS 2015, SEGUNDA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Aprobar o Plan de investimento de vías provinciais 2015, segunda fase, integrado polas obras que se indican a continuación, co detalle da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
15.1110.0002.0	Mellora da capa de rodadura na DP 8401 A Tablilla a Agrodomestre pola Pontepedra, PK 11,400 ao PK final	Trazo	433 087,05 €
15.1110.0003.0	Pavimentación con mestura asfáltica en quente da DP 3902 de Betanzos - Límite a Cernadas pola Viña e Xestal, PK 0,000 ao 3,100	Irixoa	259 474,22 €
15.1110.0004.0	Reforzo de firme con mestura asfáltica en quente na DP 6902 Pontedeume á Pedra de Auga, PK 1,860 ao 3,260	Pontedeume	92 309,54 €
<b>TOTAL</b>			<b>784 870,81 €</b>

O financiamento dos proxectos incluídos neste Plan realizarase con cargo á partida 0410/4531/60900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2015.

2. Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas e de que poidan proseguir as actuacións unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presentase ningunha alegación.

3. Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, co fin de poder proseguir as actuacións unha vez transcorrido o prazo de 10 días sen que se emita ningún informe.”

**25. APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “AGLOMERADO DO CAMIÑO DESDE O CAMPO Á ESTRADA CASAL-MIÑO”, DO CONCELLO DE MONFERO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2015 CO CÓDIGO 15.2100.0109.0.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2015, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 e o seu Plan complementario e mais de ter en conta que entre as obras aprobadas figuraba a seguinte do Concello de Monfero:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación (fondos propios)	Concello	Orzamento total
15.2100.0109.0	Monfero	Aglomerado do camiño dende O Campo á estrada Casal-Miño	30 728,61 €	1617,30 €	32 345,91 €

Logo de presentar telematicamente o Concello de Monfero un proxecto modificado desta obra, así como a documentación precisa para a súa aprobación.

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 12 de setembro de 2014 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 177, do 17 de setembro de 2014.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña

ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra “Aglomerado do camiño dende O Campo á estrada Casal-Miño” do Concello de Monfero, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0109.0. Nel, malia que a modificación do proxecto non supón variación económica ningunha con respecto do proxecto inicial, nin tampouco variación da súa finalidade e obxecto, si que implica con respecto ao proxecto inicialmente aprobado un cambio de trazado e unha alteración das partidas internas do seu orzamento superior ao 30 % do orzamento de execución material.”

## **26. INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 30.09.2015 E PROXECCIÓN A 31.12.2015**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de setembro de 2015, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica, adscrito á Intervención provincial.

2. Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3. Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2015, xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, agás circunstancias sobrevividas e imprevisibles que excedesen o fondo de continxencia dotado para o exercicio.

4. Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

## **27. INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES AO QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de setembro de 2015.

2. Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación Provincial da Coruña.”

**28. INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2015 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓN COMERCIAIS**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.
2. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.
3. Enviarlle a devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

**29.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza de administración electrónica da Deputación Provincial da Coruña consistente en modificar os artigos sete e catorce cuxa redacción queda do seguinte teor:

**Artigo 7. Sistemas de acceso aos servizos electrónicos**

A Administración provincial e os seus organismos públicos garantirán o acceso da cidadanía aos servizos electrónicos proporcionados no seu ámbito a través dun sistema de varias canles que conte, polo menos, cos seguintes medios:

- As oficinas de atención presencial que se determinen, as cales porán ao dispor da cidadanía de forma libre e gratuíta os medios e instrumentos precisos para exercer os dereitos recoñecidos no artigo 5 desta ordenanza, polo que deberán contar con asistencia e orientación sobre a súa utilización, ben a cargo do persoal das oficinas en que se sitúen ou ben por sistemas incorporados ao propio medio ou instrumento.
- Puntos de acceso electrónico, consistentes en sedes electrónicas creadas e xestionadas polos distintos departamentos e organismos públicos e dispoñibles para a cidadanía a través de redes de comunicación.
- O punto de acceso xeral a través do cal a cidadanía pode, nas súas relacións coa Administración provincial e os seus organismos públicos, acceder a toda a información e aos servizos dispoñibles será o seguinte: [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)
- Servizos de atención telefónica que, na medida en que os criterios de seguridade e as posibilidades técnicas o permitan, lle facilite á cidadanía o acceso ás informacións e servizos electrónicos aos que se refiren os apartados anteriores.

#### **Artigo14. Creación da sede electrónica e subsedes**

1. Mediante a presente ordenanza créase a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, que estará dispoñible no enderezo de internet: sede.dacoruna.gal
2. Correspóndelle á Deputación provincial a súa titularidade, xestión e administración, polo que lle poderá encargar a xestión e administración a outras entidades, públicas ou privadas, mediante o oportuno instrumento xurídico.
3. A través da sede electrónica realizaranse todas as actuacións, procedementos e servizos que requiran a autenticación da Deputación ou da cidadanía por medios electrónicos.
4. A creación doutras sedes dentro do ámbito de organización da Deputación ou para as súas entidades de dereito público dependentes, así como as que se precisen de modo compartido con outras administracións en virtude de convenios de colaboración, requirirá a adopción do acordo correspondente.

2.- Someter o expediente a información pública e dar audiencia ás persoas interesadas por un prazo de trinta días, para a presentación de reclamacións e suxestións.

3.- No caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións, o presente acordo entenderase aprobado definitivamente.

4.- Publicar o texto completo no Boletín Oficial da Provincia.

5.- A modificación non entrará en vigor ata que se publique o texto íntegro e transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.”

#### **30. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 5/2015 E DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PARA O EJERCICIO 2015**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 5/2015 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 945 718,14 euros e que ofrece o seguinte resumo:

##### **a) Necesidades e fontes de financiamento**

<b>a.1) Aumentos (necesidades de financiamento)</b>	<b>a.2) Baixas (fontes de financiamento)</b>
C.E. créditos extraordinarios: 65 360,00 €	Remanente de Tesourería: 855 935,54 €
S.C. suplementos crédito: 880 358,14 €	Baixas por anulación: 89 782,60 €
<b>Total aumentos: 945 718,14 €</b>	<b>Total financiamento: 945 718,14 €</b>

**b) Resumos por capítulos de gastos e ingresos**

b.1 Resumo por capítulos do estado de gastos		
Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	89 782,60 €	89 782,60 €
2. Gastos correntes	0,00 €	0,00 €
3. Gastos financeiros	0,00 €	0,00 €
4. Trans. correntes	330 222,22 €	0,00 €
5. Fondo continx. e o. i.	0,00 €	0,00 €
6. Investimentos reais	50 800,00 €	0,00 €
7. Trans. de capital	474 913,32 €	0,00 €
8. Activos financeiros	0,00 €	0,00 €
9. Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>945 718,14 €</b>	<b>89 782,60 €</b>

b.2) Resumo por capítulos do estado de ingresos	
Capítulo	Altas
1. Impostos directos	0,00 €
2. Impostos indirectos	0,00 €
3. Taxas e outros ingresos	0,00 €
4. Transferencias correntes	0,00 €
5. Ingresos patrimoniais	0,00 €
6. Alleamento de investimentos reais	0,00 €
7. Transferencias de capital	0,00 €
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	855 935,54 €
9. Pasivos financeiros	0,00 €
<b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>	<b>855 935,54 €</b>

2. Aprobar igualmente a modificación da base 50ª das de execución do orzamento para o exercicio 2015 de acordo co seguinte:

Onde di:

APLICACIÓN	NIF	NOMBRE	OBJETO	IMPORTE
0611/231.21/481	V15279219	Comité Ciudadano AntiSida da Coruña (CASCO)	Mantemento da rede de pisos de acollida e atención a persoas seropositivas en situación de exclusión social ano 2015	<b>40 000,00 €</b>

Modificarase por:

APLICACIÓN	NIF	NOMBRE	OBJETO	IMPORTE
0611/231.21/481	V15279219	Comité Ciudadano Antisida da Coruña (CASCO)	Mantemento da rede de pisos de acollida e atención a persoas seropositivas en situación de exclusión social ano 2015	<b>60 000,00 €</b>

3. Dispor a exposición ao público polo prazo de 15 días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado R.D. 500/90.



Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerábase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentasen reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4. O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e nos artigos 169 e 177 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitíraselle copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

5. Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2015, xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, agás circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen o fondo de continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

### **31. DAR CONTA DA INFORMACIÓN REMITIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS EN CUMPRIMENTO DA ORDE HAP/2082/2014, DO 7 DE NOVEMBRO, POLA QUE SE MODIFICA A ORDE HAP/2105/2012, DO 1 DE OUTUBRO, POLA QUE SE DESENVOLVEN AS OBRIGAS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN ESTABLECIDAS NA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Poñer á disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de Internet da Deputación Provincial. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.”

### **32. MODIFICACIÓN DAS CLÁUSULAS PRIMEIRA, SEXTA E NOVENA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, O CONCELLO DA CORUÑA E A FUNDACIÓN EMALCSA, PARA A COOPERACIÓN E AXUDA NA CELEBRACIÓN DA COPA DO REI DE BALONCESTO 2016**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Modificar as seguintes cláusulas do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña e a Fundación EMALCSA para a cooperación e axuda na celebración da Copa do Rei de Baloncesto en 2016, que quedan redactadas do seguinte modo:

PRIMEIRA. Engádese o seguinte apartado:

“A Fase Final da 80ª Copa da S.M. o Rei de Baloncesto terá lugar do 18 ao 21 de febreiro de 2016, de acordo co calendario oficial da tempada 2015/2016, aprobado pola Asemblea Xeral da Asociación de Clubs de Baloncesto (ACB) o pasado 17 de xullo de 2015.”

“SEXTA. A Deputación Provincial da Coruña aboaralle á Fundación Emalcsa o importe da achega provincial, que ascende a un total de 605 000 €, da seguinte forma:

#### **Anualidade 2015: 400 000 €**

Este importe aboarase, co carácter de anticipo prepagable, unha vez formalizado o presente convenio en documento administrativo.

Coa finalidade de xustificar este anticipo prepagable, a Fundación Emalcsa remitiralle á Deputación Provincial da Coruña a certificación do pagamento e o xustificante da transferencia bancaria efectuada á ACB e copia cotexada da factura polo importe aboado.

Esta documentación deberá ser presentada no prazo dun mes dende o ingreso do 50% do importe do canon correspondente á anualidade de 2015.

#### **Anualidade 2016: 205 000 €**

Este importe aboarase despois da celebración da Copa da S.M. o Rei de Baloncesto, logo da presentación previa dunha copia cotexada da factura expedida pola ACB.

En todo caso, a anualidade de 2016 quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Deputación Provincial da Coruña para 2016 e á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos núm. 4/2015 polo Pleno da Corporación provincial.

Coa finalidade de xustificar este pagamento, a Fundación Emalcsa remitiralle á Deputación Provincial da Coruña a certificación do pagamento, o xustificante da transferencia bancaria efectuada á ACB e copia cotexada da factura polo importe aboado.

Esta documentación deberá ser presentada no prazo dun mes dende o ingreso do 50% do importe do canon correspondente á anualidade de 2016.

Será requisito indispensable para o aboamento da anualidade de 2016, ter aprobada a xustificación do anticipo prepagable correspondente á anualidade 2015.”.

NOVENA. Engádese o seguinte apartado:

“No caso de que non se celebre a fase final da 80ª Copa da S.M. o Rei de Baloncesto, a Fundación Emalcsa reintegraralle á Deputación os fondos recibidos.”

### **33. MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO DO 8 DE OUTUBRO DE 2015 RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE DESAFECCIÓN PARCIAL DO CENTRO CALVO SOTELO E APROBACIÓN INICIAL DE CESIÓN DE USO Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA A SÚA UTILIZACIÓN COMO RESIDENCIA UNIVERSITARIA. APROBACIÓN DO CONVENIO DE CESIÓN DE USO**

#### INTERVENCÍONS

Sr. Díaz Grandío

Obviamente reflectimos o noso voto a favor desta modificación do acordo do Pleno do pasado 8 de outubro. Intervir co motivo de que tras varios meses de traballo, idas e vindas, aledámonos moito, como non pode ser doutro xeito, de que se asegure a conversión de parte do Centro Calvo Sotelo con destino a uso de residencia universitaria, que se denominará Elvira Bao. Este grupo dixo no anterior Pleno, e quero reiteralo no actual, que este proxecto debería de ser usado como un exemplo, un exemplo polos moitos que deberían de seguir esta mesma corrente, e debe de selo non só pola súa magnitude, senón por darlle saída a unha gran demanda do estudiantado da Universidade da Coruña, que xa vén de vello. Non só por iso, senón porque é levado a cabo por tres institucións distintas, das máis importantes do noso país, pero cando o que prima é a colaboración e non a patrimonialización das ideas, nin da súa execución, os grandes proxectos, como se ve neste, son posibles. O que hoxe vén a Pleno corrixe un erro no pasado acordo plenario deixando claro agora na parte resolutiva o feito da natureza tripartita do acordo, incorporando neste caso ao Concello da Coruña e precisando a condición de eficacia deste convenio ao planeamento urbanístico desta cidade, e os cambios que fagan posible o uso como residencia universitaria destas instalacións. Finalidade e obxectivo que, insistimos

niso, conta co respaldo deste grupo provincial e do propio goberno coruñés da Marea Atlántica.

Sr. Negreira Souto

Agradecer tamén que a sinatura deste convenio, que é unha idea que vén loxicamente xa desenvolvida anteriormente tanto pola Deputación, como polo Concello e pola Universidade. Preparando e vendo esa necesidade e atendendo a unha demanda da Universidade e a un coñecemento por parte do Concello puxémolo en marcha e materialízase neste convenio. E, desde logo, desde aquí, quero darlle o apoio tamén a esta iniciativa no planeamento porque loxicamente, Marea por si soa non podería sacar isto no Pleno do Concello. Como ten dez votos, loxicamente non é suficiente, dado que as maiorías son outras, por tanto, dicir que adiantamos xa o noso voto positivo para ese planeamento, co cal con estes dous si que sería posible aprobar ese planeamento.

E lamentar un pouco que, desde logo, a contribución por parte do Concello da Coruña non sexa maior a este proxecto, que eu creo que é de interese e, que no seu momento estivemos de acordo incluso en implementar cartos e medidas económicas para que o proxecto fose máis rápido se cabe, e fose mellor, tamén se cabe. En todo caso que teñan a garantía o presidente da Deputación e o reitor de que o Pleno da Coruña vai aprobar esta modificación urbanística ao contar cos votos da Marea e cos votos do Partido Popular tamén, e supoño que cos do Partido Socialista. Moitas grazas.

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Modificar o acordo do Pleno da Corporación do 8 de outubro de 2015 relativo á aprobación inicial do expediente de desafección parcial do Centro Calvo Sotelo e aprobación inicial de cesión de uso á Universidade da Coruña, para a súa utilización como residencia universitaria. Aprobación do convenio de cesión de uso, na redacción do punto 5 no seguinte sentido:

ONDE DI:

5. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para a cesión de uso de parte do edificio do Centro Calvo Sotelo para a súa utilización como residencia universitaria, onde se concretan as condicións de cesión e cuxo texto se achega como anexo.

O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez que se acredite o cumprimento das condicións que se indican a continuación e producirá efectos durante o prazo establecido na Cláusula oitava. Condicións de eficacia do convenio:

1. Aprobación definitiva do expediente de desafección.
2. *A información urbanística favorable do Concello da Coruña.*
3. A elaboración, supervisión e aprobación do proxecto técnico da obra.

4. A aprobación pola Universidade da Coruña do estudo de viabilidade económico-financeiro e orzamentario.

5. A obtención das licenzas e autorizacións preceptivas.

6. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Deputación para asumir os gastos de redacción do proxecto técnico, execución da obra, dirección técnica e coordinación do plan de seguridade e saúde.

DEBE DICIR:

5. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, a Universidade da Coruña e o *Concello da Coruña* para a cesión de uso de parte do edificio do Centro Calvo Sotelo para a súa utilización como residencia universitaria, onde se concretan as condicións de cesión e cuxo texto se achega como anexo.

O presente convenio iniciará a súa vixencia, unha vez que se acredite o cumprimento das condicións que se indican a continuación e producirá efectos durante o prazo establecido na Cláusula oitava. Condicións de eficacia do convenio:

1. Aprobación definitiva do expediente de desafección.

2. *En relación co uso da residencia universitaria, a aprobación definitiva do plan municipal que ampare o devandito uso.*

3. A elaboración, supervisión e aprobación do proxecto técnico da obra.

4. A aprobación pola Universidade da Coruña do estudo de viabilidade económico-financeiro e orzamentario.

5. A obtención das licenzas e autorizacións preceptivas.

6. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Deputación para asumir os gastos de redacción do proxecto técnico, execución da obra, dirección técnica e coordinación do plan de seguridade e saúde.

ACTUACIÓN DE CONTROL

**MOCIÓN DOS GRUPOS BNG-ASEMBLEAS ABERTAS E PSDEG-PSOE SOBRE A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**

Sra. Franco Pouso

Bos días a todos e a todas. Primeiro, alegrarnos de que hoxe, despois de que os últimos plenos desta Corporación os tivesemos que iniciar cun minuto de silencio, precisamente pola razón que hoxe nos trae exposta esta moción, en nome do Goberno e creo que en nome de todos os membros desta Corporación, estaremos basicamente de acordo en que a violencia machista é un dos problemas máis graves que enfrenta a nosa sociedade neste momento. Tamén estaremos de acordo en que debe de ser unha prioridade política para todas as administracións, e tamén que hai

que buscar solucións desde o sistema educativo e o tratamento integral da violencia, como o problema que é para a nosa sociedade. Para iso hai que participar aumentando os recursos, tanto persoais como materiais, como recursos políticos, e activar máis ferramentas políticas.

Por suposto, esta Corporación que iniciou a súa andaina no mes de agosto, cremos que levamos demostrado que no eido educativo e no que é competencia nosa estamos tomando todas as medidas posibles para o pouco tempo que levamos facendo o noso labor. Por todo iso, e creo que como todos somos coñecedores da gravidade deste asunto, solicito o voto favorable a esta proposta. Grazas.

#### Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. presidente, eu quería expresar en primeiro lugar a miña concordancia coa proposta feita polos grupos de goberno, a violencia, as violencias en plural, diría mellor, e en particular a machista, efectivamente son un dos problemas máis graves que ten a nosa sociedade, e o é porque ademais infiltra a todos os niveis e mediante mecanismos as veces inconscientes, que están herdados culturalmente, que resultan mesmo imperceptibles, agás que se faga un intenso traballo de autoconscienciación. Ata tal punto se infiltra a violencia na nosa psique, que nunha moción como esta, que propón rematar con ela, se emprega unha linguaxe belicista e fálase de loita, de combate. Temos que coidar a linguaxe sexista e tamén deberíamos coidar a linguaxe belicista. Vemos pois a necesidade de traballar sobre aspectos culturais e sociais máis aló dos penais e coercitivos, para lograr que as violencias desaparezan da nosa linguaxe inconsciente e das nosas actitudes, das nosas interaccións, das nosas vidas, en definitiva.

Malia estar de acordo coa maioría das propostas desta moción si que quixera formular dúas emendas, desde o meu punto de vista, construtivas. A primeira ten importancia menor, porque simplemente por deformación profesional, di o final do texto que “naquelas iniciativas contra a violencia machista do feminismo na localidade a nivel galego” debería dicir loxicamente en plural “naquelas iniciativas contra a violencia machista do feminismo nas localidades a nivel galego”, en plural.

E a segunda emenda, que é máis relevante, está referida ao punto oitavo da proposta do acordo, e neste sentido é a redacción alternativa que incrementaría o texto orixinal, e diría: “Punto 8. Contribuír á promoción da igualdade entre mulleres e homes, e contra a violencia de xénero en todos os centros escolares e en todas as etapas educativas, cooperando coa comunidade educativa e asegurando o seu tratamento curricular e como un eixe transversal obrigatorio. Máis nada.

#### Sra. García Gómez

Bos días, deputadas e deputados. En efecto, estamos de acordo en que a violencia machista é un lacra social que está a ser nos últimos anos unha prioridade para todos nós, cada vez máis dende todos os ámbitos da sociedade temos que traballar e como di o compañeiro de Compostela Aberta, loitar para evitar os termos belicistas, traballar para que se continúen incrementando os recursos económicos destinados á prevención, á asistencia social das vítimas desta violencia, a que se siga promovendo políticas de prevención, de sensibilización e de protección a esas

mulleres e aos seus fillos e fillas ou persoas directamente afectadas. A nosa obriga é acadar o máximo consenso posible en prol da erradicación de calquera acto de violencia contra a muller. Que hai que rematar coa violencia machista é algo indiscutible.

Dito isto, desde o Grupo do Partido Popular estamos na obriga de matizar e emendar a moción presentada polo goberno, porque a súa redacción dá a sensación de que non se tivese avanzado nada neste eido, cando as políticas de igualdade son prioridade tamén para nós. Entrando xa en materia, sostemos os recursos persoais, materiais e políticos incrementando estable e progresivamente os orzamentos, tanto desde a Xunta de Galicia como a nivel estatal. A Xunta de Galicia lévalle dedicado desde o 2009 ao 2015 partidas incrementadas en política de igualdade ata os 118 %. En relación aos orzamentos do Estado, aumentáronse nesta lexislatura ata acadar os 25 228 180 euros e todos os anos desde a Secretaría Xeral da Igualdade sae unha orde de axudas de subvención ás entidades locais galegas, a última o 8 de outubro de 2015.

Tamén mantemos e melloramos unha atención integral e efectiva ás vítimas da violencia de xénero, e as mulleres en xeral, a través dos servizos telefónicos: o 016, o teléfono da muller; o teléfono de atención á cidadanía, o 112, que ten carácter gratuíto e funciona as 24 horas do día, os 365 días do ano. A través de servizos psicolóxicos, hai un convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía que tamén traballa as 24 horas do día, os psicólogos traballan as 24 horas do día, os 365 días ao ano. E estes servizos fanse, efectivamente, réxense polas regras de anonimato, confidencialidade e gratuidade.

No ámbito xurídico, á parte dos convenios que hai existentes cos colexios de avogados, vimos de modificar a Lei de axuízamento civil, co fin de garantir a asistencia xurídica especializada xa antes da denuncia, así como a defensa gratuíta en todos os procesos xudiciais e procedementos administrativos, por medio do recoñecemento do dereito á asistencia xurídica das vítimas de violencia de xénero como un dereito, independentemente da renda. Ademais, acábese tamén de modificar a Lei orgánica do poder xudicial, na que se introduciron reformas para mellorar a tutela xudicial efectiva da vítima, maior especialización dos órganos xudiciais na materia e unha mellor resposta á vítima. Pasan os xulgados de violencia de xénero a coñecer sobre delitos contra intimidade, os dereitos á propia imaxe, a honra das mulleres etc., e dótanse os institutos de medicina legal de equipos especializados en atención á vítima.

O Goberno galego propón modificar as leis 1/2004 e a 11/2007, para incorporar a regulación da vítima de feminicidio e desenvolver o estatuto da vítima de feminicidio. Nós non imos entrar no debate respecto do significado do neoloxismo feminicidio, porque afortunadamente o noso marco non é comparable nin a México, nin a Colombia. Consideramos que a acepción violencia de xénero recollida na lei estatal e na lei galega abrangue perfectamente a situación de desigualdade e discriminación, tanto de feito como por ameazas ou coaccións, tanto no ámbito público, incluso no laboral, coma no privado, e tanto en situacións de convivencia como non. E de feito é que a lei galega vai un pouquiño máis alá e especifica de maneira pormenorizada o que é a violencia psicolóxica.

A realidade é que tanto desde a Xunta como desde o Goberno do Estado que presidimos, estanse a mellorar os marcos legais, e fíxose, acaba de entrar en vigor hai uns días, o 28 de outubro, a Lei 4/2015 do Estatuto da vítima de delito. Este Estatuto, que aglutina un catálogo de dereitos procesuais e extraprocesuais bastante amplo para calquera vítima de delito, afecta de forma explícita á vítima da violencia de xénero, falamos de mulleres, de fillos e fillas destas mulleres, de persoas afectadas directa ou indirectamente, incluso se exclúe o marido ou a persoa, como responsable dos feitos tamén expresamente. As menores vítimas foron recoñecidas xa durante todo este ano na Lei orgánica 8/2015 de modificación do sistema de protección, na que se recoñeceron expresamente como vítimas de violencia de xénero os menores, fillos, fillas ou outros que estiveran baixo a tutela, garda ou custodia das mulleres vítimas, así como os menores vítimas doutras violencias e, en particular, da trata de seres humanos. Faise especial fincapé na obriga dos xuíces de pronunciarse sobre medidas cautelares de aseguramento e civís, que lles afecten a menores dependentes das mulleres vítimas, para garantir a seguridade, a integridade, a recuperación dos menores e da muller, así como o seguimento periódico da súa evolución. Estamos a falar de privacións de patria potestade, de gardas, de custodias, de réximes de visitas específicos. Este Estatuto da vítima de delito garántelle igualmente notificacións de oficio de todas as resolucións á vítima, entradas e saídas de prisión, medidas cautelares etc., todas as que lle poidan afectar para garantir a súa seguridade. Tamén fala este Estatuto da reforma á protección dos menores que se atopen nesa familia e facilita e garante o acceso dos menores aos servizos de asistencia e apoio. As necesidades particulares de protección de cada unha das vítimas neste Estatuto especifica que se avalien individual e particularmente en cada caso concreto desde a fase xa de instrución. Polo tanto, entendemos que o Estatuto da vítima de delito, lonxe de esquecer as vítimas de violencia machista, tenas en consideración como colectivo específico. Resultaría precipitado solicitar un novo trámite para un Estatuto que acaba de entrar en vigor e temos que agardar un pouco a que a súa implantación evolucione e ver despois se sería necesario ou non introducir modificacións ou melloras.

Por outra banda, a Lei galega conta cos requisitos máis accesibles de cara a acadar a acreditación da situación de violencia machista, non é necesario estritamente unha orde de protección, nin unha sentenza xudicial. O seu artigo 5 contempla a acreditación simplemente con informes de servizos sociais, informe do Ministerio Fiscal, informes dos sanitarios, certificacións das casas de acollida, informes de inspección de Traballo e Seguridade Social, ou di, de calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Por último, e un pouco tamén a raíz da emenda de Compostela Aberta que nós tamén emendamos no punto número oito, vimos de revisar e adaptar o currículo educativo en todos os ámbitos educativos. No 2014 fíxose no de educación primaria, a través do decreto 105/2014, e no 2015, o 25 de xuño, a través do decreto 86/2015, fíxose para educación secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Non vou especificar exactamente todo o que falan os decretos a raíz do desenvolvemento da igualdade, prevención de violencia etc., pero si que me gustaría resaltar dous parágrafos do artigo 4.2 que din “A programación docente deberá abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do holocausto xudeu como feito



histórico”. E o segundo: “Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, tranxénero e intersexual”.

Polo tanto, á vista do argumentado é polo que o grupo do Partido Popular presenta a seguinte emenda transaccional: No relativo aos acordos do ámbito nacional e autonómico, substituír os puntos 3, 4, 5 e 6, de maneira que queden redactados do seguinte modo:

Número 3: Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia a que continúen incrementando os recursos económicos destinados á prevención e á asistencia social ás mulleres vítimas de violencia de xénero e a que sigan desenvolvendo todos os días do ano, políticas de prevención, sensibilización e protección ás mulleres e menores vítimas da violencia de xénero.

Punto número 4: Instar ao Goberno do Estado e á Xunta da Galicia a que continúen co desenvolvemento e aplicación da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, co obxectivo único da protección e atención ás mulleres vítimas da violencia de xénero e aos seus fillos e fillas.

No relativo ao ámbito educativo, substituír o punto 8, de maneira que quede redactado do seguinte modo: instar á Xunta de Galicia a elaborar un plan de igualdade no ámbito educativo, co obxecto de que sirva de referente a toda a comunidade educativa en materia de coeducación e prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal.

Engadir un novo punto: a Deputación da Coruña comprometerase a colaborar cos Concellos da provincia a levar a cabo as actuacións de coeducación en colaboración cos centros educativos do municipio, enfocadas á prevención e sensibilización da violencia de xénero entre o alumnado. Subsidiariamente, presidente, en favor de acadar o maior consenso posible, se non se admitisen as nosas emendas solicitaríamos o voto por puntos desta moción, dada a importancia do tema que estamos a tratar. Grazas.

Sr. García Seoane

Xa sei que están no tema, pero que é urxente que se aprobase un regulamento para levar este Pleno adiante. Eu sei que estamos en campaña electoral e que aquí se poden vir contar todas as historias, o que pasa é que un xa coñece todo o que hai e non está por aguantar “rollos centollos”, e digo “rollos centollos” de cousas que non se fan, ademais, as leis apróbanse pero despois do dito ao feito hai un treito en moitos casos, noutros si se executan. Polo tanto, era urxente que ese regulamento se trouxese o antes posible, con tempos para intervención e para as réplicas, e regulado, se non isto pode ser o rosario da aurora, como di o outro.

Sr. Negreira Souto

Sr. presidente, eu o que lle pediría é que a última intervención do señor de Alternativa dos Veciños, que ten un membro nesta sala fronte aos que posúe o Partido Popular, retire esas palabras de “rollos centollos” e ese tipo de cousas, dirixidas ás intervencións doutro deputado, que creo que, ademais, un mínimo de respecto non polo tema senón tamén polas persoas, creo que se merece. E eu pediríalle que retirase ese tipo de expresións e que, desde logo, nosoutros estamos abertos a regular os tempos coa lóxica proporcionalidade, e creo que se lles deixou ás moi minorías usar a palabra en todo momento, sempre que quixeron, en extensión, e sen poñer límites e, en todo caso, estamos abertos a facer ese regulamento, pero desde logo pediríalle ao señor de Alternativa dos Veciños que retire esas palabras.

Sr. García Seoane

Non se poden vir contar cousas que non teñen nada que ver, e dicir, que ben o fago, se o fai ben xa llo ponderarán os veciños, os cidadáns, pero realmente son “rollos centollos” que todo sabemos; eu sei a regulamentación, eu son un xestor no Concello de Oleiros, polo tanto sei como teño que facer para levar adiante os servizos sociais, a atención a persoas desfavorecidas, a violencia de xénero. Polo tanto, nese aspecto, non vou retirar nada do que dixen.

A min elixíronme moitos máis que a algún de vostedes.

Sr. Negreira Souto

Non tiña moitas esperanzas de que rectificase nada. Animo a deputada a que siga facendo estas intervencións.

Sr. Presidente

Simplemente ao respecto, o regulamento ao que fan referencia tanto Gelo como Carlos, é un regulamento que temos na cabeza, en calquera caso que non vai ter nin a máis mínima pretensión de coartar a liberdade de expresión de ninguén, senón de ordenar en calquera caso, sempre desde o respecto máis absoluto a calquera das intervencións.

Eu veño dun Concello onde os plenos non están regulados e onde as intervencións, meu Deus!, podemos chegar a ter plenos de cinco horas. E seguramente hai todo tipo de opinións nese sentido, pero a verdade é que me sinto satisfeito de poder deixar falar do que queira, cando queira e canto queira, a calquera dentro dunha Corporación. Nese sentido pido respecto, sei que ninguén pretende ofender a ninguén, nin moitísimo menos pero, en calquera caso, o respecto si que debe de primar en calquera intervención e tamén en calquera actuación de calquera Grupo. E lexitimidade, os que estamos aquí témola toda e, polo tanto, gustárame que non se puxese en dúbida nunca esa lexitimidade.

### Sra. García Gómez

Simplemente aclarar que esta exposición se fixo en base unicamente ao contido da exposición de motivos, dado que se falou sempre de orzamentos, falábase dos servizos, falábase do sistema educativo, e o que se fixo foi aclarar que, en efecto, desde o Grupo do Partido Popular se estaba traballando arreo niso e, lonxe de politizar, o que pretendemos precisamente é o contrario, despolitizar e acadar consensos. Grazas.

### Sra. Franco Pouso

Agradecer a atención ao tema que estamos debatendo, porque entendo que aquí sae o regulamento, sae todo o que lle veña ben a cada cal, menos algo que si é, trátase de vidas que, se cadra, a esta hora tiñamos que estar facendo outro minuto de silencio.

Quero aclararlle á persoa que interveu por parte do Partido Popular, desculpe que non lembre o nome, que as cousas hai que chamalas polo seu nome, e feminicidio quere dicir que nos matan polo feito de ser mulleres, só por esa razón, e vai sendo hora de que non agochemos os problemas cambiándolle o nome ás cousas, polo tanto, un feminicidio é un feminicidio, non hai volta atrás, nin máis viravoltas. Antes eramos vítimas do amor paixonal, ou sexa, que algo iremos avanzando, a ver se avanzamos desta vez outro pouquiño, outro pasiño pequeno.

En canto a todas as notas, a aclaración do que leva lexislado o PP durante todos estes anos, eu non vou dicir o de centolo, nin nada disto, eu o que si vou dicir é que con datos demostrables, desde logo, o que si soubo facer moi ben o PP, nos datos da Deputación por exemplo, foi restarlle 300 000 euros nos últimos catro anos na actuación respecto desta temática e no Estado restouse unha intervención tamén de 2 000 000 de euros. Poderíamos falar, se queredes, do salario da liberdade, e poderíamos falar doutras moitísimas cousas, pero a unha muller que padece, ou que morre, por un acto de feminicidio, hai que darlle as ferramentas para saír de aí e para sacar os seus fillos de aí, e non imos dar datos de mortes porque incluso algúns deles nin sequera se recoñecen como tales, cando son unha das ferramentas máis utilizadas da violencia que se produce contra a muller.

Respecto das propostas, tanto de Compostela Aberta, como do PP, por suposto, unha é un erro á hora de transcribir, que é o de poñer a ese, e polo tanto, asumímolo, e no punto que desde logo non coincidimos coa proposta do PP, coa salvidade onde pon “substituír o punto número oito”, que poderíamos asumir a súa proposta, e engadirlle a parte que propón o Sr. Manolo Dios porque, tal como vostede solicita, desde logo, solicitaríanos que actuáramos nunha competencia da Xunta de Galicia, pero se o engadimos á proposta do PP, xa digo, no punto de substituír o punto número oito asumiríamos a proposta do PP, rematándoa coa última parte da proposta do Sr. Manolo Dios, porque o da Xunta hai que requiririllo á Xunta, o que non imos facer nós é sumar competencias que non son nosas.

Deste xeito quedaría o punto número oito, “Instar á Xunta de Galicia a elaborar un plan de igualdade no ámbito educativo co obxectivo de que sirva de referente a toda a comunidade educativa en materia de coeducación e prevención de violencia de

xénero, desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal e asegurando o seu tratamento curricular como un eixe transversal obrigatorio". Se lles parece ben así estamos en disposición de asumilo.

E en canto a isto por parte da Deputación, simplemente recordarlle que nestes meses de agosto a data de hoxe, nós no ámbito educativo xa fixemos un concurso de guións, o II Concurso Concepción Arenal para a contratación dun programa socioeducativo para desenvolver nas comarcas do país. Moitas grazas.

#### Sra. García Gómez

Se queren, podemos poñerlle "comprometerse a seguir colaborando cos Concellos" ou simplemente non sei se efectivamente fixeron propostas agora de cara tamén a violencia de xénero, en todo caso poderíamos poñer "Comprometerase a seguir colaborando", isto sempre que, evidentemente, dado que non se aceptou substituír os punto 3, 4, 5 e 6, o presidente nos permita a votación por puntos do acordo.

#### Sra. Franco Pouso

Pola nosa banda, "seguir colaborando", nós no tempo que levamos, colaboramos, polo tanto, pola nosa banda non hai ningún problema en poñer "seguir colaborando", pero a colaboración demóstrase con diñeiro e aquí demostrouse moi pouco.

#### Sr. Díaz Grandío

Bo día de novo, nós anunciamos, o Grupo provincial da Marea Atlántica, un sentido de voto favorable á moción, incluso cos engadidos que se fixeron desde o Grupo de Compostela Aberta, así non coas emendas que fixo o Partido Popular; atopamos nas emendas feitas no relativo aos acordos de ámbito nacional e autonómico, unha clara intencionalidade de eliminar o concepto de feminicidio. Nós, a Marea Atlántica, non imos aceptalo, non podemos aceptalo porque pensamos que é fundamental unha nova conceptualización e normativización a nivel legal da violencia de xénero. A lei actual non serve, non está funcionando e non están funcionando nin a nivel preventivo, nin funcionando en canto á xusta reparación das vítimas. En canto as dúas cuestións relativas no ámbito coeducativo, só dúas cousas, a substitución proposta non conta co noso consentimento, entendemos que ese plan de igualdade da Xunta é como unha obriga, co cal perde forza a autonomía que os centros teñen ou deben de ter a ese nivel.

Favorable á moción presentada polo Grupo de Goberno, favorable ás achegas feitas polo Grupo de Compostela Aberta e non aceptaríamos as emendas feitas polo Partido Popular para votar a favor.

#### Sra. Franco Pouso

Que quede claro que o equipo de goberno que presenta a moción si que asume esa modificación, suma a proposta do PP e remata coa frase que incorporou Compostela Aberta, quero que o teñan claro á hora de votar, só o punto oito, por

suposto. Queda claro?, os puntos 3, 4, 5 quedarían como están e no punto oito asumírase esa modificación á que xa din lectura antes, que é a proposta do PP sumándolle, engadíndolle a *coletilla* de Compostela Aberta.

Procédese a votar punto por punto a moción, aprobándose por unanimidade os puntos 1, 2, 7, 8, 9, 10, 11, 12 e 13.

Os puntos 3, 4, 5 e 6 aprobáanse cos votos a favor de 16 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños) e a abstención de 13 deputados (PP).

Apróbase, polo tanto, a seguinte moción:

**“MOCIÓN DOS GRUPOS BNG-ASEMBLEAS ABERTAS E PSDEG-PSOE SOBRE A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**

A violencia machista é un dos problemas máis graves que ten que afrontar a nosa sociedade. Nas últimas décadas, a violencia contra as mulleres ten deixado de ser un asunto invisíbel grazas ao constante e incansábel traballo dos movementos de mulleres.

A loita contra a violencia de xénero debe ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade política e froito do traballo, para que isto así sexa están vixentes a Lei orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Despois de anos de aplicación, insuficiente en moitos casos dada a limitación de recursos e orzamentos, a violencia machista segue presente na nosa sociedade. Por iso, cómpre avanzar e darnos pasos cara adiante que melloren os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.

Ante a gravidade do problema, consideramos fundamental a inclusión de “feminicidio” como forma de terror propia que sofren as mulleres e que serva de base para a elaboración dun Estatuto de vítima de feminicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que cómpre avanzarmos no apoio económico, psicolóxico e social, así como na súa prevención. Correspóndelle á Administración local, por ser a institución máis próxima á veciñanza converterse nunha referencia para o combate deste problema e presionar para avanzarmos no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención.

Por isto, os Grupos PSdG-PSOE e BNG-Asembleas Abertas da Deputación solicítanlle ao Pleno da Corporación provincial a adopción dos seguintes

**ACORDOS**

1. Colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada da Deputación unha pancarta violeta co lema “Contra a violencia machista” e promover a participación cidadá na marcha, así como naquelas iniciativas contra a violencia machista do feminismo na localidade a nivel galego.

2. Facelo así cada ano o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.
3. Instar á Xunta de Galiza a trasladarlle ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, introducindo o termo “feminicidio” e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de vítima de feminicidio.
4. Instar á Xunta iniciar os traballos para modificar da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, para incorporar a regulación do feminicidio e o estatuto de protección das vítimas do feminicidio.
5. Instar á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, e garantir que o servizo 016 de atención ás mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.
6. Soster todos os días do ano os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas da violencia machista, cumprindo o artigo 19 da Lei orgánica 1/2004, establecendo un sistema estábel de financiamento estatal, autonómico e local a longo prazo.
7. Asegurar a atención estábel e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva á xestión pública e directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.
8. Contribuír á promoción da igualdade entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero, en todos os centros e todas as etapas educativas, cooperando coa comunidade educativa, e asegurando o seu tratamento curricular e como un eixe transversal obrigatorio e instar á Xunta de Galicia a elaborar un Plan de igualdade no ámbito educativo co obxectivo de que sirva de referente a toda a comunidade educativa en materia de coeducación e prevención de violencia de xénero, desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal.
9. Realizar campañas de sensibilización contra o sexismo na actividade cultural e na organización de festexos, así como de seguridade e convivencia e todas as actuacións e servizos de competencia municipal.
10. Erradicar o sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións.
11. Desenvolver unha atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual ou funcional, inmigrantes, paradas ou dependentes e non incorrer na vitimización múltiple nos procesos de atención.
12. A Deputación da Coruña comprometerase a seguir colaborando cos concellos da provincia e levar a cabo actuacións de coeducación en colaboración cos centros

educativas do municipio enfocadas a prevención e sensibilización da violencia de xénero entre o alumnado.

13. Trasladarlle este acordo á Xunta de Galicia e á Delegación do Goberno para a violencia de xénero.”

(Abandona o salón o Sr. Dieste Ortigueira).

#### Sr. Secretario

A seguinte moción da orde do día é unha moción dos Grupo BNG-Asembleas Abertas e PSdeG-PSOE sobre a proposición da lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.

#### Sr. Requeira Varela

Bos días a todos e a todas. Queremos solicitar o apoio de todos e de todas vostedes, nalgo que nós consideramos que é fundamental ou que é importante para Galicia e para a cidadanía de Galicia: o apoio á proposición de lei que por iniciativa lexislativa popular dea medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética. E queremos solicitar o seu apoio, como ben saben todos vostedes, para que esta proposición da lei chegue a debate no Parlamento de Galicia e alí os diferentes grupos parlamentarios poidan melloralala, matizala... pero para que en todo caso se dea a opción do debate.

O sector enerxético ten para Galicia un valor estratéxico. Ao longo dos anos, as decisións políticas decidiron que Galicia fose especializándose na produción de enerxía e, a pesar de que somos excedentarios na xeración de enerxía, isto non leva aparelado unha redución da tarifa nin un trato ou un criterio que nos sirva para desenvolvernos industrialmente ou para ter un mellor acceso, un acceso máis económico, á enerxía. Galicia, polo contrario, ten que soportar importantes custos sociais e medioambientais para ser produtora. Esta proposición de lei leva no seu capítulo I concretada unha serie de medidas que van encamiñadas a que exista un beneficio económico para o propio país e para favorecer tamén o consumo doméstico dunha poboación que, no caso da galega, ten as pensións e os salarios máis baixos do Estado español. No su Capítulo II concreta tamén algo que a nós nos parece fundamental e interesante: o concepto de pobreza económica, que é unha nova fórmula de pobreza e que as administracións debemos tamén xa razoar e discutir seriamente sobre o alcance desta nova modalidade de pobreza e intentar defender as persoas consumidoras e que a pesar das situacións económicas que padezan en certo momento, teñan acceso tamén á produción enerxética. Polo tanto, pedímoslle que apoiem a moción, que non é nin máis nin menos que favorecer que este debate se suscite, se dea con contundencia no Parlamento de Galicia e que alí os grupos políticos, xa digo, melloren o planteamento inicial desta proposición de lei. Moitas grazas.

## Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. Presidente. A principios deste ano o Parlamento galego acollía un debate sobre a pobreza enerxética e as medidas que a Xunta de Galicia debería levar a cabo para reducila. Pois ben, por desgraza, este debate converteuse nun encontro retórico no cal o grupo maioritario da Cámara de representación dos galegos, argumentaba que non existe pobreza enerxética, senón, e cito textualmente “consumidores vulnerables”. Sinceramente, a min non me parece que esta sexa unha cuestión de linguaxe, ou de expresións politicamente correctas, a realidade non desaparece por moito que se pretenda enmascarar detrás dunha linguaxe aparentemente neutra.

Segundo a Asociación de Ciencias Ambientais, case que medio millón de galegos lle destinan máis do 10 % dos seus ingresos anuais a gastos en enerxía, cando a media en España é do 5 %. 200 000 cidadáns do noso país teñen serias dificultades para quentar as súas vivendas no inverno, polo gasto que supón a calefacción, e todo isto en gran medida porque nos últimos anos a factura da luz duplicouse para un fogar medio. Iso é a pobreza enerxética, renunciar a comodidades básicas por non poder pagalas, pese a que o seu custo, en termos absolutos, non é excesivo, si que o é, en cambio, en termos relativos, é dicir, se o comparamos cos ingresos que moitas familias están a ter neste momento, salarios de 700 euros ao mes, rendas e axudas sociais etc. Con eses ingresos resulta imposible pagar uns recibos de enerxía que superan os 100 euros bimensuais, sen necesidade de facer grandes consumos, senón como tarifa básica.

Poderíase argumentar que no noso país estamos acostumados a vivir así, pois hai varias décadas a situación era semellante. Porén, eu e o Grupo ao que represento aspiramos a que as condicións de vida da cidadanía galega melloren co paso do tempo, xamais baixo ningún concepto, a que empeoren, e menos cando lemos titulares coma os seguintes, cito textualmente: “As enerxéticas reparten os mellores dividendos do IBEX 35 en 2015”, “Repsol, Abengoa, Enagas e Endesa entre as empresas que máis rendibilidade dan aos seus accionistas”, “Repsol desembolsará 40,4 millóns de euros aos seus accionistas”, “Iberdrola paga case 3 euros por acción como dividendo aos seus accionistas”, “A rede eléctrica ten unha rendibilidade por dividendo estimada do 3,96 % para 2015”. Podería seguir dando máis datos.

É dicir, non hai un problema de falta de liquidez ou beneficio nas empresas, hai un claro problema de redistribución de recursos e un claro problema tamén de índole política porque non nos esquezamos que por moito que se fale de liberalización do mercado, este é un sector aínda moi regulado e no que as sucesivas reformas legais prexudicaron o consumidor para beneficio das empresas. Supoño que non lles escapa que isto está, desde o meu punto de vista, directamente relacionado con iso que se chaman xa popularmente “portas xiratorias”. Por ese motivo, a CIG e outras entidades da sociedade civil galega están loitando para que se promovan medidas políticas que revirtan esta situación de desigualdade, a dunha ampla franxa da nosa sociedade que non pode permitirse pagar a calefacción, lembremos 200 000 persoas, case a poboación da cidade da Coruña, mentres que as empresas reparten grandes dividendos.



En representación de Compostela Aberta quero expresar o noso apoio a esta iniciativa, coa proposta dunha emenda á parte dispositiva, se ben é certo que a CIG é quen presentou a iniciativa lexislativa popular, cousa que aplaudimos, non é a única entidade que defende este tipo de propostas. Por ese motivo, ao final do punto primeiro, onde di, entre comiñas “que se está a impulsar por iniciativa lexislativa popular, a Confederación Intersindical Galega”, debería dicir “que está a impulsar, por iniciativa lexislativa popular, a Confederación Intersindical Galega”, recollendo o sentir maioritario da nosa sociedade. Máis nada.

Sr. Requeira Varela

Aceptamos a emenda, sen ningún tipo de problema.

Sr. Caínzos Vázquez

Bos días, señoras e señores deputados. O Grupo Popular avanza o sentido do voto en contra de acordo co seguinte argumentario:

Sorpréndenos a exposición de motivos dados, cando a factura subía de forma desmesurada non dicían ni facían nada e tiñan responsabilidades de goberno. Nas dúas lexislaturas anteriores incrementáronse as tarifas eléctricas, nada menos que nun 63 %. Esta desacertada política enerxética deixou un déficit de tarifa de 30 000 millóns de euros. Afortunadamente, a situación hoxe é ben distinta porque o Goberno actual afrontou unha necesaria reforma do sector eléctrico, que por fin hoxe podemos dicir que acaba, do déficit de tarifa. Por primeira vez na historia podemos dicir que se lles devolveu diñeiro aos consumidores na factura eléctrica. Hoxe apóstase por un *mix* enerxético cunha rendibilidade razoable, tamén hai que dicir que foi o goberno do Partido Popular o que lles puxo impostos ás compañías eléctricas, hai un canon pola utilización dos ríos e tamén se lle puxeron impostos ao almacenamento dos residuos. Ademais, por primeira vez, estamos ante un compromiso real co aforro e coa eficiencia enerxética, lonxe do compromiso, como recordarán, do anterior Goberno, que se circunscibía a regalar bombillas ou suxerirlles aos ministros e deputados que fosen sen gravatas.

É un compromiso que está tendo reflexo no proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, onde se destinan nada menos que 260 millóns de euros en programas de incentivos como son os do vehículo eficiente ou axudas á rehabilitación enerxética de edificacións.

Na Lei do sector eléctrico séguese mantendo o bono social ao que teñen dereito aquelas persoas que cumpran algunhas destas condicións, potencia contratada inferior a tres quilovatios na súa vivenda habitual, persoas que teñan sesenta ou máis anos de idade, que sexan pensionistas e perciban as contías mínimas, familias numerosas ou que teñan todos os seus membros en paro. Segundo os datos que publicou o pasado mes de setembro a Comisión Nacional do Mercado da Competencia, o número de consumidores que se acollen a este mecanismo de protección, rolda os 2,46 millóns.

Polo que respecta ás medidas en relación coa interrupción da subministración eléctrica, a Lei tamén contempla e establece as bases de protección do consumidor.

Hai que dicir que agora mesmo están sendo abordadas estas disposicións normativas, é dicir, estanse tramitando os regulamentos que van desenvolver a lei neste aspecto. Resumindo, a Lei do sector eléctrico e o seu desenvolvemento regulamentario, o fin de déficit de tarifa, os plans de aforro enerxético e de eficiencia, son os alicerces básicos para acabar coa pobreza enerxética e protexer os usuarios. A estes alicerces básicos hailles que sumar outros aspectos como son os orzamentos xerais para o ano 2016, que lle destinan máis do 53 % do gasto a gasto social. É esa reforma fiscal a que vai poñer en mans dos consumidores 9 000 millóns de euros, que sen dúbida serán a mellor garantía para crear emprego, que é a mellor política para erradicar a pobreza.

Medidas da Xunta de Galicia podemos destacar varias: punto primeiro, ticket eléctrico. A Xunta publicou no DOG do pasado 4 de marzo de 2015 a convocatoria para solicitar o ticket eléctrico social, co obxectivo de reducir o custo da tarifa para aquelas familias galegas con menos recursos. Este ticket está dirixido ás familias galegas con fillos e fillas menores de idade ao seu cargo e cuxos ingresos non superen en 1,5 veces o indicador do IPREM. A medida súmase aos beneficios do bono social do Goberno central, o que permitirá incrementar os beneficios que este supón xerando de modo conxunto aforros de ata un 50 % no recibo eléctrico. Neste sentido, as axudas serán de 180 euros para as familias con dous ou menos fillos e de 300 euros no caso de familias numerosas.

A nova convocatoria mellora as súas prestacións, pasando de 90 a 180 euros anuais para as familias con dous ou menos fillos ao seu cargo e de 120 a 300 no caso das familias numerosas. Ademais, a convocatoria será compatible coa percepción da RISGA, incrementando os potenciais beneficiarios ata os 40 000 fogares. Para acadar estas cifras, a Consellería de Economía e Industria incrementa nun 25 % o orzamento, sumando 1,5 millóns.

A Orde terá unha duración dun ano, comprendendo o segundo semestre do exercicio xa rematado, e os primeiros seis meses desta anualidade. Así mesmo, e coa finalidade de facilitar a solicitude do ticket, que será por vía telemática, simplifícanse os trámites administrativos e refórzanse as vías de tramitación para que sexa máis fácil e sinxelo o seu requerimento. As persoas interesadas poderán dirixirse ás oficinas de calquera das xefaturas territoriais da Consellería, así como á Dirección Xeral para que lle tramiten a solicitude. Deste xeito, o Goberno galego da un novo paso a favor dos consumidores, no actual escenario que dificulta a moitas familias dispor dos recursos suficientes para o pagamento de enerxía coa que cubrir as principais necesidades básicas que estamos a comentar.

Punto número dous: na defensa dos consumidores eléctricos, n todo momento a Xunta está a defender os intereses dos consumidores galegos, tamén no eido enerxético. Nos dez primeiros meses de 2014 o Instituto Galego de Consumo leva tramitadas máis de 3 00 reclamacións relacionadas co sector eléctrico, das cales un 53 % xa foi resolto de xeito favorable para o consumidor.

De xaneiro a outubro abríronse 443 expedientes sancionadores relacionados co sector eléctrico, un 52 % máis que en 2013. Cómpre destacar ao respecto que a Xunta conseguiu que Gas Natural Fenosa, con máis de 1,6 millóns de clientes en Galicia, se adhire a un sistema de arbitraje. Polo tanto, Galicia é a primeira

comunidade que acada que Gas Natural Fenosa lles ofrezca aos seus clientes un mecanismo gratuíto, áxil e efectivo, para atender as súas reclamacións.

Finalmente, o Goberno galego ten en marcha a campaña “As claves da factura eléctrica”, que ten como finalidade facer máis comprensible ao consumidor a nova factura, no eido da reforma eléctrica levada a cabo polo Goberno central.

Un punto terceiro que garante a garantía do subministro: cabe destacar que a Xunta de Galicia non lles pode garantir a subministración enerxética ás familias porque invadiría a competencia estatal en materia de réxime enerxético. Cómpre recordar que o Tribunal Constitucional suspendeu a reforma da lei que regula o código de consumo de Cataluña o pasado mes de outubro, polo que as familias con dificultade para pagar o gas, a luz, a auga... non sufrisen os cortes de subministración durante os meses de inverno.

E, de acordo coa normativa vixente, as iniciativas legislativas populares deben de contar co apoio dos cidadáns maiores de idade, que se atopen inscritos no censo electoral. Este apoio acádase a través das sinaturas libremente recollidas, de acordo cos trámites e procedementos previstos na Lei orgánica reguladora da iniciativa legislativa popular. É dicir, non son os Plenos, nin doutras entidades, senón que son os cidadáns os que deben de adherirse e apoiar esta ou calquera outra iniciativa legislativa. Ademais esta iniciativa legislativa substanciarase no Parlamento, polo tanto, será a Cámara galega o ámbito onde, no seu caso, se debaterá e decidirá sobre esta proposición de lei. Ademais, antes de producirse esta modificación legislativa deben levarse a cabo unha serie de valoracións xurídicas, económicas e sociais por parte dunha serie de órganos especializados. Son eles, e non os deputados deste Pleno, os que deben de valorar as repercusións desta iniciativa legislativa popular.

Sinto que fose extenso na exposición, pero para aclarar certos matices da moción presentada e non deixar dúbidas ao respecto en canto as accións desenvolvidas ao respecto, e somos conscientes e seguiremolo sendo como fomos sempre, da difícil situación que están a vivir as familias, desde as responsabilidades que ten o Partido Popular nos distintos gobernos somos sensibles a esas situacións e seguiremolo sendo. Pero como antes avancei, tiven que estenderme na exposición, case foi unha lectura de recollida dos datos e das iniciativas levadas a cabo, e temos que, entendemos, como antes avancei, que a nosa postura a nosa moción, como avanzamos, será en contra.

Sr. Requeira Varela

Sr. Caínzos, menos mal que a exposición de motivos foi breve porque, madre mía, eu simplemente, empezando por como rematou vostede, simplemente, aquí o que dixemos foi apoiar simplemente que esta moción chegue ao ámbito parlamentar, como moi ben vostede di, serán o Parlamento e os grupos parlamentares os que teñan que mellorar a proposición de lei, que é unha proposición de lei que está impulsada neste caso pola CIG, pero como moi ben dixo o portavoz de Compostela Aberta, conta cun apoio moi amplo de diversos sectores da sociedade galega, e polo tanto, o que se pide aquí non é nin máis nin menos que que favorezamos que esta

iniciativa lexislativa popular, que eu creo que é ben interesante, que se debata e que sexa mellorada polos grupos.

En todo caso, vostede, eu non sei se fixo a intervención pensando que íamos dicir os demais, aquí fíxose unha análise moi somera de moitísimas cousas, empezando como sempre pola herdanza recibida, e logo dicíndonos as bonificacións extraordinarias que fai o Partido Popular, que normalmente veñen sempre do mesmo xeito, primeiro subimos as cousas un 200 % e despois baixámolas un 25 %.

En todo caso, nós reiteramos a petición de apoio a que isto se debata no Parlamento e a que no Parlamento haxa a altura política necesaria para que moitas das cuestións que se teñen expresado no articulado desta proposición de lei, saian adiante.

#### Sr. Dios Diz

Moi brevemente, eu é que da extensa intervención do deputado do Partido Popular saco dúas conclusións: unha, que el debe de ser a única persoa deste país que está satisfeita coa súa factura da luz, debe de ser o único, non creo que ninguén máis no país estea contento coas súas facturas da luz e, en segundo lugar, un aspecto moi importante: que parece polo que el di que temos que estarlle moi agradecidos á Xunta de Galicia, ao Goberno do Estado e ás eléctricas por que todo funcione tan ben. Sinto dicirlle que a sociedade vai por outro sitio.

#### Sr. Caínzos Vázquez

Xa non tiña pensado intervir, porque xa fora extenso na miña exposición, pero dicir e reiterar que dentro da capacidade que ten cada goberno na súa acción de goberno, fíxose e séguese a traballar nesa mellora e para que os impostos ou as tarifas, neste caso, que teñan que pagar cada familia ou cada usuario, se reduzan e se realice unha mellor prestación e un mellor servizo.

Creo que fixen unha reprodución das medidas e das iniciativas levadas a cabo, pero que se materializaron e que, dunha forma directa, fixeron un efecto nas familias e contribuíu a esa rebaixa desas tarifas ou iniciativas para as familias que non tiñan medios. Non sei se alguén lle molesta, ou non sei se alguén pódelle parecer mal que nese recordatorio ás familias que foron beneficiadas por esas medidas levadas a cabo, entendo que vostedes presentan unha moción que, evidentemente, defende unhas propostas e unha exposición de motivos, e nós no argumentario para expoñer a nosa postura a esa moción, facemos un recordatorio cronolóxico das medidas levadas a cabo, pero evidentemente houbo unha alternancia nos distintos gobernos das distintas administracións ao longo dos últimos anos e, evidentemente, as medidas levadas a cabo foron moi distintas entre os gobernos das distintas cores, creo que queda perfectamente clarificado.

Todo é mellorable e entendo que debemos de seguir traballando nesa dirección para que sexan máis beneficiados os usuarios, e niso seguiremos traballando, pero creo que o avance foi moi importante con respecto á situación tal e como está.

### Sr. Requeira Varela

Simplemente teño que agradecer que, efectivamente, esta segunda exposición foi bastante máis breve, pero simplemente dou os datos. Acábame de chegar unha nota de prensa dunha televisión galega, que nos fai saber o estado lamentable de pobreza enerxética dunha familia do Barbanza, de varios membros, de Ribeira creo, que non pode pagar os recibos da luz. Pero eu voulle explicar unha cuestión que a min realmente me chamou a atención e que tamén teremos que ter en conta.

Eu, a semana pasada, con motivo dunha visita institucional a un Concello desta provincia, tiven que visitar un museo de arte contemporánea, ao que asisten colexios de toda a provincia, á luz das candeas porque tiñan a luz eléctrica cortada. Casos como este danse por todos os lados e coñecémolos todo o mundo. Poida que o que din os seus papeis sexa nalgunha medida real, pero a realidade crúa e obxectiva está aí fóra, e hai moitísima xente que non pode acender a calefacción, hai moitísima xente que non ten acceso a poder pagar o recibo da luz, hai moitísimos cortes de enerxía e incluso administracións públicas que pasan por serios atrancos para manter servizos por non poder pagar os recibos de Fenosa. Cada un pode ver a realidade como lle pareza, pero en todo caso eu volvo, aínda que xa manifestaron o seu sentido do voto, eu unicamente lles pido que se propicie este debate a nivel parlamentario. Nada máis.

### Sr. Presidente

Simplemente respecto deste tema, porque é un tema ao que somos especialmente sensibles por ser unha vila enerxética, si que me gustaría dicir un par de cousas.

Creo que é moi importante, máis alá de que esteamos de acordo en todo, que é imposible practicamente, agás en cuestións moi vitais, que se fale deste asunto xa é un paso importante. Eu penso que o tema da electricidade empeza a verse desde un punto de vista doméstico, desde o punto de vista de que é un impacto nas familias inmenso, xa que leva unha moi boa parte das cada vez máis minguadas nóminas dos traballadores e traballadoras, e daqueles que están en situación de desemprego. Tendo en conta que, como ben dicía o portavoz do Partido Popular, a subida dos prezos da enerxía desde o 2006 ata o 2013 alcanza o 106 % do prezo da enerxía, polo tanto é un problema de país, é un problema onde igual que temos a conciencia de intentar chegar a pactos de Estado en temas que non son menores, este non é un tema menor.

E máis alá da pobreza enerxética doméstica, que é o problema máis grave neste ámbito, hai un problema que non é menor, e que ten un impacto moi importante na economía e na posible recuperación e xeración de emprego, que é que as empresas, as industrias están empezando a ameazar coa deslocalización polos prezos da enerxía e, polo tanto, estanse facendo filigranas, verdadeiras filigranas ao final do ano, e temos aquí ao ex alcalde da Coruña que coñece perfectamente o asunto. É dicir, cómo cada vez que hai unha poxa de enerxía á que asisten grandes industrias consumidoras intensivas de enerxía, hai que facer verdadeiras filigranas, sufrir verdadeiramente ata o último minuto para ver se se é capaz de optar por un dos cupos que puxa o Estado para intentar minimizar os custos enerxéticos de produción

que teñen eses centros produtivos onde traballa xente, onde traballa moita xente. Só na mariña lucense dependen máis de 4000 persoas dese custo de enerxía e, polo tanto, tendo en conta que a enerxía en España foi o segundo país en toda Europa, nos últimos dez anos, nos que máis subiu o prezo deste ben que é tan básico, tendo en conta o impacto que ten nas industrias e na xeración de emprego, na recuperación dese emprego, creo que hai que falar deste tema con moito respecto e intentar ser o menos demagórico posible, o menos, digamos que irresponsables posible, e ter en conta que, por exemplo, o déficit de tarifa non está solucionado, o déficit de tarifa, para que a xente o saiba, son 30 000 millóns de euros que se acumulan aínda a día de hoxe de déficit de tarifa, que están na conta de débeda do Estado, que está *titulizado* e que, polo tanto, as industrias son dereitos que fixeron efectivos nos bancos a conta do Estado, pero que é débeda que está aínda pendente de pagar por parte do Estado. O que si que hai é que o déficit de tarifa desde o ano pasado está en cero, non creceu máis, iso é certo, a última liquidación repartiuse o seu custo entre os consumidores, entre as empresas e entre o Estado, tamén entre os consumidores, e provocou dúas cuestións, provocou que o bono social ao que antes tiñan dereito millóns de familias, se reducise considerablemente porque a renda mínima pola que tes acceso a ese bono social se aumentou considerablemente e, polo tanto, teñen moitas menos persoas acceso a el.

E, por outra parte, o custo da tarifa de potencia contratada elevouse considerablemente para os consumidores e tamén para as empresas, e iso ten un impacto importante. Polo tanto, é moi positivo que non siga crecendo o déficit de tarifa, pero non é certo que estea o tema resolto, nin sequera encamiñado, creo que é un tema que vén, sobre todo polo que din os expertos, vén motivado precisamente pola posibilidade de que haxa déficit de tarifa, e foi unha decisión que se tomou nun momento determinado e que é un instrumento que non tería que existir nunca, porque é xogar coas xeracións futuras.

Polo tanto, creo que é bo que se fale disto, creo que é bo que se chegue a acordos nos Parlamentos, tamén no do Estado, que é onde realmente teñen competencias para determinar a política enerxética deste país que tanta importancia ten nos fogares e tanta importancia ten na posible recuperación do emprego do país a través do impacto económico que ten este custo económico nas industrias.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 12 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Apróbase a seguinte Moción:

## **“ MOCIÓN DOS GRUPOS BNG-ASEMBLEAS ABERTAS E PSDEG-PSOE SOBRE A PROPOSICIÓN DE LEI DE MEDIDAS PARA GARANTIR A ENERXÍA COMO SERVIZO PÚBLICO E CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA.**

O obxectivo do sistema eléctrico debe ser fornecer electricidade con maior nivel de calidade, ao menor custo posíbel. Con respecto ás cuestións ambientais, necesítase de maneira inadiábel que, a través dos mecanismos governativos oportunos, se garanta que un territorio coma o galego, que conta cunha grande capacidade de transformación de enerxía primaria en enerxía apta para o consumo, dispoña dun prezo da electricidade que constitúa unha vantaxe competitiva para as empresas que se localizan nel.

Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos que, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible.

Segundo datos recentes en Galicia, preto de 187 000 persoas, o 18 % do total da poboación, teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción etc.), situación que resulta intolerábel nunha sociedade socialmente avanzada.

A central sindical Confederación Intersindical Galega (CIG) está a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa legislativa popular, con obxecto de que a Administración galega desenvolva unha política enerxética que estableza medidas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galicia e como dereito universal de todas as persoas ao benestar social.

Por isto, os grupos PSdG-PSOE e BNG-Asembleas Abertas da Deputación solicítanlle ao Pleno da Corporación provincial a adopción do seguinte

### **ACORDO**

1. Manifestar o apoio da Corporación da Deputación da Coruña á toma en consideración da proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que está a impulsar por iniciativa legislativa popular a Confederación Intersindical Galega, recollendo o sentir maioritario da nosa sociedade.
2. Darlle traslado del á Presidencia do Parlamento de Galicia, aos portavoces parlamentarios e ao presidente da Xunta de Galicia.”

(Sae o Sr. Calvelo Martínez).

Sr. Secretario

A moción número tres quedou embebida na declaración institucional que se leu ao principio, as mocións número catro, sobre a ría do Burgo, e a moción número oito, que se entenden refundidas na moción que tiña pretensións de declaración, que

se leu ao principio, asinada, segundo se comproba polo voceiro do Grupo Popular, polo Grupo Socialista, polo Grupo do BNG e polo voceiro do Grupo Alternativa dos Veciños.

#### Sr. Sacristán de Diego

Pretendía ser unha declaración institucional, quedouse nunha moción asinada por catro grupos, eu vou tentar ser o máis breve posible, non vou facer a historia desde a época dos templarios que se apousentaron na ría do Burgo, senón que vou ir máis ao concreto, porque o que tampouco vou facer é unha mención ao que fixeron cada un dos gobernos na ría do Burgo, nin cada un dos Concellos, porque iso xa está, xa o vimos, e a realidade podémola palpar todos os días e, polo tanto, o único ao que me vou referir é a que é necesario adoptar decisións importantes sobre a ría do Burgo. Vimos moito tempo falando sobre este tema, é verdade que se fixeron bastante cousas respecto da ría do Burgo, pero consideramos que o máis importante que é a rexeneración dela, mediante a eliminación dos lodos que, evidentemente, se produce por unha serie de factores. É dicir, onde vertiamos os Concellos diariamente á ría, onde realmente se extraía area sen control ningún e onde realmente algunhas das obras públicas que se fixeron nos últimos anos tamén prexudicaron a ría do Burgo, como pode ser a presa de Cecebre ou pode ser os *pantaláns* do peirao da Coruña, que modificaron as correntes, e como consecuencia diso atoáronse os dous canais centrais que existían e fóronse acumulando os lodos nos laterais onde no seu día se extraeu area dela.

O que si que é evidente é que os mariscadores que nese momento, os poucos mariscadores que xa van quedando dunhas dúas mil duascenas persoas que no seu momento traballaron na ría, pois evidentemente o que se atopan diariamente é que esa ría estase convertindo en improdutiva, polo tanto, necesariamente hai que tomar decisións importantes.

Cremos que as decisións que hai que tomar son por parte do Estado: dunha vez por todas que se saque a licitación a dragaxe ambiental dos sedimentos da ría do Burgo; instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a un estudo e posta en marcha de axudas para o sector marisqueiro da zona no caso de que se constate que a actividade derivada da execución das obras teña influencia directa nunha perda de ingresos deste colectivo; e solicitarlles aos Concellos da ría que, de conformidade co último estudo feito pola Comunidade Autónoma, procedamos a reparar das nosas redes municipais as pequenas incidencias que se detectaron e, ademais, loxicamente, que as dúas obras importantes que quedan por facer, á parte da rexeneración dos sedimentos, que son o tanque de tormentas de Santa Cruz en Oleiros e o bombeo de Cambre, liciten o máis pronto posible, parece que nos orzamentos da Comunidade Autónoma vai contemplado ese investimento de 6,6 millóns, xa que son as dúas obras importantes que quedan por executar. Moitas grazas, pido a todos loxicamente o voto favorable.

#### Sr. Díaz Grandío

Boa tarde, primeiro dado este intento de converter esta moción, este refundido de dúas mocións, neste caso do Grupo de Goberno e do Grupo Popular, dunha declaración institucional, coa que estariamos encantados de poder darlle o voto



favorable. O que nos gustaría, dado esa intención, esa boa intención que existe e dada esa non consecución da declaración institucional que se deu non inicio, é que se intentase conseguir esa declaración para o próximo Pleno, iso que quede sobre a mesa. Nós, con este contido, este refundido que se fixo a toda présa, con toda a boa intención, nós queremos chegar un pouco máis alá e queremos xustificalo.

O que queríamos engadir nós era neste caso distinguir un pouco os reclamos entre os que se deben facer ao Goberno e a Xunta de Galicia. Queríamos engadir estes dous puntos, o primeiro que diría o seguinte: Dirixirse ao Goberno do Estado solicitándolle a licitación e execución durante o ano 2016 da dragaxe ambiental dos sedimentos da área do Burgo, proxecto incluído nos orzamentos do Estado 2016, así como a ampliación da dotación para exercicios seguintes das actuacións de mellora ambiental e posta en valor da ría do Burgo. Así mesmo, solicitarlle que tal actuación de dragaxe sexa obxecto das debidas cautelas de avaliación e control ambiental. Este último punto é tremendamente importante, é no que estamos traballando desde o goberno do Concello da Coruña para que se impliquen no proxecto outro tipo de entidades, neste caso departamentos da propia universidade, especialistas no control da propia bioloxía e do estado da calidade das augas, toda vez que, digamos, son tan ou máis perigosas, digamos, as consecuencias que pode ter a dragaxe que a propia permanencia dos lodos na situación actual. Unha dragaxe o que vai provocar é que, obviamente xa está contemplado, que esas partículas altamente contaminantes pasen ao fluxo hidráulico. Dentro das medidas de acompañamento ao Estado debería incluír o estudo e posta en marcha de axudas compensatorias e de promoción para o sector marisqueiro da zona, co que tamén se corresponde nesta moción.

E un punto segundo, que sería instar á Xunta de Galicia á introdución dos orzamentos 2016 dun investimento específico para o Plan de saneamento integral da ría do Burgo, cuxas actuacións serán obxecto de previa negociación e convenio cos Concellos afectados, é dicir, non estamos obviamente, nin moito menos en contra da execución do tan necesitado tanque de tormentas, e do bombeo do Temple, senón que queremos que se engadan efectivamente outras actuacións concretas e que estea previstas a colaboración cos Concellos.

Repito, con esta moción tal cal está escrita neste refundido de dúas mocións, non imos emitir o noso voto favorable, o que si que nos gustaría é que este tema quedase para poder traballar neste mes e para poder levar unha declaración institucional co soporte de todos os grupos.

Sr. García Seoane

O tema da ría vén de moi lonxe. Eu levo trinta e seis anos no Concello, pero catro anos antes xa estaba nas asociacións de veciños, desde o ano 76, e loitamos arreo para que a ría da Pasaxe, que era unha cloaca asquerosa, entre as empresas que estaban alí, mais as verteduras que había dos Concellos, de todos os Concellos que rodeábamos a ría, era unha verdadeira cloaca. Ao longo de anos houbo un traballo arduo, e teño que dicir con todos os gobernos galegos que houbo, tanto do PP como do PSOE, e houbo un traballo tamén en contacto, unha colaboración dos concellos, a Xunta, o Ministerio de turno máis a Comunidade Europea, quero dicir, a maior parte das obras que se fixeron foron a través dunha loita tremenda de anos e anos, de todos volcándonos, dos mariscadores, que tiveron unha parte importantísima

nesa loita, e logramos ao longo dos anos sanear a ría, hoxe a ría non ten nada que ver con aquela que atopamos cando entramos nos Concellos, ou naqueles primeiros anos que estivemos gobernando nos Concellos. Eu creo que houbo un esforzo moi grande, un traballo moi grande, fixéronse estudos, en concreto desde o Concello de Oleiros contratamos unha empresa multinacional naquel entón, que lle chamaban Irasa, fixérase un proxecto primeiro de saneamento da zona de Santa Cristina, que vertía toda, toda Santa Cristina vertía nas rúas e na praia de Santa Cristina, quero dicir, que hai un traballo feito de moitos anos.

Isto que estamos a falar hoxe aquí, nesa moción que tanto traía por un lado o goberno, cos dous grupos que compoñen e tamén co Partido Popular, e somos coñecedores que son resultado desa loita longa de moitos anos, que tardou moitos anos ese tanque de tormentas de Santa Cruz, e que hai que facelo xa. Non pode agardar máis unha localidade como Santa Cruz, belísima, e que cando hai un desbordamento do tanque actual, contamina, cando todo está recollido, pero cando hai un desbordamento de augas fluviais causa unha contaminación actual, que algúns espallan como se estivese destrozada Santa Cruz, unha vila tan fermosa como a que temos alí, que non é verdade, é un tema puntual. Por tanto, son obras necesarias.

O tema da ría ao que se lle leva dado moitas largas, aquí si que se fixo moita demagogia polos que gobernaron, uns e outros, na Xunta de Galicia e nos Ministerios de turno, o saneamento da ría. No fondo da ría hai uns pousos que son terroríficos, que hai que sacalos e, por tanto, hai que movelos, está alí, e cando os nenos do Burgo, cando os nenos de Cambre baixan á ría entérranse ata medio metro nesos lodos. Iso non pode estar aí, iso hai que retiralo. Hai un proxecto marabilloso, inicialmente, xa veremos cando se leva a práctica, e que se fixo a través dun estudo de impacto ambiental, é dicir, o goberno de turno tivo que facer un estudo de impacto ambiental para poder chegar a contratar o traballo de rexeneración da ría, non podía ser doutra forma, non se pode facer un proxecto e meterse na ría sen que os técnicos, os técnicos neste caso preceptivos, medioambientais, digan se procede ou non facer este traballo. Iso está feito, o que temos é que axilizar, que creo que era o espírito das dúas mocións de hoxe, temos que axilizar que eses traballos se leven xa, que non haxa máis demora porque a comarca está padecendo eses problemas.

Eu creo que non difire en nada o que di o compañeiro da Marea, pero isto non ten sentido deixalo hoxe aquí sobre a mesa, para volver a tratar dentro dun mes, porque imos falar máis do mesmo.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, Sr. Presidente, compañeiros e compañeiras. A verdade é que o Grupo Provincial Popular presentou unha moción coa vontade de chegar a un consenso, e nós, valorando a iniciativa conxunta do Partido Socialista de Galicia e do BNG, estamos absolutamente de acordo coa tentativa de moción que tiñamos previsto presentar hoxe, polo tanto estamos de acordo con que se vote esa tentativa de acordo como unha moción. Estamos de acordo no fondo da cuestión, tiñamos algún aspecto que pretendía mellorar a parte resolutiva da moción conxunta do Partido Socialista e do BNG, estamos falando dun tema, como se subliñou nas intervencións anteriores, que lle afecta a diferentes administracións. A verdade é que eu, cando tiveron noticia de que o Grupo de Marea Atlántica non tiña intención de asinar

este acordo conxunto, sorprendeume e preguntei cal era o motivo. Parece que agora o seu representante especificou o motivo, a verdade é que non vexo xustificación algunha, posto que estamos a falar dunha cuestión na que inciden diversas administracións. O papel do Estado está claro, poderíamos discutir sobre a prolongación do problema, pero gustaríame subliñar que a Administración do Estado nos últimos tempos ten unha implicación clara nesta cuestión, realizou un informe da dragaxe, complicado, complexo, estamos a falar dun problema importante, non foi un informe calquera, gustaríame subliñar que foi o Cedex, creo que o Cedex é o organismo máis importante probablemente que existe en Europa, probablemente un dos máis importantes do mundo respecto de cuestións técnicas medioambientais, de obras públicas, de dragaxes, definiu o nivel de contaminación dos diferentes sedimentos e a solución para eles foi un proceso participativo. Un proceso no que me consta que tiveron implicación diversas universidades e que deu como froito unhas consultas previas sobre o impacto ambiental e unha tramitación de impacto ambiental conforme á normativa europea. Iso trouxo a redacción dun proxecto e unha implicación orzamentaria nos orzamentos do Estado para o ano 2016 e seguintes, polo tanto creo que é positivo que nesta deputación instemos o Goberno do Estado a facer o que tiña previsto facer, que é mobilizar eses sete millóns de euros na súa integridade, licitar e adxudicar a actuación para que poidamos resolver este problema.

Tamén a Xunta de Galicia creo que traballou arreo nos derradeiros anos para colaborar cos Concellos, que son os últimos responsables do saneamento, na mellora das súas redes, a Xunta de Galicia ten orzamentado esas dúas actuacións que son importantes a efectos de diminuír o impacto das verteduras actuais na ría. Tamén grazas a eses esforzos podemos dicir que melloramos a clasificación microbiolóxica da ría do Burgo desde o ano 2010 e que está en marcha o Plan de saneamento local que lle permite á Xunta de Galicia executar esas dúas obras, o bombeo do Temple e o tanque de tormentas de Santa Cruz e, polo tanto, avanzar no saneamento. E por último, tamén esta moción recolle a participación dos Concellos na mellora das súas redes na xestión da rede de saneamento para evitar esas verteduras. Polo tanto, creo que é un tema que está en vías de solución e que esta moción é absolutamente asumible e que permitirá, creo, de cumprirse as previsións que están recollidas nela, que poidamos recuperar ambientalmente a ría, loxicamente tendo en conta que a ría tivo unha modificación como consecuencia do propio crecemento dos municipios que están no seu bordo, pero en todo caso creo que non vexo xustificado eses matices da Marea, e obviamente o Grupo Provincial Popular votará a favor desta moción.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (11 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica)

Apróbase a seguinte moción:

### **“MOCIÓN DE APOIO AO SANEAMENTO E Á REXENERACIÓN DA RÍA DO BURGO**

A rexeneración da ría do Burgo é, sen lugar a dúbidas, un dos grandes retos ambientais da Area da Coruña nas últimas décadas.

Malia a súa riqueza marisqueira e valores paisaxísticos e ambientais, atópase nunha situación de grave deterioro, a que a súa degradación ten, ademais, consecuencias directas no ámbito socioeconómico por afectarlle ao colectivo marisqueiro que traballa na zona.

Unha ría na que hai trinta anos mariscaban 2200 persoas. Hai tres décadas, o 85 % dos espazos da ría eran produtivos, cando agora a porcentaxe chega só a un 20 %. De continuar este nivel de deterioro, achegarse a total morte reprodutiva desta zona de gran valor.

Dende hai algo mais dunha década, comezouse a asumir a urxencia das actuacións neste ámbito e déronse pasos importantes dende a esfera autonómica en colaboración cos Concellos para atallar parte dos problemas na súa orixe: construción de colectores de saneamento, bombeos, estanques de tormentas, colectores separativos, Edar de Bens, Emisario de Bens etc., para evitar as verteduras á ría en condicións normais de choiva.

Todos os Concellos da ría, os mariscadores/as e mesmo a Xunta de Galicia están de acordo en culminar os traballos realizados, para o que cómpre acadar o compromiso do Estado asumido nos últimos anos de rexenerar os fondos mariños da ría.

A rexeneración da ría debe ser un tema de capital importancia para todas as Administracións, cada unha, dende o ámbito competencial que lle corresponda, debe poñer os medios necesarios para acadar a total recuperación da ría.

Por todo isto, a Deputación da Coruña insta ao Goberno galego a licitar e executar á maior brevidade o tanque de tormentas de Santa Cruz (Oleiros) e o bombeo do Temple (Cambre), por un importe de 6,6 millóns de euros, obras incluídas dentro do Plan de saneamento local da ría do Burgo.

Instar ao Goberno do Estado á licitación no 2016 da dragaxe ambiental dos sedimentos da ría do Burgo.

Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España o estudo e posta en marcha de axudas para o sector marisqueiro da zona, no caso de que se constate que a actividade derivada da execución das obras teña influencia directa nunha perda de ingresos deste colectivo.

Solicitarlles aos Concellos da ría, con competencias na materia de depuración e saneamento, a súa implicación na rexeneración da ría abordando as obras necesarias nas respectivas redes municipais para solucionar as incidencias detectadas nos últimos estudos realizados pola Xunta.”

Sr. Secretario

A seguinte moción é a que figura baixo o número cinco, moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños sobre o arraigamento da herba da pampa no ecosistema galego.

Sr. García Seoane

O Grupo Alternativa dos Veciños ante a situación que se vén dando con esta planta da pampa, estranxeira, en todo o sentido da palabra, pasa a expoñer os seguintes motivos para facerlle unha proposta a este Pleno.

A invasión da *cortaderia selloana* ou herba da pampa, como lle chama case todo o mundo, ou plumachos, para aqueles que non son especialistas en ningún tema de herbas e plantas, é unha realidade nos concellos da provincia da Coruña. Non hai máis que observar a contorna urbana, as estradas e autoestradas, ou zonas do rural, para darse conta do nivel de arraigo desta especie exótica invasora no ecosistema galego. Dende a súa cuestionable introdución polo Ministerio de Fomento e pola Xunta de Galicia como elemento “estético decorativo” nas medianas das autoestradas, a herba da Pampa colonizou centos de hectáreas de estradas, parques e xardíns, terreos particulares e mesmo zonas urbanas, aquí na nosa proximidade, Alfonso Molina, a estrada da costa, onde están os hospitais, toda a zona das Xubias, a N-VI, onde hai nudos de comunicación das estradas autonómicas, ou tamén algunhas provinciais. Os danos *plumachos* poden producir máis de cen mil sementes cada planta de rápido crecemento e polo tanto, un día de vento poden plantar de inmediato esas cen mil novas sementes cada planta que temos posta na nosa contorna. Ademais, a súa presenza na época estival eleva de forma exponencial o risco de incendios forestais, un dos principais problemas da nosa comunidade nestes últimos anos.

O que, nun principio, tanto a Xunta de Galicia como o Ministerio de Fomento trataron de vender como un complemento “estético” para as medianas das autoestradas da Comunidade, hoxe converteuse nunha das peores pragas vexetais de Galicia e do Estado, porque non só está en Galicia, e ante a inoperancia destas dúas institucións e a falta de coordinación mediante un plan específico de actuación, o problema crece de forma exponencial.

Tal e como advirte a asociación Ecoloxistas en Acción, a aparición de especies exóticas invasoras fóra dos seus ecosistemas ten unha serie de consecuencias naturais desastrosas, agravadas no caso da herba da Pampa, tales como son as seguintes:

Perda da biodiversidade autóctona, flora e fauna, onde entra desaparecen as plantas galegas e desaparece a fauna galega; alteración do funcionamento dos ecosistemas afectados; deterioro dos recursos e servizos que estes ofrecían anteriormente e custos económicos e sociais derivados; forte impacto visual e paisaxístico alterando as características propias da paisaxe natural nosa galega; dificultade no mantemento das parcelas invadidas, sobre todo nas que os exemplares son de gran tamaño. Teñen que saber que esta planta, un labrador, un veciño, non a pode arrancar unha vez que deixou arraigar a planta na súa finca, esa planta non se pode sacar se non é cunha

apaleadora, porque eses tractores que hai con cadeas patina, curtan a parte de enriba, pero deixan a raíz e logo volve saír outra vez, indubidablemente.

Tendo en conta todo o anterior, propónselle ao Pleno da Deputación da Coruña adoptar os seguintes acordos, por entender que é un tema desta Deputación provincial, deste órgano, e por ser o órgano dos concellos e por ser os afectados os concellos de Galicia.

Establecemento dun protocolo de actuación único, que contemple tanto os aspectos administrativos e legais como as técnicas aplicables, con base ao anexo I desta mesma moción que presento, nos diferentes casos e tipoloxías dos terreos, o que explicaba agora, hai que saber como eliminar a planta porque non vale con cortala e o primeiro que habería que facer é cortar os plumachos e máis tarde secar esa planta para podela arrancar, senón non podería ser, se non é a través de tractores ou similares, tractores con cazo.

Supervisión pola Deputación da Coruña do cumprimento deste protocolo de actuación e aplicación deste nas vías provinciais, as vías provinciais están cheas desta planta porque as empresas que fan a limpeza de cunetas, ao facer a limpeza de cunetas, como haxa unha planta cerca o que fan é plantar esas sementes, que voan como dicía antes, polo tanto cando se curte hai que tratala.

Establecemento dunha liña de atención e asesoramento para que a cidadanía poida actuar de forma correcta nas súas propiedades.

Establecemento de convenios de tratamento coas empresas do sector interesadas en realizar este tipo de actuacións dentro do protocolo establecido, nos que se definan claramente os prezos unitarios para evitar que rouben aos veciños, había que asesorar moi ben canto custa facer este traballo, para evitar que alguén se aproveite desta situación, que sempre os hai, dicía, definir claramente os prezos unitarios e as responsabilidades dos axentes implicados, co fin de lle asegurar á cidadanía que os traballos por eles contratados coas empresas adheridas teñen un prezo xusto e se realizarán coa máxima eficacia e profesionalidade.

Establecemento dun sistema de control a longo prazo sobre as actuacións realizadas, tanto polas persoas particulares como polas Administracións públicas e aprobación dunha serie de sancións administrativas, ao amparo da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia nos seus artigos 9 e 199, e das leis estatais, Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o catálogo español de especies exóticas invasoras (incluída esta planta), para os propietarios dos terreos que non limpen das súas propiedades esta especie, ou que non o fagan conforme ao protocolo de actuación axeitado, xa que estaría a favorecer a propagación da especie a máis de 15 km á redonda desa planta un día de vento.

Hai que dicir que o Goberno da nación e a Comunidade Autónoma teñen leis pero non as aplican, e eu o que estou pedindo aquí é que se apliquen estas leis porque están aí para aplicarse, quen máis as incumpre neste caso é a Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma nas súas estradas, polo tanto habería que tomar medidas desde os concellos, abrindo expedientes sancionadores, como fan eles a veces cos concellos, expedientes sancionadores por estar invadindo os nosos municipios cunha praga tan grave, e cobrándolles as sancións, claro.

E oitavo, requirir á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Fomento a eliminación total das plantas nas marxes das estradas, rotondas e nós de comunicación da súa competencia.

Se isto non se fai, se isto non traballamos neste tema, Galicia vai parecer a pampa arxentina. Se alguén quere ver algún exemplo disto puxen algúns claros, hai que ir ao aeroporto de Alvedro, na marxe dereita, non se ve porque está a costa, pero todo o fronte está tomado, onde actuaron estas estradas novas que se fixeron na contorna de Culleredo, principalmente, por parte da Xunta de Galicia, vemos tamén que está empezando a proliferar, onde hai movemento de terras está logrado o obxectivo desta planta, invadir e acabar coa nosa flora e fauna en Galicia. Nada máis.

Sr. Dios Diz

Simplemente, nós imos votar a favor da moción, eu alégrome especialmente de que Gelo, Alternativa dos Veciños, retirara a referencia ao glifosato que había no borrador inicial, porque para nós ese era un tema especialmente perigoso, sabedes que é un herbicida que comercializa Monsanto e que é denunciado como moi perigoso pola propia Unión Europea e mesmo polos expertos, o feito de que se retirara ese herbicida como mecanismo para combater a herba da pampa parécenos moi razoable.

Sr. Sacristán de Diego

Moitas grazas, Sr. Presidente, por permitirme a intervención. Neste asunto no que nós intentamos chegar a un acordo con Alternativa dos Veciños e presentar unha moción conxunta na que, baseada en tres puntos fundamentalmente, porque entendemos que a proposta que se nos fai, estando de acordo no fondo coa eliminación da planta selloana, consideramos que, evidentemente, non é a Deputación a responsable de facer un plan, non podemos utilizar, creo eu, a Deputación sempre que, parece o caixón de xastre, que ten que solucionar todos os problemas que non soluciona ninguén, e creo que, como ben dixo o representante de Alternativa dos Veciños nas últimas verbas, dentro de pouco Galicia estará chea da cortaderia selloana. Con base niso, precisamente, era onde nós propoñiamos que se fixera unha moción baseada en tres puntos, que era instar á Xunta de Galicia á elaboración dese plan conxunto de erradicación da cortaderia selloana, ou herba da pampa, que está a invadir Galicia, que contemplara aspectos administrativos, xurídicos ou técnicos porque, evidentemente, quen debe tomar onde se debe de establecer cales son as sancións administrativas, etc., debe ser nese proxecto, a Deputación non é competente para establecer esas cuestións; solicitar tamén á Xunta de Galicia para a elaboración ou aprobación do Plan de erradicación, o concerto cos concellos e administracións públicas e persoas particulares, propietarios, para fixar os

prazos para a súa erradicación e estableza unha liña de subvencións para incentivar a súa erradicación, e mentres iso non ocorría, evidentemente, a Deputación asumía a responsabilidade de erradicar as plantas invasoras que se atopan na zona de servidume das estradas provinciais.

Creemos que eses tres aspectos en nada modifican a proposta de Alternativa, sendo o obxectivo principal a eliminación e erradicación da cortaderia selloana, evidentemente cremos que con estes tres aspectos solucionaríase o problema. O problema non se soluciona, como tamén ben dixo o representante de Alternativa, tomando decisións unilaterais pequenas, é dicir, de cada propietario que faga a corta da súa finca, se non se fai un plan de actuación conxunto e, evidentemente, pódese erradicar, imos supoñer que nos puxéramos todos de acordo na provincia da Coruña para erradicala, houbera medios suficientes, económicos, etc., e os particulares colaboraran, evidentemente teríamos o problema que se pasaría realmente a outra provincia, en calquera outra provincia na que se estivera xa esta semente poderíase estender a todas as demais provincias.

Quere dicir que ten que ser unha actuación conxunta a nivel galego, todos teremos que poñer o que haxa que poñer, pero dentro dun plan conxunto que debe de facer a Xunta de Galicia e loxicamente a deputación, como sempre, como todas as deputacións, están dispostas a colaborar sempre que se lle chama por parte da Comunidade Autónoma, ao facer o plan exclusivamente por parte da Deputación da Coruña parécenos que non é suficiente, parécenos tamén que non é competente para establecer as sancións administrativas, e polo tanto debe facerse un plan por parte da Xunta de Galicia, como se fixo o Plan da xestión da biomasa, onde realmente todos sabemos, aínda que é moi molesto tramitalo, que deberían reducirse prazos, etc., pero polo menos hai un plan que os concellos podemos aplicalo, aínda que xa digo, nos leve algúns casos ata seis meses na súa tramitación, cremos que esa tramitación poderíase reducir, e niso estamos tamén co Plan de erradicación desta planta, nada máis.

#### Sr. Fernández Mouriño

Bos días. Desde o Grupo Popular estamos plenamente de acordo con esta moción que presenta Alternativa dos Veciños, se ben non leu o terceiro punto, que fala de crear unhas brigadas, non sei se é que o retirou, ou segue mantendo esa proposta, crear unhas brigadas en colaboración coa Deputación para intentar acabar coa corta.

A verdade é que todos somos conscientes de que se cada día vemos máis plumachos deses, e está chegando sobre todo, incluso en Portugal xa os hai, e moita máis cantidade incluso que aquí. E é vergonzoso, se ides a Arteixo, o propio Polígono de Morás, que é da Xunta de Galicia, está totalmente cheo dese tema. Pero eu creo que a Deputación, ao revés do que di o Sr. Sacristán, eu creo que a Deputación debe participar nese tema porque, se ben a orixe creo que foi na AP-9 cando a puxeron de medianeira para evitar o cegamento dos coches, si agora dámonos conta de que prolifera, non só a quince quilómetros, senón a moitos máis, e podemos dicir tamén que tanto nas estradas da Xunta como nas propias nacionais, como nas autovías e autoestradas, e onde máis proliferan, non sei se é que as rodas dos camións, dos coches fan que se estenda máis polas súas cunetas eses plumachos, o caso é que é



onde máis difícil tamén é de erradicar. Sabedes que hai biondas, nesa zona pasan con esa desbrozadora desa forma, e é cando posiblemente non estaría acabado.

Eu creo que a Deputación debe participar neste tema, xa non falo ao mellor a nivel económico, pero si como concello de concellos e ao mesmo tempo como institución sería que é, espero que sexa sería, porque eu creo que neste Pleno de hoxe, eu que levo uns días xa nesta institución, vexo que non hai moita coordinación, non sei se sobran cousas, non sei se sobra a Xunta de portavoces, se sobran asesores para facer emendas, o que si está claro é que eu creo que deberíamos de poñer un pouco máis de coordinación nesta institución da cal me sinto orgulloso de estar. E é por iso, porque digo se sobran asesores, porque claro, eu tamén traía cincuenta e tres páxinas para ler, porque realmente hai un protocolo por parte da Xunta para actuar en todos os concellos, como temos que facer, como non temos que facer, do cal eu creo que quitou todo ese anexo Alternativa dos Veciños, o caso é levala á práctica, e levala á práctica eu penso que a Deputación é onde debe de esixir, creo que o Bloque, que ten representación tamén no Parlamento de Galicia, trae aquí unha moción para que a Deputación a leve ao Parlamento de Galicia, e que o señor presidente, que entende de enerxía, que nos expoña todo o que sabe, eu tamén estou totalmente de acordo en que a Deputación, como concello de concellos, e os concellos que estamos realmente afectados por ese tema, e os propios veciños que non poden facer nada por moito que, mentres non lles quitemos o que son os plumachos das estradas e dos camiños municipais, vanse expandir ás súas propiedades, polo tanto, o que temos é que dar exemplo nós primeiro.

(Entra o Sr. Calvelo Martínez).

Eu creo que a Deputación si debe participar activamente no tema este, pido o voto a favor desta moción presentada por Alternativa dos Veciños, porque debemos de acabar con isto. Temos xa nesta zona o cangrexo americano, temos visóns, temos de todo, e pouco a pouco eu creo que deberíamos ir acabando con isto.

Hai uns días aprobouse tamén unha moción relacionada coa avésa asiática, e si creo que se aprobou unha partida, pero hai que levala a cabo. Sabemos que en abril, en marzo, na primavera é cando se expanden e cando prolifera, e cando van criar novas avésas, e se non o temos solucionado alá en marzo, ou en abril, pouco imos facer no ano que vén, non sei se é compra de traxes, que é o que hai que facer, pero si que convén, porque cada día, cada mes que pasa, para estas especies invasoras, pouco podemos facer.

Eu estou de acordo en que a propia Deputación tutele este tema dos plumachos, porque posiblemente o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia se ven un requirimento da Deputación dicindo que o tomen en serio e que nos próximos desbroces, ou nas próximas limpeza que se fagan especificamente, todo o que teñen que facer nese protocolo que a Xunta ten, e calquera Universidade seguro que o ten máis que estudado, de facer o que hai que facer, se con glifosato ou calquera outro herbicida selectivo ou non selectivo, o caso é que tiñamos que tomar isto en serio dunha vez, porque de verdade que non se está parecendo nada a nosa Galicia verde, con estas cousas agora feas que están saíndo continuamente, que no seu día eran ornamentais, incluso mentalizando aos propios veciños de que non son ornamentais, que o que se están é facendo dano, porque algúns deles aínda os teñen no seu

xardín e presumen deles posiblemente tamén divulgando o que é este problema, e seguro que tamén o agradecerían porque non saben moitas veces que é nocivo, e que incluso é unha planta invasora. Grazas.

Sr. García Seoane

Eu se presentei isto aquí na Deputación é porque entendo que é un tema dos concellos prioritariamente, eu engadido á moción presentei unha serie de documentación, de lexislación, que está aí, a Xunta ten lexislación, e o Estado ten lexislación, acáboo de dicir na mesma moción, pero non fan nada, porque son os primeiros contaminadores nas súas estradas, e iso está levando adiante a contaminación das nosas vilas. Entón, eu teño unha experiencia tamén moi grande, como político, orgulloso que me sinto de ser político, teño unha experiencia moi grande de que cando se fala de estudos, iso vale a pena xa non pensar en nada, o estudo queda no caixón, está ben para quen o contrata, pero ao final non vemos nada de nada. Isto é unha cousa moi sinxela, igual que aquí na Deputación, dicía Julio, caixón de xastre, caixón de xastre para moitas cousas que se aprobaron hoxe aquí e outras que se van traer, pero é que isto é un problema serio de Galicia, é un problema serio da nosa terra, os que amamos a nosa terra, os que amamos a Galicia, ao noso país, temos que evitar que a nosa planta acabe coa nosa flora e fauna porque acabará como non tomemos as medidas correspondentes, e non podemos a aqueles veciños que non teñen culpa ningunha, inundarlles as leiras desas plantas e logo sancionalos, e que é tremendo, pero claro, haberá que chegar a facelo, pero quen ten que actuar primeiro son os concellos, e cando eu traía isto aquí, un dos apartados di "Apoio aos concellos", esta é a casa dos concellos "Apoio aos concellos mediante convenios de contratación de brigadas", igual que facemos un plan para calquera cousa, podemos facer un plan pequeno, adaptado ao problema, que o problema é grande, pero non estou falando de grandes temas de diñeiro, poñer unha partida, facer un plan, darlle a opción aos concellos para que se poidan presentar, para que os concellos sexan eles cos veciños quen leven adiante a curta desa planta, tanto nas parcelas propias do concello, nas beirarrúas das rúas e dos camiños, como se fixera falta cooperando con comunidades veciñais, para erradicar esa planta.

Polo tanto, iso é o que eu propoño aquí, e non é ningunha cousa que se saia de lei, pode haber, xa digo, un plan provincial pequeno e que non ten porque ser unha cousa doutro mundo. Temos que concienciarnos de que é un problema real, A Coruña esta invadida, se imos pola costa da Coruña, pola zona norte da Coruña, está invadida, se imos pola zona da ría está invadida. A Coruña é unha sociedade urbana, pero naqueles sitios que é menos urbana, onde ten os polígonos industriais, onde ten os novos polígonos que vai desenvolver, aquí en Palavea, en Elviña, estamos vendo a cantidade de plantas que saen por todos os sitios. Polo tanto, é un problema moi serio que temos que abordar nos concellos, e eu o que pido, Julio é que se hai cousas na miña moción que se entenda que sobrepasan á Deputación, sacámolas, e se non sobrepasan á Deputación, que as fagamos. Eu non me aferro a que todo isto que está aquí ten que ser da forma que eu digo, digo que é un problema serio e que temos que solucionalo, nós os concellos, non o vai solucionar ninguén se non somos nós tomando as medidas oportunas en cada caso.

### Sr. Sacristán de Diego

Estamos totalmente de acordo en que temos que ser os concellos os que eliminemos a parte que nos corresponda, o que non entendo é que sexamos capaces de facelo sen un plan de erradicación. Eu non digo facer estudos, na nosa moción dise un Plan de erradicación, e dicía con datas concretas, é dicir, non é un estudo calquera porque creo que é a única forma de comprometernos realmente todos en que este tema se solucione, e eu tampouco dixen que a Deputación non tivera que poñer cartos, eu non dixen que non tivera que colaborar, ou que poñer cartos, eu dixen que unha vez feito ese plan, que a Deputación pode colaborar, pero unha vez feito ese plan, porque a Deputación non é competente, pode facelo, pero creo que non ten competencias para poder sancionar en caso de que fora necesario.

E logo é evidente que todos, polo sistema que estamos a empregar ultimamente na limpeza das nosas cunetas, evidentemente que estamos a propagar por toda a provincia a planta, polo sistema que temos, porque claro, as sementes van nas máquinas, nos tractores, loxicamente vanse estendendo dun municipio ao outro, que é verdade que empezaron na autoestrada, pois si, pero evidentemente a partir deste momento que temos detectado o problema eu creo que é fundamental facer un plan, non estudos, un plan de erradicación, con datas concretas e con criterios de actuación, porque evidentemente cada un pode pensar que o pode eliminar sulfatando ou non, pero eu creo que de verdade hai que pensar en conxunto para toda Galicia, e facer ese plan que nós consideramos que é necesario.

E volvo reiterar que non nos opoñemos, e nas nosas propostas non ía que a Deputación non puidera facer, ao contrario, di "Solicitar á Xunta de Galicia que unha vez elaborado o plan e aprobado o plan de erradicación, concerte cos concellos e administracións públicas, deputacións e particulares prazos para a súa erradicación, e estableza unha liña de subvencións para incentivar a súa erradicación". Que dentro dese plan hai unha parte que ten que subvencionar a Deputación, pois a subvencionará, haberá outra parte que teña que subvencionar a Xunta, e se queremos subvencionar aos concellos, subvencionaremos. Pero o que está claro é que non ía en detrimento en absoluto, e creo ademais que con esta moción se concretaba moitos máis prazos para eliminar a planta, e mentres tanto, onde podemos actuar, que neste momento é nas nosas estradas, loxicamente que actuemos de xeito inmediato, pero ese non vai ser o problema, porque creo que a Deputación non é un problema económico o non poder actuar para eliminar a planta dentro das súas estradas, creo que iso non soluciona o problema se non o facemos conxuntamente, porque como ben dicimos todos, ou se actúa conxuntamente ou se non, non hai nada que facer. Polo tanto, nós consideramos que as nosas propostas non ían en contra en absoluto da que presentaba Alternativa dos Veciños, e de todas maneiras, nós cremos que o establecemento do protocolo, nós cremos que é mellor facer un plan, supervisión por parte da Deputación da Coruña deste protocolo, xa digo que se facemos un Plan para Galicia non é necesario que a Deputación supervise, e en todo caso podería supervisar se se lle atribúe nese plan esa capacidade de supervisión, e actuación en vías provinciais, aí si que non teríamos problema, estamos totalmente de acordo. E apoiar aos concellos mediante convenios, tampouco estamos en desacordo, sempre e cando exista un plan serio realmente de que imos actuar en toda Galicia para eliminar coordinadamente esta planta.

Eu creo que establecer unha liña de atención e asesoramento aos cidadáns tampouco habería problema, pero nós entendemos que o fallo fundamental está en pretender, a través dunha actuación, dun protocolo de actuación, pensar que se vai eliminar a planta, sen establecer datas, nós coidamos que é necesario aprobar ese plan para eliminar a planta, e ademais que esa competencia a ten a Comunidade Autónoma.

Sr. García Seoane

Entendo que o único que hai que facer é un plan provincial colaborando incluso coa Universidade que xa colaborou outra vez no tema. Ademais a Xunta de Galicia tamén ten un protocolo que nós temos na páxina web do Concello de Oleiros para actuar contra esta planta, a Xunta de Galicia estableceu un protocolo para saber como hai que sacar esta planta, non temos que inventar nada, está todo inventado o que hai que facer, e eu o que digo é que debemos facer un plan provincial de axuda aos concellos para erradicar esta planta.

Sr. Sacristán de Diego

Por última vez, un protocolo non é un plan, primeira cuestión, un protocolo non é un plan. Segunda cuestión, a Deputación vai sacar un Plan medioambiental de catro millóns de euros onde se pode presentar calquera opción dese tipo, polo tanto, calquera concello pode solicitar a eliminación da planta a través dese Plan medioambiental, ninguén lle impide que poida presentar a proposta que queira, pero xa lle adianto que esa non vai ser a solución, verémolo, non vai ser esa a solución, pero de todos os xeitos nese plan pódeno solicitar, igual que poden solicitar unha iluminación pública, van poder solicitar un tema de eliminación da planta, pero non creo que sexa a solución.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 15 deputados (12 do PP, 1 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados (8 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

Apróbase a seguinte moción:

**“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS SOBRE O ARRAIGAMENTO DA HERBA DA PAMPA NO ECOSISTEMA GALEGO.**

A invasión da *cortaderia selloana* ou herba da Pampa é unha realidade nos Concellos da provincia da Coruña. Non hai máis que observar o contorno urbano, as estradas e autoestradas ou as zonas do rural para darse de conta do nivel de arraigamento desta especie exótica invasora no ecosistema galego. Dende a súa cuestionable introdución polo Ministerio de Fomento e pola Xunta de Galicia como elemento “estético decorativo” nas medianas das autoestradas, a herba da Pampa colonizou centos de hectáreas de estradas, parques e xardíns, terreos particulares e mesmo zonas urbanas como Alfonso Molina, As Xubias, treitos da N-VI, Perillo ou Canide. Os

daniños *plumachos* poden producir máis de cen mil sementes de rápido crecemento por cada planta. Ademais, a súa presenza na época estival eleva de forma exponencial o risco de incendios forestais, un dos principais problemas da nosa comunidade nestes últimos anos.

O que, nun principio, tanto a Xunta de Galicia coma o Ministerio de Fomento trataron de vender como un complemento “estético” para as medianas das autoestradas da Comunidade, hoxe converteuse nunha das peores pragas vexetais do Estado e, ante á inoperancia destas dúas institucións e á falta de coordinación cun plan específico de actuación, o problema crece de forma exponencial.

Tal e como advirte a asociación Ecoloxistas en acción, a aparición de especies exóticas invasoras fóra dos seus ecosistemas ten unha serie de consecuencias naturais desastrosas, agravadas no caso da herba da Pampa, tales como:

- Perda da biodiversidade autóctona, flora e fauna.
- Alteración do funcionamento dos ecosistemas afectados.
- Deterioro dos recursos e servizos que estes ofrecían anteriormente e custos económicos e sociais derivados.
- Forte impacto visual e paisaxístico alterando as características propias da paisaxe natural.
- Dificultade no mantemento das parcelas invadidas, sobre todo nas que os exemplares son de gran tamaño.

Tendo en conta todo o anterior, propónselle ao Pleno da Deputación da Coruña adoptar os seguintes

### **ACORDOS**

1. Establecemento dun protocolo de actuación único, que contemple tanto os aspectos administrativos e legais como as técnicas aplicables, (con base ao anexo I desta mesma moción), nos diferentes casos e tipoloxías dos terreos.
2. Supervisión pola Deputación da Coruña do cumprimento deste protocolo de actuación e aplicación deste nas vías provinciais.
3. Apoio aos concellos mediante convenios de contratación de Brigadas para os traballos manuais, de inventariado e de control das actuacións.
4. Establecemento dunha liña de atención e asesoramento para que a cidadanía poida actuar de forma correcta nas súas propiedades.
5. Establecemento de convenios de tratamento coas empresas do sector interesadas en realizar este tipo de actuacións dentro do protocolo establecido, nos que se definan claramente os prezos unitarios e responsabilidades dos implicados, coa fin de lle asegurar á cidadanía que os traballos por eles contratados coas empresas adheridas teñen un prezo xusto e se realizarán coa máxima eficacia e profesionalidade.

6. Establecemento dun sistema de control a longo prazo sobre as actuacións realizadas, tanto polas persoas particulares como polas Administracións públicas.

7. Aprobación dunha serie de sancións administrativas, ao amparo da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia nos seus artigos 9 e 199, e das leis estatais, Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o catálogo español de especies exóticas invasoras (incluída a cortaderia), para os propietarios dos terreos que non limpen as súas propiedades desta especie, ou que non o fagan conforme ao protocolo de actuación axeitado, xa que estaría a favorecer a propagación da especie en 15 km á redonda.

8. Requirir á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Fomento a eliminación total das plantas nas marxes das estradas, rotondas e nós de comunicación da súa competencia.”

## **ANEXO I: POSIBLES BASES PARA UN PROTOCOLO DE ACTUACIÓN CONTRA A HERBA DA PAMPA**

### **TÉCNICAS**

No Concello de Oleiros xa hai tempo que se loita contra esta invasión e, tal e como indica o persoal técnico, as fórmulas empregadas de maior eficacia demostrada son as que combinan accións mecánicas e químicas:

#### **Técnica A**

- Roza inicial da parcela infestada
- Aplicación dos produtos necesarios para a súa erradicación cando as plantas teñen aprox. 1 m de altura
- Segunda roza mecánica cando as plantas estean secas
- Control de rebrotes e medidas para favorecer a cubrición con vexetación autóctona

#### **Técnica B**

- Aplicación dos produtos necesarios para a erradicación das plantas, independentemente do seu tamaño
- Roza mecánica cando as plantas estean secas
- Control de rebrotes e medidas para favorecer a cubrición con vexetación autóctona

1. A técnica A aplícase preferentemente en parcelas onde existe vexetación mesturada (autóctona e invasora) e onde é complicada a circulación interior da maquinaria. A técnica B é máis axeitada en parcelas onde non hai máis que plantas de *cortaderia*. Ambas as dúas técnicas débense combinar coa eliminación manual das inflorescencias a finais do verán e comezos do outono, para evitar o espallamento das sementes.

2. É moi importante que o desbroce se realice preferiblemente cunha rozadora mecánica de martelos, pois o grao de trituración da vexetación é máis intenso e efectivo.
3. Na roza posterior, o tratamento non debe ser excesivamente baixo e non debe deixar a terra núa, pois sería facilmente colonizada por novas sementes de *cortaderia*. O desbroce debe realizarse deixando entre 10 e 15 cm de vexetación sen rozar que servirán de cubrición tipo “mulch” para evitar a colonización de novas sementes e favorecer a rexeneración da vexetación autóctona.
4. Cómpre sinalar que a colonización por *cortaderia* é moito máis intensa en terreos co solo exposto sen vexetación, polo que se deben evitar as explanacións, decapados, recheos e outro tipo de traballos de movemento de terras cando a ocupación do terreo non vaia a ser inmediata, así como as rozas mecánicas excesivamente baixas e intensas nas que moitas veces se “ritura tamén a capa superficial do terreo. Este extremo apréciase ben nas zonas de maior incidencia no Concello de Oleiros (Canide, Polígono de Iñás, Bastiagueiro, As Galeras, A Pezoca, Meixonfrío...), que foron urbanizadas e que, coa crise do 2008, quedaron sen edificar, con moitas parcelas explanadas, noiros expostos e terreos baldeiros que foron rapidamente colonizados.
5. Un dos traballos máis laboriosos na loita contra esta especie exótica invasora é o inventariado das parcelas particulares afectadas e seu o control anual. Moitos/as propietarios/as limitáanse a facer unha roza ao ano, sen levar a cabo accións mecánicas nin químicas para a eliminación das plantas, co que rebrotan en dous ou tres meses e forman no outono novos *plumachos*. Cómpre unha campaña intensa de información dirixida a darlle a coñecer á cidadanía as técnicas axeitadas e formar os/as profesionais na realización efectiva das tarefas.

Durante tres meses (entre novembro do 2012 e febreiro de 2013), realizouse unha experiencia cunha brigada de cinco persoas en colaboración coa Deputación Provincial, que consistiu na extracción manual (raíz incluída) das plantas de *cortaderia* de pequeno tamaño nas principais vías e estradas do Concello, así como en varias parcelas municipais. Este traballo, máis lento que as técnicas anteriormente expostas, resultou moi efectivo nas beiras das estradas e vías e, en xeral, nos baldíos onde a colonización era recente e as plantas de pequeno tamaño. Esta brigada retirou, en total, durante o período de traballo indicado, 5 m<sup>3</sup> de inflorescencias (*plumachos*) e 6 m<sup>3</sup> de plantas.

#### Sr. Secretario

A seguinte moción é unha moción tamén do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños sobre a interposición de recurso de apelación contra a sentenza ditada no procedemento ordinario 186/2013, Xulgado do Contencioso Administrativo número un dos da Coruña.

## Sr. García Seoane

Hai trinta e sete días presentei unha moción para o Pleno que se ía celebrar no pasado mes de setembro que por acordo dos distintos portavoces se modificou e se pasou para o mes de outubro. Eu naquel Pleno ordinario tiña idea de tratar esta moción, por tanto non puideron asistir ao Pleno de outubro porque eu cambiara incluso as vacacións para estar presente nese Pleno ordinario. Non puideron estar, por tanto, parte desta moción que hoxe vou falar aquí dela non ten sentido lela, eu vou ler aquilo que si creo que ten sentido.

A moción refírese a un funcionario deste concello, moi cualificado, honrado a carta cabal, capaz, traballador, humano, faltan non sei cantos máis cualificativos positivos para falar desa persoa. O feito é que eu pretendía que non se recorrela unha sentenza que se falla a favor deste funcionario, que o devolve ao seu cargo, no posto que tiña na Deputación, e por tanto, unha vez que a gaña se lle repón no cargo, tamén había vontade, e teño que dicilo, no goberno provincial de repoñer a esta persoa no seu cargo pero claro, a miña sorpresa foi que despois se recorrela esta sentenza, e polo tanto eu quero expoñer o seguinte. Ao interpoñer o recurso de apelación contra a sentenza ditada, 186/2013 do xulgado Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña, polo que se anula o acordo desta Deputación que supuxo a división do antigo Servizo de Patrimonio e Contratación, e a adscrición do entón xefe, Sr. Rodríguez Fernández, ao Servizo de Patrimonio, coa posterior cobertura da praza de xefe do Servizo de Contratación, a medio de comisión de servizo, resolta de forma tan inmediata que non era difícil adiviñar a intención de atopar un funcionario máis dócil para este importante departamento.

Este deputado non pode senón sorprenderse dunha decisión tomada, non se sabe a instancias de quen, que é inxusta e contraditoria cos pactos e compromisos que deron lugar á elección como presidente, indubidablemente eu non era imprescindible para que fora o presidente, aínda que tiña claro que o ía votar. Inxusta porque o funcionario recorrente ten acreditada sobradamente a súa capacidade para desempeñar o cargo desde hai moitos anos, sen que nunca se puidese cuestionar a súa eficiencia e lealdade no exercicio das súas funcións. Contraditoria porque un dos compromisos asumidos politicamente no proceso que deu lugar á súa elección como presidente pasaba por desmontar unha administración paralela e vicaria que o anterior goberno montara no seu propio beneficio, así como por implantar unha administración profesional na que o Sr. Rodríguez Fernández non é senón unha garantía de legalidade e de obxectividade nun posto por outra banda tan sensible.

É de supoñer que a decisión desa Presidencia de interpoñer recurso de apelación contra a dita sentenza estea fundada nalgún informe xurídico que, tal como se espera, non traspase os límites do seu ámbito, que non é o de facer valoracións sobre a política de persoal, que só corresponde aos deputados electos. En calquera acaso neste escrito avánzase a inconsistencia de afirmar que se acata a sentenza no particular que afecta ao Sr. Rodríguez Fernández, e impúgnase por poñer en cuestión a capacidade de autoorganización da Deputación. Ademais de ser este un despropósito xurídico, os tribunais da orde contencioso-administrativa revisan actos, non fan declaracións xenéricas nin dirimen debates doutrinarios. A potestade de autoorganización exerceuse tamén cando unha sentenza que esta mesma Presidencia considerou xusta, en realidade habería que concluír que se fai unha mala utilización



desa potestade de autoorganización, cando os órganos políticos abdican das súas responsabilidades, deixándose guiar por intereses corporativos que non responden ante ninguén das súas decisións.

Por todo o exposto propono que se retire o recurso contencioso contra a sentenza mencionada, en caso de non retirarse que se teña por anunciada a oposición de Ángel García Seoane e do Grupo de Alternativa dos Veciños á interposición do recurso de apelación contra a dita sentenza, en relación coa cal este deputado propón total e pleno acatamento.

#### Sr. Dios Diz

Eu para non alongar moito isto, reitérome en todo o que dixen no anterior Pleno e tamén animo a retirar o recurso, polo tanto vou votar a favor.

#### Sr. Leira Piñeiro

Bos días a todos. Eu non me vou reiterar, non vou ser repetitivo co que dixen xa no último Pleno, pero si por respecto ao Sr. Seoane, posto que non estivo, si dicir que, en primeiro lugar, a actuación que se fixo desde o Grupo de goberno foi sempre en primeiro lugar garantir os dereitos do traballador, uns dereitos que a día de hoxe están cumpridos, o traballador está no posto que debía de ocupar, xa o reiterei e o dixen no anterior Pleno, e iso é o obxectivo principal.

E respecto, por suposto ás súas decisións, comparto os cualificativos que fai sobre o Sr. Luis Jaime, como non pode ser doutra maneira, pero tamén por outro lado respecto á xustiza, e tamén respecto ao asesor xurídico e ao departamento que ten esta casa, un respecto polo seu traballo e polas opinións que ten e as garantías que nos dá ese departamento á hora de tomar decisións, e a sentenza o que nos fai é de novo, e reitérome, a garantir a potestade de autoorganización desta casa e, polo tanto, o recurso que se fai desde o equipo de goberno, desde a Deputación provincial, vén nesa liña, de garantir a potestade de autoorganización da propia Deputación, e por suposto garantir os dereitos do traballador. Creo que en ambos os dous casos está cumprido o obxectivo e iso é o prioritario. Moitas grazas.

#### Sr. Calvo Pouso

Moitas grazas, presidente. Eu creo que este debate quedou suficientemente claro noutro Pleno. Na acta de hoxe recóllese ademais fielmente, aprobámola tamén, e non vou reproducir o debate do mes pasado, do Pleno anterior. Pero si en relación ao primeiro punto que debatemos hoxe tamén, si me gustaría poñer de manifesto certa tendencia que hai a dicir unha cousa e practicar a contraria, e non me refiro máis que ao propoñente desta iniciativa, posto que claro, escoitamos aquí dicir que a organización que a Deputación pode facer dentro das súas competencias, respondía a unha serie de criterios de non sei que, e que se facía para o interese do goberno, e claro, esas cousas hai dúas posibilidades, ou pasar delas, ou contestalas.

Isto o di unha persoa que leva ao fronte do seu Concello trinta anos, ou trinta e pico, como di, e vostedes poden imaxinar, calquera dos que estades aquí, que o quinto concello en tamaño de poboación da provincia da Coruña, non teña despois

de trinta anos un habilitado nacional?, claro, é que chama a atención que nos veñan dar clases aqueles concellos e aquel alcalde que na súa RPT, nos seus complementos, báixaos tanto que fai que ningún habilitado nacional de toda España, dos oito mil concellos, queiran vir ao Concello de Oleiros, primeiro porque cobran moitísimo menos que en calquera outro concello dun tamaño igual, incluso inferior, e disto sabedes moito os que sodes alcaldes, e ademais que os que viñeron saíron correndo porque non aguantaban ao Sr. alcalde. E agora vén á Deputación a dicirnos como se fan as cousas e o respecto que hai que ter, e os intereses que hai que ter, home, eu creo que hai que ter un pouco de vergoña. Vir falar aquí de transparencia cando temos un medio público, unha radio municipal, un periódico municipal, pagado cos impostos de todos os veciños, onde toda a oposición, os do PSOE, os do Bloque e os do Partido Popular non poden aparecer para nada, manda truco, e despois vimos á Deputación a dicir como se fan as cousas, que isto non é transparente, e que isto non é legal, que queren que lles diga?, nós non imos discutir en ningún caso co propoñente, sabemos como é, e como dixen na primeira moción, ou na primeira intervención, o tempo é o único xuíz implacable que acaba colocando a cada un no seu sitio. Pero, desde logo, o Grupo Popular asumir leccións neste sentido deste Partido que presenta esta moción, non as vai asumir nunca, por iso votaremos en contra.

#### Sr. Díaz Grandío

Só un apunte, estamos moi de acordo co trasfondo da moción que presenta Gelo, ou que debeu presentar no seu momento, só estaríamos en cuestión de votar a favor se hai unha retirada digamos da personalización en Ángel García Seoane, se aceptase ese punto, votaríamos a favor.

#### Sr. García Seoane

No Concello de Oleiros levo trinta e seis anos, ao Concello de Oleiros viñeron moitos habilitados nacionais e marcharon porque non cobraban o que pretendían cobrar, porque os soldos de Oleiros son uns soldos xustos pero non esaxerados. A min a tónica que me dicía algunha persoa das que veu ao Concello, mire, o Concello do que eu vin, o alcalde púxose un soldo alto e era unha peseta máis, dicíame, que o secretario, ou o depositario, ou quen fora, dixen, non, pero é que eu non quero unha peseta máis que ninguén, eu teño o meu soldo e vostede ten o seu soldo. Botaba unha temporada, e como o soldo non se lle modificaba, era un soldo xusto, o que marcaba, os soldos que marca o Estado, eu non impoñía soldos, e iso sábeno ben os habilitados que están aquí, nesta sala, que os soldos veñen impostos por lei. Logo outras achegas que se poidan dar na Corporación dependen da Corporación de que lle toque, pero os soldos veñen impostos por lei, polo tanto, non é García Seoane quen impón ningún soldo a ninguén nunha Corporación. Moitas chamaban e dicían, mire, ten vivenda habitación, non teño vivenda habitación, e aí que son comunistas, ou son do PP, ou son socialistas?, mire, somos comunistas, ah, non, entón non. Claro, eu non teño culpa de que ninguén viñera ao Concello de Oleiros, pero qué pasa?, eu teño no Concello de Oleiros uns técnicos maravillosos que gañaron a oposición a pulso, letrados, economistas, números un das Universidades, de aquí de Galicia, e que están facendo ese traballo porque a lei o permite, porque se non estaríamos bloqueados, boicoteados, pero non o estivemos. Polo tanto, eu non teño culpa.

Cando di que temos, antidemócrata intenta dicirme o Sr. Diego, hai unha radio, este Pleno non se transmite en directo, en Oleiros se transmite en directo, pódeno escoitar nas casas todos os cidadáns, iso é democracia. O periódico ten un espazo para cada Grupo político, por exemplo leva dous periódicos que o Grupo Socialista non quere usar ese espazo, eu non son culpable de que non o use, deixámolo en branco e pon "Non quixeron usalo". Polo tanto, a min de democracia hai pouco que falarme.

E respecto a que o tempo pon a cada un no seu sitio, o exemplo son eu, nunca mellor dito, Sr. Diego Calvo, o tempo foi xusto comigo, e hoxe teño unha aceptación de dous terzos de cidadáns de Oleiros, de dereita, de esquerda, de centro e de centro esquerda, que avalan a Alternativa dos Veciños, iso hai que preguntarse por que é, desde logo non é por ser cuatreiro, nin caco, nin facer malabarismos, nin ir contra os intereses do pobo, estou no sitio que me puxo o pobo, nunca estiven tan alto, despois de trinta e seis anos, quen mo ía dicir, cada día subindo máis, a próxima creo que xa non van quedar concelleiros para os Grupos da oposición. Polo tanto, o tempo é testemuña, e eu son unha fiel testemuña do tempo. Nada máis.

#### Sr. Presidente

Eu simplemente respecto a esta moción, xa foi debatida no Pleno anterior, non como moción, pero si que me gustaría deixar clara, remarcando un pouco a explicación que deu o deputado, si que non quede ningunha dúbida, baixo ningún concepto, que compartimos todos nesta Corporación os cualificativos que dirixiches ao funcionario concreto, pero tamén os mesmos cualificativos á Asesoría Xurídica e ao seu responsable, que goza dunha admiración tremenda tamén, non só na casa, senón nas 93 casas que son clientes e usuarios do Servizo de Asistencia Xurídica, que son os concellos. Nada máis que iso.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 3 deputados (1 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 25 deputados (12 do PP, 8 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

#### Sr. Secretario

Moción número 7 do Grupo Provincial de Compostela Aberta para instar á Deputación á recuperación da memoria democrática mediante a localización, identificación e exhumación dos restos mortais das persoas represaliadas durante a guerra civil e o franquismo, que se atopan en paradiro descoñecido

#### Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. presidente, compañeiros e compañeiras.

Antes de comezar coa explicación da nosa proposta, quixera ter unhas palabras de lembranza para todas aquelas persoas que, desde 1936 ata 1975, pagaron o seu desexo de construír un mundo mellor coa perda das súas vidas, da súa liberdade, dos seus dereitos, das súas pertenzas, da súa residencia, e mesmo nalgúns casos, da súa propia descendencia -que lles foi arrebatada-.

A nosa moción céntrase nunha das facetas da represión franquista, a dos asasinatos extraxudiciais cometidos principalmente entre 1936 e 1939, por ser unha cuestión que, aínda hoxe, non só está pendente de análise histórica, senón que resulta das máis dolorosas para os descendentes das vítimas. Pero non debemos esquecer a todas as demais persoas que dun xeito ou doutro sufriron, directa ou indirectamente como familiares, a represión da ditadura. Vaia, para todas elas, o meu recordo máis sentido, e o máis profundo agradecemento.

O ano que vén cúmprense 80 anos do golpe militar que rematou coa Segunda República española. Unha rebelión militar que se alzou contra un goberno lexítimo.

Como o resto de países europeos, naquel momento España estaba enormemente condicionada pola realidade do período de entreguerras: pola radicalización política; pola tensión entre bloques incipientes; polo xurdimento e extensión dos totalitarismos; polo clima de violencia social que imperaba en todo o continente.

Por suposto que a Segunda República distaba de ser perfecta; ao igual que o noso actual sistema político tampouco o é. Resulta de todo punto lexítimo buscar a mellora e o perfeccionamento da democracia a través da política, pero xamais -baixo ningún argumento- o pode ser a súa substitución por unha ditadura a través da violencia, a guerra, o asasinato ou a represión.

A Segunda República foi o primeiro réxime verdadeiramente democrático do que gozou España, no cal os seus cidadáns e cidadás puideron expresar a súa vontade nas urnas.

Por iso nós, os que hoxe en día temos a representación política da cidadanía, en calquera das organizacións democráticas, temos unha débeda moral cos nosos predecesores. Unha débeda moral que, no caso de España, é dobre. En primeiro lugar, polo recoñecemento que sempre merecen os pioneiros. E en segundo lugar, porque o destino de moitos deles foi o peor castigo de todos: non só a morte, senón, ademais, a condena ao esquecemento. Non só a perda das súas vidas; senón a súa completa negación, o silencio último sobre a súa existencia. Como sucedeu, por exemplo, con Constante Liste, tenente de alcalde de Teo en 1936, ou con Juan Manuel Vidal, alcalde de Arzúa, ou con Manuel Ramos, tenente de alcalde das Pontes, como sucedeu con tantos outros, asasinados e aínda hoxe desaparecidos.

Recuperar a memoria de todos eles, non só é un asunto político, senón tamén moral. Investigar o seu paradiro, identificar os seus corpos e darlles a correcta sepultura é o noso deber. Como dixo hai poucos anos o cura párroco de Santa Martiña de Guitiriz, “é un acto de xustiza. Eses mortos son patrimonio de todos; morreron por uns ideais e por soñar cunha sociedade que hoxe nós gozamos”.

Temos, ademais, que asumir esta tarefa con urxencia. Son poucas xa as testemuñas directas que quedan daquela época. Moitas delas son, ademais, familiares directos de desaparecidos. Pola súa idade avanzada, a recollida de información é unha tarefa que se debe poñer en marcha de inmediato. Ao igual que debemos apresurarnos por poder darlles a satisfacción de recuperar os corpos dos seus familiares, de darlle digna sepultura e de honralos como desexan.

Pero se temos o deber moral de recoñecer os alicerces da nosa democracia e de dar satisfacción aos familiares das persoas falecidas pola liberdade tamén temos a necesidade, como país, de coñecer o sucedido. Hai, aínda hoxe responsables públicos que negan o dereito dos familiares das vítimas a coñecer o seu paradiro, e que afirman moi lixeiramente que “non quedan máis fosas por abrir”, “que o 90% destes problemas xa están solucionados”, ou que os descendentes dos represaliados só buscaban “cobrar subvencións”. Ou ben, recentemente, dicir publicamente, que “para a memoria histórica cero en recursos en toda esta lexislatura”.

Non é só un total descoñecemento da realidade histórica do noso país, unha ignorancia do dereito internacional e do dereito español, senón tamén un síntoma do grave problema de cultura democrática que afecta, tamén neste eido, a España.

O Dereito á verdade sobre as violacións manifestas dos dereitos humanos é definido polas Nacións Unidas como un dereito autónomo e inalienable, recoñecido en diversos tratados e instrumentos internacionais, e tamén na xurisprudencia nacional, rexional e internacional. Este dereito pertence non só ás vítimas e os seus familiares, senón que “ten un aspecto social: a sociedade ten dereito a coñecer a verdade sobre os acontecementos do pasado referidos á comisión de crimes aberrantes, así como sobre as circunstancias e os motivos polos que se perpetraron, a fin de evitar que se repitan no futuro. O dereito á verdade entraña ter un coñecemento pleno e completo dos actos que se produciron, das persoas que participaron neles, e das circunstancias específicas.[...] Nos casos de desaparición forzosa, [...] execucións secretas e ocultación do lugar da sepultura da vítima, o dereito á verdade ten tamén unha faceta especial: o coñecemento da sorte e do paradiro das vítimas”.

Estamos falando polo mesmo dun dereito humano, recoñecido pola ONU a través da Convención Internacional contra as desaparicións forzadas. En España resulta difícil ou case imposible exercer hoxe aínda ese dereito. A coñecida como Lei da memoria histórica naceu feble de intencións, e en canto á práctica, limitou o papel do Estado a apoiar economicamente a familiares e asociacións nas súas buscas, en lugar de asumir un papel director activo, tal e como lle correspondía.

Así o recolle o Informe do Grupo de Traballo sobre Desaparicións Forzadas ou Involuntarias de Nacións Unidas, no seu informe de 2014 sobre España, cando afirma que “é urxente que o Estado español adopte como unha inmediata prioridade a busca da verdade e en particular sobre a sorte e o paradiro das persoas desaparecidas”.

Tamén, na Resolución 60/147 da Asemblea Xeral de Nacións Unidas, aprobada o 16 de decembro de 2005, establécese que, en relación coas violacións manifestas de dereitos humanos e do dereito internacional humanitario, “os Estados teñen a obriga de investigar”.

O Estado español está tamén obrigado pola Declaración de Dereitos Humanos, a Declaración sobre a protección de todas as persoas contra as desaparicións forzadas, o Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional -no cal se tipifica o crime da humanidade-, e varios outros convenios asinados e ratificados por España.

Tamén a lexislación española establece, como por exemplo na Lei 52/2007, “medidas e instrumentos para que as administracións públicas faciliten, aos interesados que o soliciten, as tarefas de localización e, no seu caso, identificación dos desaparecidos”. Máis concretamente, no artigo 11.1 desa mesma Lei se di textualmente que “As Administracións públicas, no marco das súas competencias, facilitarán aos descendentes directos das vítimas que así o soliciten as actividades de indagación, localización e identificación das persoas desaparecidas violentamente durante a Guerra Civil ou a represión política posterior e cuxo paradiro se ignore”.

Tamén, no artigo 13.2 da citada lei está disposto que “As Administracións públicas, no exercicio das súas competencias, establecerán o procedemento e as condicións nas que os descendentes directos das vítimas referidas no apartado 1 do artigo 11, ou as entidades que actúen no seu nome, poidan recuperar os restos enterrados nas fosas comúns correspondentes, para a súa identificación e eventual traslado a outro lugar”.

Vou tan só mencionar un último texto legal, pois considero que é relevante deixar claro que “a realización das actividades de localización e eventual identificación ou traslado dos restos das persoas referidas no apartado 1 do artigo 13 se constitúen en fin de utilidade pública e interese social” (artigo 14.1 da Lei 52/2007).

Existe, polo tanto, habilitación legal para que as diferentes administracións públicas, no marco das súas competencias, asuman a responsabilidade que lles encomenda as obrigas contraídas ao abeiro dos tratados internacionais asinados por España. O que falta é compromiso e vontade políticas.

Nos últimos anos, e baixo diferentes excusas, houbo un claro desleixo e desinterese por parte dos responsables políticos á hora de cumprir con eses compromisos. O apoio económico decaeu, e as administracións públicas non ocuparon o baleiro que, por ausencia de financiamento, as asociacións non podían cubrir.

O certo é, tamén, que non se pode obrigar ás propias vítimas (incluído aos seus familiares) e ás asociacións que as representan a exercer o papel que é do propio Estado, como puxo por escrito o Grupo de Traballo sobre desaparicións forzosas ou involuntarias da ONU, nas súas recomendacións de 2014 para España, “A busca das persoas desaparecidas non pode depender da tarefa ou iniciativa dos familiares, senón que debe ser asumida como unha obriga de Estado. O Estado ten a obriga de investigar ata que poida determinar, por presunción, a sorte ou paradiro da persoa”.

En datas ben recentes, e ante a inactividade do Estado, outras administracións decidiron dar un paso á fronte:

-A Junta de Andalucía e a Generalitat catalana, a través de leis e decretos que regulan a localización e identificación das persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a ditadura franquista, establecen protocolos para a busca dos represaliados e a dignificación das fosas

-As Deputacións provinciais de Huelva, Granada ou Cádiz, entre outras, mediante convenios coas asociacións e familiares dos desaparecidos; un camiño que non nos parece o máis idóneo, pero que é moito mellor que non facer nada.

-A Xunta de Galicia, a través do convenio asinado en 2008 coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización de traballos de exhumación e identificación das vítimas da represión na Guerra Civil.

-A Deputación Foral de Guipúzkoa, co instrumento do seu Plan de Dereitos Humanos, recuperación da memoria e Convivencia vixente para o período 2012-2015.

-O pasado 22 de outubro, o Govern de Balears presentaba a proposición de Lei Balear de fosas

-E hai escasos días, o 30 de outubro, un concello, o Concello de Sevilla aprobaba, a través dunha moción, a creación do Instituto Municipal de Memoria Democrática, que localizará e sinalizará as fosas comúns do seu municipio.

E baixo a habilitación de toda esta normativa legal, tan clara e concluínte, e baixo o peso da obriga moral que nos corresponde como representantes democráticos herdeiros daqueles pioneiros da Segunda República, que hoxe o Grupo político no cal me encadro presenta a moción que estamos a debater.

Nela instamos, no primeiro punto, á elaboración dun censo e dun mapa de persoas vítimas de desaparición forzosa durante a Guerra Civil e o franquismo na provincia da Coruña, tal e como se establece no artigo 12.2 da Lei de memoria histórica. Existe xa traballo previo realizado por asociacións, e mesmo un mapa estatal, que non é exhaustivo nin foi actualizado desde a súa elaboración. Os resultados destas investigacións deberían ter carácter público.

O segundo punto propón a elaboración dun protocolo de actuación para as exhumacións, de xeito que esta actividade quede regulada e non ao arbitrio de cada caso puntual.

En terceiro lugar, tras a realización do mapa, do censo e do protocolo, propoñemos unha liña de financiamento para os concellos, persoas e entidades sociais que desexen proceder á localización, exhumación, identificación e entrega aos familiares dos restos mortais presentes nas fosas. Aínda que consideramos que a Deputación pode perfectamente encargarse desta encomenda, tamén é certo que de xeito subsidiario pode haber outras entidades de dereito público ou privado que desexen realizar estas tarefas.

O cuarto punto incide directamente sobre unha competencia municipal, a dos cemiterios. Propoñemos unha liña de axudas aos municipios que queiran dignificar as

súas fosas comúns e os cemiterios onde se atopan represaliados, e acondicionalos como espazos de memoria ou memoriais.

Por último, instamos ao conxunto das administracións públicas a facilitar a localización, exhumación e identificación das vítimas a través de dúas vías. Por un lado, a económica, habilitando fondos e asumindo tarefas. Por outra, a lexislativa, facilitando o marco legal que permita a investigación das desaparicións, tal e como obrigan os convenios internacionais subscritos por España.

Como dicía hai pouco, aínda existen persoas que pensan que estas tarefas están xa realizadas, que non quedan fosas por investigar, nin desaparecidos que atopar. A desgrazada realidade é que non sabemos as cifras reais. En 1944, un portavoz do Ministerio de Xustiza franquista recoñecía que máis de 190.000 detidos foran executados ou morreron en prisión. Segundo a investigación inconclusa da Audiencia Nacional, o número de vítimas de desaparición forzosa ascendería a máis de 114.000 persoas entre o 17 de xullo de 1936 e decembro de 1951, pero este é só un dato estimativo. Entre os anos 2000 e 2006, a Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica exhumou un centenar de corpos. As solicitudes superaron as 30.000. No mapa actual xestionado polo Ministerio de Xustiza, recóllense ata 2.382 fosas. Segundo todos os expertos, o número é moi superior. Estímase que España é, tras Camboia, como todos vostedes saben, o segundo país do mundo co maior número de vítimas de desaparicións forzadas cuxos restos aínda non foron identificados.

E remato xa, na provincia da Coruña, hai cando menos os seguintes enterramentos:

- dúas fosas en Amenal, O Pino, unha delas sen escavar
- unha fosa en Ortoño, Ames
- unha fosa en Grandal, Vilarmaior, escavada e pendente de identificación das vítimas
- unha fosa na Capela
- unha fosa nas Pontes, intervida
- Unha fosa en Vilaraso, Aranga. Estímase que pode conter os restos de entre 13 e 30 represaliados
- Unha fosa en Valdoviño, na Lagoa da Frouxeira

En Galicia, calcúlase que entre 1936 e 1939 foron executadas 4.699 persoas. Sete de cada dez, 3.233, de xeito extraxudicial, cos coñecidos paseos. Máis nada, moitas grazas.

#### Sr. Requeira Varela

No plano expositivo, evidentemente estamos totalmente de acordo coa moción. Aínda así, nós temos que insistir nun argumento que nos parece fundamental relacionado coa Deputación da Coruña, coas deputacións en xeral. Na parte expositiva incluso o portavoz de Compostela Aberta falaba de iniciativas nas Illas Baleares, en Andalucía, en Cataluña, en Comunidades Autónomas, e falaba tamén doutras iniciativas en deputacións provincias, Huelva, Cádiz, e algunha máis, e el dicía que era a través de convenios con entidades asociativas. Nós aquí vemos que



esa posibilidade si existe, de feito xa está habendo reunións con diferentes entidades que traballan na recuperación da memoria histórica. Agora ben, como ben dicía el, hai un mandato as administracións públicas a colaborar e a facerlle fronte á recuperación da memoria, pero dentro das posibilidades de cada administración e das competencias das propias administracións. A min gústame recordar moitas veces que estamos no salón de Plenos dunha Corporación provincial, que non deixa de ser unha administración que non é nin un Parlamento, nin ten capacidade lexislativa, nin ten competencia territorial á marxe do seu propio patrimonio, e que tampouco ten persoal cualificado para todas as especificidades dos programas que se poidan pedir aquí e que, polo tanto, temos unha función e temos un labor moi limitado no territorio, pero como estamos absolutamente de acordo coa filosofía e co fondo desta mocións, nós, a pesar de que o secretario nos poida regañar ao saír pola porta, nós si queremos facer unha emenda porque nos gustaría votar a favor da moción.

No punto un, a nós gustaríanos que se expresara claramente que “a Deputación Provincial da Coruña colaborará coa elaboración dun censo de persoas”, etc., etc., e no segundo punto, do mesmo xeito pediríamos que en vez de elaborar directamente, se puxera “colaborará nun protocolo de actuación...” etc., etc., e que se suprimira o terceiro parágrafo do punto 2. Gustaríanos que o punto 3 e 4 se pospuxeran a un posible debate que poidamos ter todos os portavoces e todos os Grupos e con entidades que traballan no ámbito provincial nesta cuestión para ver tamén o que nos din e os acordo a que podemos chegar, propoñemos que ese terceiro e cuarto punto se supriman, e o quinto e sexto punto mantelo tal cal está. Se se acepta esta transacción nós votaríamos encantados a favor da moción.

#### Sr. Presidente

Brevemente, se é posible.

#### Sr. Dios Diz

Eu tamén teño ganas de comer, e teño que volver para Santiago, tamén podo comer aquí, é certo, si.

Soamente dicir que aceptamos a transacción que propón o Grupo de Goberno e simplemente gustaríame facer mención pública o agradecemento ao meu asistente, Marcial Sanmartín, que é neto de Marcial Villamor, un líder obreiro de Santiago, paseado e asasinado en Guntín na Guerra Civil.

#### Sra. García Gómez

Nós simplemente queríamos facer unha reflexión, onte vostede dixo que había que esclarecer as competencias da Deputación, e nós queremos que se esclareza neste tema e se efectivamente a Deputación é competente para levar a cabo e executar os acordos que se están pedindo, dado que existe unha lei que está plenamente en vigor, que é de obrigado cumprimento, e que establece un protocolo de como actuar, co cal a Deputación simplemente sería, evidentemente, unha administración colaboradora, nada máis. E se existen evidentemente partidas orzamentarias para iso.

Sr. Presidente

Nosoutros o que dicimos, o que explicaba o portavoz, substituímos “elaborar” por “colaborar”, as formas de colaboración da Deputación, como ben sabes, son moi distintas, por exemplo, facía referencia o portavoz do Grupo do BNG e do Grupo de Goberno a que pode colaborar mediante subvencións a través das distintas convocatorias en concorrencia competitiva, ás que concorren algunhas destas entidades, polo tanto, a colaboración é a liña que nós imos escoller, e que transaccionamos a esta moción que se presenta desde Compostela Aberta.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados ( 8 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

Apróbase a seguinte moción:

**“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN Á RECUPERACIÓN DA MEMORIA DEMOCRÁTICA MEDIANTE A LOCALIZACIÓN, IDENTIFICACIÓN E EXHUMACIÓN DOS RESTOS MORTAIS DAS PERSOAS REPRESALIADAS DURANTE A GUERRA CIVIL E O FRANQUISMO, QUE SE ATOPAN EN PARADEIRO DESCOÑECIDO.**

As condicións sociais e políticas nas que se procedeu á restauración da democracia durante o período da Transición dificultaron enormemente que se abordase a situación das moitas persoas represaliadas, dun ou doutro xeito, desde o alzamento militar de 1936.

A recuperación da memoria democrática do noso país tivo escasa transcendencia política e social ata pasados varios anos desde a instauración do actual réxime democrático. A democracia española non se considerou o suficientemente forte como para afrontar -timidamente ao inicio- o seu pasado e poñer en valor a experiencia previa vivida durante a Segunda República.

Peor foi o caso das persoas represaliadas durante o transcurso da Guerra Civil e do franquismo. Numerosas iniciativas individuais e familiares de exhumación e traslado de restos xurdiron de xeito espontáneo por toda a xeografía galega e española ata mediados dos oitenta. O peso terrible do silencio imposto a través da represión perdurou, xeración tras xeración, ata que, a principios do século XXI, comezou un intenso movemento para recuperar a honra e a lembranza das persoas asasinadas polas súas conviccións persoais. E tamén para localizar o paradiro dos seus corpos e, de ser posible, recuperalos, identificalos e darlles un digno lugar de repouso.

Este traballo foi levado a cabo case en exclusiva por persoas e entidades da sociedade civil, ata que a demanda cidadá obrigou ás administracións públicas a comprometerse, se ben de xeito indirecto a través de achegas económicas e dalgún

tímido avance normativo, a todas luces insuficiente para permitir a exhumación con carácter sistemático dos cadáveres das persoas obxecto de desaparición forzosa violenta.

No vindeiro ano 2016 cúmprense sete décadas desde o inicio da Guerra Civil Española, e corenta e un anos desde a morte do ditador Francisco Franco. Consideramos, xa que logo, que é tempo abondo para que as administracións públicas cumpran coas súas obrigas, tanto legais como morais, coas persoas ás que a ditadura lles arrebatou a vida e o dereito ao digno descanso dos seus restos mortais. Porque os mortos seguen aínda nas cunetas...

É tempo tamén para que os descendentes que aínda sobreviven -cada vez menos- poidan liberarse da anguria de non coñecer o destino dos seus familiares; do estigma da vergoña que se lles impuxo durante décadas por ser fillos, irmás, sobriños ou netas de quen eran; e da dor do silencio ao que os obrigaron aqueles que xestionaban o medo.

É tempo, tamén, para que as actuais institucións democráticas recuperen e valoricen o capital político e social no cal se fundamentan: o esforzo de milleiros de persoas, coñecidas ou anónimas, en busca da liberdade, a igualdade e a solidariedade durante a Segunda República e a clandestinidade do franquismo. É o noso deber, como representantes elixidos pola cidadanía nesas mesmas institucións, propoñer e levar a cabo as políticas que o fagan posible, sen complexos, sen dúbidas, sen escusas, e por fin, sen medos. É tempo de que as Administracións públicas asuman que a localización e a exhumación dos desaparecidos é un deber que lles corresponde a elas, e non aos familiares ou ás asociacións que, de xeito moi encomiable, asumiron esa tarefa de xeito voluntario.

Por este motivo, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1) A Deputación Provincial da Coruña colaborará coa elaboración dun censo de persoas vítimas de desaparición forzosa ou involuntaria durante a Guerra Civil e o franquismo, e presentará un mapa dos seus enterramentos no territorio da súa competencia. Para isto, contará como punto de partida co traballo previo feito por asociacións, investigadores e universidades, así como coa información que poida achegar calquera outra persoa. O obxectivo é a elaboración dunha investigación sistemática e coa maior información posible sobre, onde e como, se atopan na actualidade estes enterramentos. A resultante desta terá, sempre con cumprimento da lexislación sobre protección de datos, carácter público permitíndose o seu acceso ás persoas interesadas.

Darase información do mapa e do censo resultantes ás demais administracións públicas: aos municipios que conforman a provincia, á Xunta de Galicia e á Administración Xeral do Estado.

2) A Deputación Provincial da Coruña colaborará nun protocolo de actuación para a exhumación dos corpos presentes neses enterramentos. Este protocolo será elaborado a través do diálogo cos municipios da provincia e coas asociacións e entidades que traballan pola recuperación da memoria democrática e pola localización das persoas vítimas de desaparición forzosa durante a Guerra Civil e o franquismo.

O protocolo deberá contar con criterios técnicos para a localización, exhumación e identificación das vítimas; para a posta a disposición dos familiares dos restos mortais e obxectos atopados; e para o soterramento, en condicións dignas, dos restos mortais non reclamados, a poder ser en cemiterios municipais ou espazos de memoria democrática do concello no cal se atopa a fosa de enterramento.

3) A Deputación Provincial da Coruña insta ao conxunto das administracións públicas, e nomeadamente á Xunta de Galicia e á Administración Xeral do Estado, a asumir o seu deber moral, así como o deber legal ás que as obrigan, tanto as leis españolas como os convenios e declaracións internacionais asinados polo Estado, no referente á localización, exhumación e identificación das persoas vítimas do delito de desaparición forzosa ou involuntaria durante a Guerra Civil e a ditadura franquista.

Para isto, a Deputación Provincial da Coruña insta ao conxunto das administracións públicas a habilitar os medios legais e económicos que fagan posible o cumprimento deses deberes, así como a remover os obstáculos que os impiden, conforme ao contido das recomendacións recollidas no informe A/HRC/27/49 realizado polo Grupo de Traballo sobre desaparicións forzadas ou involuntarias da ONU.

4) A Deputación Provincial da Coruña insta ao Estado español a promover o marco xurídico que permita a investigación xudicial das desaparicións forzadas ou involuntarias, o esclarecemento das circunstancias nas cales se produciron e, se é posible, a identificación e procesamento dos responsables, conforme ao contido tanto na lexislación española como nos tratados e convenios internacionais subscritos por España.”

#### Sr. Secretario

Moción do Grupo provincial Popular en defensa do estado das autonomías.

#### Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, intentarei ser breve pero tamén intentarei trasladar o contido do que nós queremos debater nesta moción e aproveito, se mo permiten os compañeiros para dicir e dar un consello que creo que é saudable, tendo en conta o que se están a prolongar estes Plenos, podemos aproveitar máis o almorzo, que é a mellor comida do día, para non ter a presión coa hora da comida, é un costume que creo que engade saúde nas nosas vidas.

Creo que simplemente analizando as noticias que están nos telexornais, está claro, creo que ninguén o dubida, que estamos asistindo no conxunto de España, do noso país, a unha situación excepcional que cremos desde o Grupo Provincial Popular que está a poñer en risco a arquitectura e o modelo da organización política sobre a que se edifican institucións como esta Deputación ou a propia Xunta de Galicia e o resto das comunidades autónomas, institucións que teñen a súa razón de ser e o seu encaixe nun marco legal conforme ao que se ordena e discorre desde hai décadas a nosa convivencia en democracia e creo que cun éxito que é modelo practicamente en todo o mundo. Desde a perspectiva do noso Grupo entendemos que

Galicia non pode nin debe ficar allea a esta situación de excepcionalidade que se está a dar en Cataluña, e debe reaccionar, Galicia debe reaccionar na súa integridade, no que son as súas institucións, as súas administracións, na defensa do modelo desenvolvido durante máis de tres décadas para erguecer o armazón do noso autogoberno.

Non podemos esquecer que foi conforme á legalidade vixente que preside a nosa Constitución como Galicia, sen dúbida, veu fortalecida unha conciencia de nacionalidade histórica con forte personalidade de seu e disposta a labrar o seu camiño no contexto dun Estado que é evidente que é plural, pero é tamén comprensivo do valor da diversidade cultural e territorial nun proxecto común de España. A Galicia de hoxe, cremos que sen dúbida con luces, e tamén con sombras, pero ten sufrido unha indubidable transformación en positivo e é froito dun período apaixonante e decisivo da nosa máis recente historia. É froito dun período constitucional que nos levou cara ao autogoberno e a construción das nosas propias institucións, agora, nestes días, cando vivimos tempos nos que desde diferentes ámbitos, pero de forma singular desde Cataluña se trata de cuestionar o marco legal, a legalidade vixente deste país, e se pretende subverter o marco establecido e o papel das institucións públicas, o Grupo Popular propón reivindicar e poñer de realce o traballo, a ilusión e a dedicación de decenas de centos de persoas, un conxunto de persoas que ao longo do tempo e desde diferentes presupostos, perspectivas e incluso ideoloxías contrapostas, souberon situar por riba de todo os intereses colectivos e facer propio un proxecto común para Galicia e para España. Un proxecto común construído partindo do noso carácter diferencial, pero plenamente integrado nunha realidade española e tamén europea á que nos vincula a historia, a tradición e a vontade da inmensa maioría dos galegos, das galegas, de onte, de hoxe, e creo que tamén de mañá. Os avances nas liberdades, o progreso económico e social e o clima de convivencia que gozamos en todas e cada unha das institucións nas últimas décadas, ten moito que ver co traballo e cunha actitude tolerante e de concordia. O labor daqueles que fixeron nacer, medrar e enraizar un proxecto autonómico que, sen dúbida, é certo, pode ser mellorado como todo, pero que se mostrou necesario e querido para a inmensa maioría dos cidadáns, témolo que poñer en valor.

Confío en que esta institución, que debe de ser representación xenuína da vontade maioritaria de todos os habitantes da nosa provincia, sexa consciente de todo isto, e que coa adopción dun acordo conxunto poidamos contribuír a que entre todos e todas non perdamos de vista todo o que acadamos nestes derradeiros anos, e sexamos conscientes tamén de que foi xuntos, con leis, con respecto á lei, e con institucións representativas como conseguimos avanzar a través dun longo e produtivo camiño.

Cando afloran actitudes e procederes reprobables, insolidarios e que atentan contra a legalidade, os que formamos parte das institucións non podemos abdicar das nosas responsabilidades nin podemos caer na indolencia. Botemos a vista atrás, valoremos o que se avanzou, e tamén valoremos que é posible progresar, pero sempre dentro da lei. É evidente que podemos falar de tempos novos, pero o que non podemos é prescindir da legalidade para avanzar, e por todo iso é polo que o Partido Popular, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción para a defensa do Estado

das autonomías que propoñemos a este Pleno e que esperamos que conte co apoio da Corporación. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Eu amo a Galicia, quero a Galicia, fago patria como galego, pero son internacionalista, eu non quero fronteiras, non quero máis fronteiras, viaxei moito, vin moitas desgrazas, moitos crimes a base de divisións como pasou con Iugoslavia, converténdoa en cinco ou sete países por intereses, hoxe estamos pagando as consecuencias, como se sacou Letonia, Estonia, como a Libia que había tribos gobernando en conxunto, hoxe hai dezaseis tribos que queren o goberno, como dividimos os occidentais, como dividimos moitos países. E agora estamos empezando a pagar algúns esas consecuencias de querer dividir outros porque agora tamén dentro do país hai quen se quere dividir. Eu estou en contra das fronteiras, eu creo que Cataluña ten todo o dereito do mundo a un montón de temas que lle pertencen para autoxestionarse, pero dentro do Estado español, como creo que Galicia ten que ter moitas máis atribucións nese aspecto. Pero, xa digo, non estou nesa liña, polo tanto non vou votar a favor nin en contra desta moción, voume abster, porque paréceme que o que está oculto nesta vida de Mas e company, de Mas e moitos máis é o ladroncio que se fixo en Cataluña, que se quere ocultar con toda esta parafernalia, e que iso é o que subxace no fondo, ricos, ricachóns a montóns, multinacionais creadas fóra do país, todos os que estiveron gobernando están impregnados ata o pescozo, perdón a frase, de merda, entón eu non estou por dicir si ou non, eu neste caso non vou opinar.

Sr. Dios Diz

Eu debo empezar por dicir que estou de acordo co punto primeiro desta moción que presentou o meu compañeiro Agustín Hernández. Creo que debemos de defender os dereitos e liberdades que ten a Constitución, pero temos que defendelos todos e cada un, e non permitir que esta sexa unha declaración baldeira. Entón, o que non entendo é porque nesta moción que se presenta só se fala da unidade de España e non se fala, por exemplo, da igualdade dos cidadáns, do dereito ao traballo, do dereito á vivenda, do dereito á tutela xudicial efectiva, do dereito á liberdade, do dereito de reunión e manifestación, do dereito de libre expresión, dos dereitos das mulleres, do dereito de igualdade de xénero, o dereito á sanidade universal, etc., etc., dereitos todos eles que se puxeron en grave risco ou directamente deixaron de ter vixencia durante os últimos catro anos.

De igual xeito, tampouco entendo que se considere que a Constitución é un texto inmutable e ríxido, a Constitución é, e debe ser, o reflexo da sociedade española e o seu marco de convivencia. Isto significa a posibilidade da súa modificación legal, xa se demostrou que é posible cambiar o texto, así sucedeu, por exemplo, coa modificación exprés do artigo 135 pactada entre os grandes partidos estatais, por certo, sen consulta aos cidadáns nin debate social e parlamentario desta.

E aí é onde nos posicionamos nós. Consideramos que se unha parte dos cidadáns do Estado español queren deixar de selo é posible facilitar as vías para que se expresen, para que formulen as súas propostas e para que, no caso de acadar o

consenso social suficiente, as leven a cabo desde o diálogo, que é o que está errando agora mesmo.

Por todas estas razóns imos votar en contra.

#### Sr. Requeira Varela

Unha forza nacionalista como o BNG non pode apoiar esta moción. Nós defendemos o dereito a decidir dos pobos, a buscar maiores cotas de autogoberno e tamén o dereito de autodeterminación, e cremos que todos estes desexos e todos estes obxectivos son lícitos e legais. Mais o que traen vostedes hoxe aquí eu creo que non é unha moción, eu creo que é unha evidencia, eu creo que é o síntoma máis evidente do fracaso absoluto das políticas de Estado que se está manifestando claramente nestes momentos, ou mellor dito, da ausencia total de política de Estado. Buscan vostedes unha saída totalmente errada ao problema que temos como sociedade, xeraron coa súa inactividade o propio problema que agora vostedes queren solucionar. As solucións teñen que vir da política de altura, da negociación, do diálogo aberto e entre iguais, da flexibilidade, non de emocións que demostren a total rixidez da súa postura, nin tampouco da xudicialización do que está ocorrendo.

Se facemos memoria, entre o presidente que dicía aquilo de “hablo catalán en la intimidad”, e o actual que afirmou non hai moito tempo iso de “Me gusta Cataluña porque hay gente que hace cosas”, houbo moitos esforzos por parte das forzas nacionalistas para avanzar no acomodo das realidades nacionais do Estado no sistema das Comunidades Autónomas. Podemos facer memoria brevemente e seguramente que todo o mundo nos acordaremos do Plan Ibarretxe vasco, do Estatuto de Nación Galego, do Estatut catalán e do Pacto fiscal catalán, todas elas foron tumbadas no ámbito do máis puro e castizo centralismo, sen pararse nin un minuto a facer negociacións que tiveran algún froito e que lle deran consolidación a ese espazo de convivencia que manifestaba o portavoz do Partido Popular. O espazo de convivencia ten que ser un feito e un obxectivo, e téñense que dar pasos por todas as vías.

Todas estas propostas formuladas desde as accións do Estado non aspiraban a eliminar as identidades exclusivas española, catalá, vasca ou galega, e tampouco pretendían acabar co independentismo democrático e pacífico que, como dicía antes, é lícito, pero si buscaban, e buscaban claramente, un *modus vivendi*, un ámbito, que fixera posible a coexistencia dos non nacionalistas e dos nacionalistas no mesmo pseudo estado, baixo un acordo que non vulnerara as diferenzas, pero que tampouco renunciara ao proxecto común de convivencia, todas, absolutamente todas, foron tumbadas sen abrir vías serias de diálogo e pechando portas a calquera tipo de entendemento, e consideráronse mesmamente naquel momento agresións.

O carácter plurinacional de España require algo máis que o impulso a que o actual estado autonómico que vostedes defenden se formule en clave pluralista e non unitaria. O Estado español non pode reducirse só á dimensión estatal, como tantas veces afirma, en razón da cristalización histórica, autoritaria, e centralista do españolismo máis castizo, pois é, sen dúbida ningunha, non un Estado unitario, senón un estado plurinacional, ou se queren chamarlle doutro xeito, unha nación de nacións. España non é unha nación única, homoxénea e exclusiva no seu territorio, senón que

alberga no seu interior diversas realidades, algunhas delas, así mesmo, nacionais, nacionais estas con todas as letras. Tamén, por tanto, con dereitos históricos previos ao pacto constitucional, pero tamén pola vontade expresa dunha maioría dos seus cidadáns, nacionalistas, mais tamén non nacionalistas. Dito brevemente, é preciso ir máis alá das indispensables reformas institucionais do Estado, non resulta suficiente só o patriotismo constitucionalista, aínda que se formule en clave autonómica, é preciso tamén debater, e debater en serio e explicitamente da idea de España como nación, e as nacións non son datos cristalizados na historia, senón procesos políticos que dependen de variables culturais, institucionais, discursivas e estratéxicas.

É preciso abordar, polo tanto, non só o problema xurídico constitucional, estatal das autonomías senón o problema político de España como nación, as nacións non son feitos sociais, que se recoñecen xuridicamente, son procesos complexos, que alumean espazos políticos de convivencia e/ou conflito, que se constrúen por parte de todos e de todas, e constrúense todos e todos os días.

Nunca como agora se falou con tanta claridade de independencia, de dereito a decidir ou de autodeterminación, e nunca como agora agromara con tanta clareza o sentimento de incompreensión ou irritación, de menoscabo e humillación, e á vez, desde a outra parte, acentuáronse tanto as expresións ben coñecidas do centralismo máis rancio. A estes cústalles moito, ao centralismo, recoñecer a condición plurinacional do Estado, como o de Bélxica ou como o do Reino Unido, porque non deixamos de ser parecidos a esas dúas realidades, por citar as dúas comunidades que comparten con nós espazo político común. Desde o españolismo falan de pechar o modelo de Estado, o modelo constitucional actual e autonómico, sen que poida haber ningún tipo de cambio, e cos seus discursos, é dicir, cos discursos do españolismo máis inmovilista, actitudes e actuacións abren a única saída posible cando non hai discursos, que é o da busca unilateral doutro espazo de convivencia que, neste caso, é o dereito á autodeterminación e a independencia. En suma, resulta imprescindible discutir de cultura, historia, de recordos, de mitos, de símbolos, e preciso falar, sobre todo, da xénese política dunha vontade democrática de construír desde o pluralismo un futuro común de convivencia, se realmente hai vontade de facelo, eses son os deberes que lles toca facer e que non fixeron, eses son os deberes que temos que facer todos e todas, non basta con declaracións e non basta con declaracións con recollernos todos no parapeto da Constitución e dos Estatutos, hai que poñer en valor a diversidade, hai que buscar con flexibilidade e con altura política o espazo de convivencia que a algúns éncheselles a boca todos os días a falar del, pero iso necesita acción política, e é realmente o que non existiu durante todos estes anos.

Sr. Presidente

Respecto á postura do Partido Socialista si que me gustaría pedir, dada a importancia, con todos os respectos para a herba da pampa, que ten moita importancia, este é un tema, un asunto digamos que de un calado considerable, moi considerable, polo tanto, si nos gustaría ter a oportunidade de consensuar coa maior parte das forzas políticas, como exemplo, ademais, da importancia do calado que ten o asunto, a posibilidade de retirar esta moción e consensuala co resto das forzas políticas ou de todas aquelas que se queiran sumar porque senón a postura do Partido Socialista vai ser votar a favor a moción, como non pode ser doutra maneira,



cando falamos única e exclusivamente dun acordo que, sen entrar na exposición de motivos, e só cinguíndonos ao acordo, nos insta a cumprir a legalidade e o marco constitucional establecido, sen máis, polo tanto temos que votar a favor, si que nos gustaría ter a posibilidade de profundar un pouco máis nesta moción, e pedimos a retirada desta ao Grupo Popular.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Nós como Grupo que presentou a moción non imos retirala porque cremos que non se está a falar de españolismo, non se está a falar de inmovilismo, non se está a falar de dividir ou de unir, o que se está a falar é simplemente de respectar o Estado de dereito, de respectar a legalidade, e creo que desde unha institución, neste caso desde a Deputación da Coruña, debemos de, polo menos, requirir o cumprimento da legalidade, e dentro da lei, todo é posible, a Constitución recolle no seu propio texto a fórmula para a súa modificación. Nós o que dicimos é que calquera Administración, calquera institución neste país, ten que estar sometida á lei, como calquera cidadán.

Sr. Requeira Varela

Nós, como Administración pública e como responsables políticos que traballamos nesta Administración pública, estamos sometidos ao imperio da lei e todas as leis, da Constitución e do Estatuto, o que pasa é que o que se deduce da moción do Partido Popular é que este é o marco único, nós como nacionalistas temos dereito a intentar cambiar o marco, e temos dereito a debater con todas as forzas políticas a intentar cambiar o marco, e temos dereito a buscar as máximas cotas de autogoberno para a nosa sociedade, e ten que ser ese o marco do debate. O respecto á lei xa o temos que defender todos os días, pero a busca do cambio das leis que nós consideramos que hai que cambiar, tamén ten que ser un obxectivo diario. Aquí reformouse a Constitución para contentar ao capital, parece que é moito máis difícil reformular e reformar a Constitución para acoller a unha sociedade que está descontenta neste momento porque non encontra acomodo. Esa é a política de altura que ten que enfrontar esa España que se di plural, pero dicirse plural non é simplemente facer un enunciado, é respectar a pluralidade, é respectar a diversidade, e é respectar o carácter de nación dos outros territorios do Estado que o son. O café para todos do 78 valeu durante un tempo, era un problema a medio prazo, agora, efectivamente, maniféstase como un problema. Respecto á lei no cumprimento diario, todo, pero abran vostedes, abran vías de diálogo firmes e consecuentes porque hai non moitos anos puidéronse ter aberto e seguramente as consecuencias serían ben distintas das que estamos vivindo hoxe en día, e por falta de flexibilidade e de altura de miras políticas, evidentemente, hoxe a situación está como está, e insisto, os que consideramos que os pobos teñen dereito a decidir, por favor que non se nos criminalice, porque o dereito dos pobos sempre foi ese, e os pobos altéranse continuamente, e os Estados mudan ao longo da historia continuamente, polo tanto, deixémoslle á sociedade e aos pobos o dereito a decidir.

Hai pouco o Reino Unido articulou e legalizou un referendo, un referendo de independencia, non pasou nada, Québec, en Bélxica tamén, e outros estados da Unión Europea, pois non sei porque aquí isto ten que ser un drama, normalicemos a situación e recoñezamos a diversidade, non só a enunciemos.

Sr. Presidente

Moi brevemente, para dar exemplo, insisto, dicir que o Partido Socialista vai votar a favor desta moción, como non pode ser doutra maneira, simplemente porque os acordos simplemente instan á Deputación da Coruña a cumprir a legalidade, o marco constitucional e a defender este marco do que nos dotamos todos os españois de forma maioritaria nunha votación, os que puideron votar no seu día, pero que temos tamén clara unha cousa, entendemos que o propio Constituínte, que no ano 78 foi capaz de dotarnos deste marco que está baseado no consenso, no diálogo e na xenerosidade dos distintos Grupos e ideoloxías políticas, o propio constituínte deuse conta de que é un texto que ten vida propia, é dicir, que a sociedade ten vida propia, polo tanto, no Título X reconece a posibilidade das reformas constitucionais, e nese sentido o Partido Socialista ten claro desde a lealdade a ese texto, de que non hai por que non dialogar, non hai por que renunciar á fórmula do consenso, do diálogo, porque entendemos que desa fórmula debe partir un modelo territorial cunha organización que profundice na posibilidade de autogoberno nos territorios a nivel do Estado e que simplemente se garante a través desa fórmula o Estado do benestar, que é o que realmente lle preocupa aos nosos cidadáns.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 20 deputados (12 do PP e 8 do PSOE)

Votan en contra: 7 deputados (5 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta).

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Apróbase a seguinte moción:

**“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR EN DEFENSA DO ESTADO DAS AUTONOMÍAS.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

España é unha nación plural chea de singularidades que é produto dunha longa historia, pero sobre todo da libre decisión dos seus cidadáns e da vontade democrática dos pobos que a compoñen.

España é como os españois quixemos que fose cando recobramos a democracia. España é como decidiron os cidadáns dos diferentes territorios, conscientes de que o Estado das Autonomías era a mellor fórmula de artellar unidade e diversidade.

Galicia, como parte desa España, e os galegos, como titulares dos seus dereitos democráticos, fomos protagonistas dese gran pacto histórico. Máis do 90% dos votantes galegos apoiaron a Constitución española no referendo que se celebrou o 6 de decembro de 1978.

Na Constitución española de 1978 reconécese e garántese a autonomía dos municipios, así como o principio de solidariedade entre as diversas partes do territorio español. Por iso, nin Galicia, nin os galegos, nin tampouco os concellos debemos permanecer alleos aos intentos fraudulentos de liquidalo.

Por iso, a declaración secesionista que determinadas formacións políticas queren levar ao Parlamento de Cataluña é un desafío ao marco de convivencia e concordia que representa a nosa Constitución.

A irresponsabilidade, a deslealdade ou o cálculo persoal e partidario non poden estar por riba dun marco de entendemento e convivencia no que soñaron os españois e galegos de antano, no que vivimos os españois e galegos de hoxe, e no que queremos que vivan harmoniosamente os españois e galegos de mañá.

Opoñémonos ás tentativas de dividir, porque así defendemos un legado, un presente e, sobre todo, un futuro que desexamos limpo de tensións e enfrontamentos. Estamos convencidos de que a unidade en torno á España das Autonomías e á Constitución das liberdades, permitirá superar este momento difícil cunha responsabilidade clara e inequívoca.

Por tanto, propoño ao Pleno do concello da Deputación da Coruña a aprobación dos seguintes ACORDOS

PRIMEIRO: Instamos á Deputación da Coruña a manifestar a súa firme intención de defender e pór en valor o Estado das Autonomías e os dereitos e liberdades garantidos pola Constitución española.

SEGUNDO: Rexeitamos calquera actuación ou declaración que atente contra a unidade de España e poña en risco o actual marco de convivencia e concordia.

TERCEIRO: Instamos a todas as institucións democráticas á defensa do Estado de Dereito e ao cumprimento da legalidade ante calquera actuación que atente contra a indisoluble unidade da nación española.

CUARTO: Comunicar estes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno de España.”

#### Sra. Sanmartín Rei

Por facer referencia as palabras de antes, de Agustín Hernández, respecto da saúde de almorzar ben pola mañá, máis como sei ben que el é un deportista e era bo que intentásemos polo menos tamén ser saudables e non ter estas sesións tan maratonianas, hai algunhas cuestións en que tamén o Grupo de goberno, polos cambios de datas do Pleno, cambios de data da Xunta de Portavoces e cruzamento coas axendas, non foi posible nestes caso axilizar algunhas cousas, mentres non temos ese Regulamento absolutamente necesario para intervención, para tempos, para regular tempos, hai algunhas que creo que si que temos, e eu quero pedir o compromiso e asumir xa o compromiso por parte do Goberno para a próxima sesión, de que cuestións relacionadas con declaracións institucionais, mocións e emendas, sexan vistas previamente na Xunta de Portavoces, aínda que tiñamos que convocar unha extraordinaria o día anterior ao Pleno, mais iso é, penso que necesario. Neste caso o lóxico é que queden as mocións de urxencia para cuestións como a que agora

quero presentar, é unha proposta relacionada co que aconteceu nos campamentos dos refuxiados saharauies de Tinduff hai tres semanas, onde unha serie de choivas torrenciais e de eventos provocaron inundacións fortísimas que fixeron que se destruísen todo o que son as vivendas familiares, as tendas de campaña e as casas de adobe dos refuxiados, e a petición por parte da Asociación de Solidariedade Galega co Pobo Saharai, co que esta Deputación ten diversas iniciativas, de apoio a diversas iniciativas, fai unha solicitude para facer unha axuda de emerxencia, tanto en alimentación como en medicinas, unha axuda que non pode esperar máis e que, por tanto, decidimos traer aquí, por se o Pleno considera adoptar, por tanto, o seguinte acordo:

Aprobar a concesión dunha achega nominativa de emerxencia, por importe do 80 % do custe dos gastos de alimentación e medicamentos que se subministren, cun máximo de 25.000,00 €, a favor da "Asociación Solidariedade Galega co pobo saharai", para colaborar no financiamento do proxecto "Axuda aos campamentos de persoas refuxiadas saharuis afectadas polas recentes inundacións". E aprobándose isto, se se considera, o convenio administrativo correspondente que se acompaña aquí como anexo, e facultar ao presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Consideramos que é un tema absolutamente dramático, que non pode agardar máis, e pedimos, por tanto, o apoio de todos os Grupos para esta axuda, xa digo, dun máximo de 25.000 euros.

A continuación vótase a urxencia, que é aprobada por unanimidade.

Aprobada a urxencia, vótase a moción, que é aprobada tamén por unanimidade.

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

**“MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DO PsdG E DO BNG EN APOIO AOS AFECTADOS POLAS RECENTES INUNDACIÓNS NOS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SAHARAUIS DE TINDUF-ALXERIA**

Como consecuencia das choivas torrenciais e fortes ventos que os pasados días 17 e 18 de outubro afectaron os territorios de Tinduf-Alxeria, sede dos Campamentos de Refuxiados Saharauís, producíronse grandes inundacións na zona que provocaron cuantiosos danos nas infraestruturas e edificios públicos, sobre todo en vivendas familiares (tendas de campaña e casas de adobe), moitas das cales quedaron destruídas, polo que numerosas familias quedaron sen as súas casas e pertenzas, incluídas as reservas de alimentos e menciñas coas que se contaba.

Co obxecto de paliar os efectos catastróficos sobre a poboación afectada polas citadas inundacións, a “ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ”, baixo a coordinación da Delegación Saharai para Galicia, puxo en marcha o proxecto de “AXUDA AOS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SARAHUIS AFECTADOS POLAS RECENTES INUNDACIÓNS”, consistente na subministración

de produtos de primeira necesidade, tales como alimentos e menciñas, para distribuír entre as persoas afectadas atendendo a criterios de necesidade e urxencia, coa colaboración da Media Lúa Vermella Saharauí, entidade designada polo Goberno Saharauí para atender as necesidades da poboación refuxiada con carácter permanente.

A Deputación da Coruña, sensible ás políticas de cooperación ao desenvolvemento, sempre amosou a súa disposición a colaborar a través da axuda humanitaria e de emerxencia, nas accións encamiñadas ao envío con carácter urxente e non discriminado do material de socorro necesario, incluída a axuda alimentaria de emerxencia para protexer as vidas humanas e aliviar a situación das poboacións vítimas dunha catástrofe natural, como é o caso.

Polas razóns expostas, e vista a solicitude presentada pola “Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí”, para a concesión dunha achega nominativa para o financiamento do proxecto de axuda de emerxencia citado e tendo en conta que a urxencia na atención á poboación afectada non permite completar a tramitación administrativa co ditame da Comisión Informativa correspondente, é polo que, consonte cos artigos 71,3 e 65,4 do Regulamento orgánico, propoñemos ao Pleno corporativo a declaración de urxencia da seguinte moción e, se for o caso, a adopción do seguinte acordo:

“1. Aprobar a concesión dunha achega nominativa de emerxencia, por importe do 80 % do custe dos gastos de alimentación e medicamentos que se subministren, cun máximo de 25.000,00 €, a favor da “ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ”, CIF G-15.924.558, para colaborar no financiamento do proxecto “AXUDA AOS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SARAHUIS AFECTADOS POLAS RECENTES INUNDACIÓNS”.

2. Imputar a achega provincial á partida 0520/23131/481 do vixente orzamento para 2015.

3. Aprobar o convenio administrativo correspondente, cuxo texto se acompaña como anexo, e facultar aopPresidente da Corporación para a súa formalización e execución.”

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “AXUDA AOS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SARAHUIS AFECTADOS POLAS RECENTES INUNDACIÓNS”**

A Coruña, ..... de ..... de dous mil quince

**REUNIDOS**

Dunha parte D. Valentín González Formoso, que intervéñ neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, Dna. María Isla Avión, con DNI 35.544.300-P, en representación da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, CIF G-15924558, con domicilio social na Avda.

do Alcalde Gregorio Espino, 57 Baixo, 36205 - Vigo (Pontevedra), en calidade de presidenta da citada asociación.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

## **EXPOÑEN**

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (a beneficiaria, en adiante) é unha asociación sen ánimo de lucro, constituída en 2004, ao amparo da Lei 1/2002, o 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Entre os seus fins figura, entre outros, desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharauí e, en xeral, a promoción dos vínculos da sociedade galega co pobo saharauí.

O proxecto de “Axuda aos Campamentos de Refuxiados Saharaús afectados polas inundacións”, que promove a citada entidade, ten por obxecto paliar os efectos das inundacións na poboación saharauí dos Campamentos de Tinduf-Alxeria, mediante a provisión de axuda de emerxencia consistente na subministración de alimentación e medicamentos necesarios.

A actividade obxecto do proxecto inxírese nas orientacións estratéxicas e prioridades xeográficas tanto da cooperación galega como da española, ao afectar ás vítimas de crises humanitarias, orixinadas por conflitos actuais ou esquecidos, como é o caso da poboación saharauí, desprazada e refuxiada nos campamentos de Tinduf-Alxeria, segundo se describe tanto no “Plan Director da Cooperación Galega 2014 – 2017” como no “Plan Director da Cooperación Española 2013 – 2016”.

A Deputación Provincial da Coruña vén colaborando dende hai anos coa poboación saharauí, particularmente a través da “Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí”, facilitándolle financiamento para levar a cabo os distintos proxectos (vacacións en paz, equipamento sanitario, etc.), con máis razón agora, cando do que se trata é de paliar os efectos catastróficos das pasadas inundacións.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **I. OBXECTO DO CONVENIO**

O proxecto de “Axuda aos Campamentos de Refuxiados Saharaús afectados polas inundacións” ten por obxecto paliar os efectos das inundacións na poboación saharauí que habita nos Campamentos de Tinduf-Alxeria, mediante axuda de emerxencia consistente na subministración de alimentación e medicamentos necesarios á poboación afectada.

A execución do proxecto estará a cargo da "Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí", que actuará en colaboración coa Delegación Saharauí para Galicia e a Media Lúa Vermella arxelina.

### **II. ORZAMENTO**

O orzamento de execución do proxecto afecta aos gastos de alimentación e medicamentos que se subministren á poboación afectada dos campamentos de refuxiados saharauís de Tinduf-Alxeria.

### **III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS**

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do 80 % dos gastos de alimentación e medicamentos subministrados, cun máximo de 25.000,00 euros, de xeito que a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada, sen que en ningún caso poida superar os 25.000,00 €. A contía restante, ata acadar o importe total dos gastos xustificados, será financiado con cargo a recursos propios ou alleos da beneficiaria.
2. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/23131/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
3. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custe total do gasto efectivamente xustificado.
4. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 50.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

### **V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

### **VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN**

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

1.1.□ Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A esta memoria acompañarase unha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.

1.2. Relación clasificada de todos os gastos en alimentación e medicamentos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.3. Acreditación da entrega das provisión de alimentos e medicación aos beneficiarios, a través da Media Lúa Vermella ou entidade que determine o Goberno dos Campamentos de Refuxiados Saharauís de Tinduf.

1.4. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.5. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

1.6. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades obxecto de financiamento provincial desenvolveranse durante entre o 17.10.2015 e o 30.09.2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional



non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

## **IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de

fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; si o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

## **XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

### **XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 17.10.2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 31.12.2016.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 31.10.2016, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.12.2016. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do .... de ..... de 2015.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña

En representación da Asociación  
Solidariedade Galega co Pobo Saharaí

D. Valentín González Formoso

Dna. Maite Isla Avión”

Sr. Díaz Grandío

Antes de nada, agradecer aos Grupos presentes a consideración da urxencia da moción presentada por este Grupo provincial. Estamos observando desde esta Deputación cuestións que recibimos como moi positivas, en canto á proxección ao exterior da súa actividade. Sen estar todo ao noso gusto, como temos manifestado ao respecto do reparto salarial dos e das deputadas e dos cobros por asistencias, é debido recoñecer que observamos vontade en rematar con outras figuras que consideramos pouco positivas, tanto para a imaxe da Deputación, como para o seu funcionamento, como os convenios nominativos, etc., iso non queremos deixar de recordalo. Agora é certo, e coa mirada posta nas bases dos orzamentos do exercicio 2016, que moi pronto comezaremos a debater, queremos facer valer unha das potencialidades da potestade de contratación desta institución, e con potencialidade, refírome á capacidade das institucións, e desta en concreto, para influír na economía e tamén en algo moi importante como son as relacións laborais, a preservación dos máis elementais dereitos sociais, laborais e medioambientais.

E por aforrar un pouco de tempo, que seguramente que todos agradeceremos, leo unicamente a exposición de motivos:

Primeiro, as institucións públicas son, de facto, un axente dinamizador da economía, ben a través da súa regulación, ben a través das súas potestades de intervención. Entre as súas potestades, a contratación pública debe ser considerada como unha ferramenta para o cumprimento e realización de políticas públicas, execución de obras ou prestación de servizos, pero tamén unha maneira de realizar intervención social.

A intervención social das institucións vincúlase á defensa dos máis elementais dereitos da cidadanía e esa circunstancia pode e debe estenderse tamén aos dereitos laborais, económicos e medioambientais.

Nun momento histórico de especial depauperación dos dereitos socioeconómicos, dos dereitos laborais, de enorme degradación medioambiental e de aumento das desigualdades materiais, pero tamén entre mulleres e homes, faise urxente que as institucións fagan valer a súa notable influencia sobre as relacións laborais e económicas.

Os pregos de contratación da Deputación Provincial da Coruña deben recoller condicións especiais de execución de contrato referidas ás seguintes consideracións:

*Sociais* co cumprimento polas adxudicatarias das condicións laborais estipuladas pola lei e a aplicación do convenio colectivo correspondente, así como a incorporación de criterios de valoración ou adxudicación que aposten polo emprego estable, indefinido, e a inclusión nos pregos de cláusulas que garantan a exclusión de ofertas licitadoras que se sitúen por baixo dos límites legais ou convencionais pactados.

*Ambientais*, coa inclusión de *clausulado* referido ás *condicións medioambientais* e de xestión de residuos e de utilización eficiente de enerxía.

*Igualdade de xénero*, *inclusión de clausulado e condicións de execución do contrato* referido ás *garantías* por parte das adxudicatarias de igualdade de trato en canto ás oportunidades no acceso ao emprego, permanencia, salarial e de clasificación profesional entre homes e mulleres. Así como o favorecemento de medidas de conciliación entre a vida persoal e laboral

*Inclusión social:* Compromisos de contratación por partes das adjudicatarias dos sectores máis desfavorecidos en canto á inserción no mercado laboral: mocidade, emigrantes e persoas con diversidade funcional.

Comercio xusto, aposta nos pregos de contratación por criterios de adjudicación e condicións de execución do contrato, de fomento do comercio xusto, debidamente garantido e acreditado.

A inclusión de cláusulas con tal finalidade deberá de ser de aplicación obrigatoria a todos os expedientes de Contratación, sempre que o permita a súa natureza e obxecto, garantindo que, cando menos o 20% da puntuación final sexa o resultado da aplicación do dito clausulado.

Segundo, a aposta polo procedemento aberto e a consideración residual e extraordinaria (e precisada de especial xustificación acreditada) do negociado, debe ser criterio xeral de aplicación desta administración, non só para garantir unha maior transparencia e pluralidade de licitadoras senón tamén para garantir unhas mellores condicións económicas, mais tamén sociais, na contratación pública.

E terceiro, e último, a urxencia para o debate e, no seu caso, aprobación desta moción, fundaméntase tanto na propia necesidade de incorporar o clausulado social aos pregos de contratación desta administración como na propia modificación dos pregos-tipo e a súa posterior incorporación aos procedementos de contratación dos distintos concellos.

Por todo isto sométese á consideración do Pleno.

Vótase a ratificación da urxencia, que é aprobada por unanimidade.

### Sr. Soto Vivero

Brevemente para dar cumprimento a iso de que somos galegos, máis galegos que anglosaxóns, porque o trámite do xantar non pode ser algo opcional, ten que ser algo obrigatorio.

Inclúese dentro da solicitude desta moción faise referencia á inclusión nos pregos de contratación da Deputación dunha serie de condicións e clausulados que xa neste momento se está levando a cabo, é dicir, levamos un par de meses xa traballando nos novos pregos-tipo de contratación que van rexer, tanto para esta Deputación, como para os concellos da provincia, e nese sentido todos estes condicionantes, sociais, ambientais, igualdade de xénero, inclusión social e comercio xusto, estanse a ter en conta e estanse incluíndo iniciativas nese sentido.

Botamos en falta tamén nesta moción cláusulas tamén de tipo lingüístico, é dicir, tamén incluso estamos levando a cabo algún tipo de iniciativa en cláusulas de tipo lingüístico dentro dos pregos de contratación porque, como non pode ser doutro xeito, é obriga desta administración cumprir e facer cumprir a Lei 3/1983 de normalización lingüística, que non sempre en moitas administracións se leva a cabo.

Neste sentido, como comentaba, todos estes condicionantes estanse levando a cabo, por exemplo, no que ten que ver con criterios sociais, no referente á contratación de persoal desempregado, establécese a posibilidade de que se inclúa como condición especial de execución a contratación de persoas en situación de desemprego, a fin de favorecer a creación de emprego, persoal que deberá permanecer de alta durante toda a execución do contrato. En canto á normativa laboral e Seguridade Social, a obrigatoriedade, como non pode ser doutro modo, a obrigatoriedade e cumprimento de toda a normativa, incluídos os correspondentes convenios, a obrigatoriedade tamén de que os contratistas, de aboar os salarios pactados, e cumprir ademais o resto de obrigas laborais cos seus traballadores. No que ten que ver, por exemplo, coa subcontratación, establecer un límite máximo de subcontratación, no que ten que ver con prevención de riscos laborais establecer a obrigatoriedade do seu cumprimento, neste sentido obrigar tamén a que se presente un avance do Plan de seguridade e saúde que se completa coa redacción do Plan por parte do adxudicatario e a súa aprobación pola Administración para o informe do coordinador. En canto ao que ten que ver a políticas de igualdade de xénero e conciliación da vida laboral e persoal dentro dos clausulados, os pregos van establecer, como non pode ser doutro xeito tamén, o cumprimento desta normativa. Por outra parte, distintos pregos particulares de servizos estanse elaborando, dentro da guía de contratación, unhas instrucións para que as unidades xestoras inclúan como condicións especiais de execución de contrato, a inclusión deste tipo de medidas, no referente a medioambiente o rego recolle a obrigatoriedade tanto do estudio de residuos, como o Plan de residuos, xestión e control, como xa estaba sendo ata o momento. Nos criterios de adxudicación valórase o programa de actuación medioambiental, o cal implica valorar a utilización eficiente da enerxía.

Para finalizar, como antes comentaba, estanse redactando tamén unhas instrucións para unidades xestoras sobre inclusión de cláusulas sociais e medioambientais nos contratos, especialmente naqueles contratos nos que aínda non se recollen, que se incluírán na guía que antes comentaba, esa guía que se está elaborando, é para simplificar, homoxeneizar e racionalizar a documentación a redactar polas distintas unidades xestoras.

Sendo deste xeito todo o que acabo de comentar, estamos de acordo co espírito e máis co contido da moción, o que si que solicitaríamos e que se eliminase dentro do punto 1, esa referencia a cuestión temporal dun mes, porque a idea é que se eses pregos poidan ser aprobados no Pleno de mes de novembro, pero ao mellor esa premura non é tal e ao mellor témolos que levar ao mes de decembro. Eu penso que eliminando esa cuestión temporal, en base tamén a levar a cabo un traballo máis rigoroso e máis completo na redacción deses pregos, o resto da moción é asumible perfectamente, porque xa estamos traballando niso. E tanto como é asumible, nese sentido tamén facer un chamamento a que todos os concellos na provincia leven un traballo nese camiño e, como non poder ser doutro xeito, ese traballo ten que ser levado a cabo sobre todo naqueles concellos da provincia con maior capacidade técnica, con maior capacidade de funcionamento administrativo dentro do seu seo, podemos empezar xa pola capital de provincia, que vén sendo o concello onde está a sede provincial, que é o Concello da Coruña, entón eu entendo que tamén no Concello da Coruña se vai levar a cabo este traballo e se van redactar uns pregos con todos estes condicionantes. Moitas grazas.

Sr. Negreira Souto

Bos días de novo a todos. Realmente esta moción que se trae aquí, que non deixa de ser unha mera declaración de intencións, xa que moitas das cláusulas sociais das que se fala xa por lei teñen que ser respectadas, tanto o salario mínimo interprofesional como os convenios colectivos de aplicación, outras contémploas a lei, e moitas desas din cando o obxecto do contrato o permita, e ademais hai que ter moi en conta sobre todo as restricións que está impoñendo o Tribunal central de recursos contractuais, que moitos alcaldes aquí coñecen, e que están tumbando moitos pregos precisamente por incluír parámetros que non se deben de incluír, ou parámetros técnicos que se deben de valorar na execución do contrato e non no propio prego.

Eu realmente pregunteime a que vén traer isto aquí polo Concello da Coruña cando, exercer de mestre de todos os alcaldes que hai aquí, que eu considero que moitos alcaldes que están aquí estou seguro xa as veñen aplicando, no Concello da Coruña xa existían, o último concurso de xardinería, se vostede o mirase, seguramente xa vería as referencias a centros especiais de emprego, ou vería un dos últimos concretos que se adjudicaron na Xunta que se dirimiu, precisamente, por ter máis discapacitados a empresa ao seu favor no caso de empate, ou vería moitas outras cousas.

Eu creo que isto é unha vez máis un típico rasgo que estamos vendo nas Mareas que é o posturo político, é un posturo para esconder incumprimentos, levaban unha gran cláusula, imos remunicipalizar todos os servizos, nin a hora, nin a grúa, nin os xardíns, que se adjudicaron agora recentemente se fixo, e quizais isto enténdase para ocultar un pouco desta cousas. Non crean que teñen un só prego modificado a día de hoxe, non hai un só prego modificado no Concello da Coruña porque vostedes poderían pensar que con esta moción que traen hoxe aquí, modificaron xa todo na Coruña, nin un só prego está modificado.

Ademais teño que dicirles, porque falan aquí da regra xeral, falan do procedemento aberto, hai hoxe, a día de hoxe, mes de novembro, máis contratos feitos sen procedemento aberto que por procedemento aberto, é dicir, a regra xeral neste concello, o último que vía o outro día, que xa é descarado o fraccionamento do pago, sacaban un curso de formación para temas de carpintería por 18.000 euros, e por outro lado sacaban un contrato para comprar os mobles para facer o curso de formación, como os 18.000 euros ían ao tope, fraccionárono, as festas, os escenarios, en fin, todo isto é recorrente, unha cousa é o que se di e outra o que se fai.

E logo alí cotidianamente negan os estados de execución, o saldo de contas, en dúas ocasións, teño as datas por se as quere ver Daniel, se as queres ver, claro, moita transparencia pero logo négase. E o colmo é que se traía aquí na moción, estabao vendo agora, un informe trimestral se di que faga a Deputación. O outro día, na Comisión de transparencia que temos no Concello, podería dicirse de non transparencia, pedimos ese informe e dicían que trimestral non lles daba tempo, que ía ser anual, debe ser que a Deputación, seguramente máis eficaz, vai poder facelo, eles falan dun informe anual, e o informe que trouxeron era simplemente, e moitos de

vostedes saberano, a información que está no perfil do contratante, claro non traían nada de que a empresas chamaron, a que empresas se adxudicaron, como se valorou, iso non se traía, e claro, obviamente todos nosoutros podemos mirar o perfil do contratante e saber perfectamente o que hai.

E por suposto o período medio de pago, que iso si inflúe a moitas empresas que teñen que recibir puntualmente os seus diñeiros para pagar aos seus traballadores, pasou desde maio, de 23 días que había a 48 días, máis que duplicado.

Polo tanto, eu creo que nestas cousas está ben o postureo político pero cando hai xente aquí que xa vén facendo estas cousas, vostedes non descubriron a contratación administrativa, nin de súpeto caeron do guindo e van darnos leccións a todo o mundo de como se deben de facer as cousas. O que lles pido é que practiquen de verdade o que din, que sexan capaces de informar seriamente do que están facendo, que fagan procedementos abertos, tamén iso é moi san, non só contratos menores como están facendo e que, desde logo, axuden a que os provedores cobren en tempo e forma, e como fixeron e como fan en moitos concellos. Moito ánimo e que continúen mellorando, que iso recomendámosllo desde aquí.

Sr. Díaz Grandío

Só comentar, indo por orde, aceptaríamos a emenda que fixo o portavoz do Bloque neste caso de quitar as referencias temporais, iso non habería ningún problema. E só por comentar e tamén por dar resposta, efectivamente, adxudicamos contratos sen ningún tipo de cláusula como as que veñen referidas nesta moción, obviamente contratos que veñen de procesos comezados antes de que chegáramos, iso é obvio, e dígoos sen ningún tipo de carga, Carlos.

O Concello da Coruña neste caso vén de presentar, creo que esta semana incluso, ou a semana pasada, este plan de cláusulas sociais, que ao que se refire é ollar cara ao futuro e intentar implementar este tipo de cláusulas nos contratos que, efectivamente, nós agora poderemos sacar adiante desde o inicio.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 12 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Apróbase a seguinte moción:

### **“MOCIÓN DE CLAUSULADO SOCIAL E TRANSPARENCIA NA CONTRATACIÓN PÚBLICA**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Primeiro, as institucións públicas son, de facto, un axente dinamizador da economía, ben a través da súa regulación, ben a través das súas potestades de intervención.



Entre as súas potestades, a contratación pública debe ser considerada como unha ferramenta para o cumprimento e realización de políticas públicas, execución de obras ou prestación de servizos, pero tamén unha maneira de realizar intervención social.

A intervención social das institucións vincúlase á defensa dos máis elementais dereitos da cidadanía e esa circunstancia pode e debe estenderse tamén aos dereitos laborais, económicos e medioambientais.

Nun momento histórico de especial depauperación dos dereitos socioeconómicos, dos dereitos laborais, de enorme degradación medioambiental e de aumento das desigualdades materiais, pero tamén entre mulleres e homes, faise urxente que as institucións fagan valer a súa notable influencia sobre as relacións laborais e económicas.

Os pregos de contratación da Deputación Provincial da Coruña deben recoller criterios de valoración e condicións especiais de execución de contrato referidas ás seguintes consideracións:

-Sociais co cumprimento polas adxudicatarias das condicións laborais estipuladas pola lei e a aplicación do convenio colectivo correspondente, así como a incorporación de criterios de valoración/adxudicación que aposten polo emprego estable (indefinido) e a inclusión nos pregos de cláusulas que garanten a exclusión de ofertas licitadoras que se sitúen por baixo dos límites legais ou convencionais pactados.

-Ambientais: coa inclusión de clausulado referido ás condicións medioambientais e de xestión de residuos e de utilización eficiente de enerxía.

-Igualdade de xénero: inclusión de clausulado e condicións de execución do contrato referido ás garantías por parte das adxudicatarias de igualdade de trato en canto ás oportunidades no acceso ao emprego, permanencia, salarial e de clasificación profesional entre homes e mulleres. Así como o favorecemento de medidas de conciliación entre a vida persoal e laboral

-Inclusión social: Compromisos de contratación por partes das adxudicatarias dos sectores máis desfavorecidos en canto á inserción no mercado laboral: mocidade, emigrantes e persoas con diversidade funcional.

-Comercio xusto. Aposta nos pregos de contratación por criterios de adxudicación e condicións de execución do contrato, de fomento do comercio xusto, debidamente garantido e acreditado.

A inclusión de cláusulas con tal finalidade deberá de ser de aplicación obrigatoria a todos os expedientes de Contratación, sempre que o permita a súa natureza e obxecto, garantindo que, cando menos o 20% da puntuación final sexa o resultado da aplicación do dito clausulado.

Segundo, a aposta polo procedemento aberto e a consideración residual e extraordinaria (e precisada de especial xustificación acreditada) do negociado, debe ser criterio xeral de aplicación desta administración, non só para garantir unha maior transparencia e pluralidade de licitadoras senón tamén para garantir unhas mellores condicións (económicas, mais tamén sociais) na contratación pública.

Terceiro, a urxencia para o debate e, no seu caso, aprobación desta moción, fundaméntase tanto na propia necesidade de incorporar o clausulado social aos pregos de contratación desta administración como na propia modificación dos pregos-tipo e a súa posterior incorporación aos procedementos de contratación dos distintos concellos.

Por todo isto sométese á consideración do Pleno desta Corporación provincial a adopción do seguinte

## ACORDO

PRIMEIRO.- O Pleno da Corporación insta á Presidencia e á Xunta de Goberno a:

1.-Aprobación dunha Instrucción de clausulado social na contratación pública desta Corporación, de conformidade co contido e criterios da exposición de motivos deste acordo, de xeito que entren en vigor unha vez publicada no BOP.

2.-Redacción de proposta de novos Pregos-Tipo de contratación, con inclusión de clausulado social, e a súa incorporación ás Bases dos distintos Plans municipais (Plan de Acción Social, Plan de Obras e Servizos, etc), debendo someterme á aprobación deste Pleno para que poidan entrar en vigor o 1 de xaneiro de 2016.

3.-Utilización preferente do procedemento aberto nos expedientes de contratación desta Corporación, acudindo ao negociado só con carácter excepcional, extraordinario e coa debida xustificación acreditada no expediente.

SEGUNDO.- A Mesa de Contratación da Deputación Provincial da Coruña será competente para o seguimento do cumprimento do presente acordo. A tal efecto a Presidencia remitirá trimestralmente un informe ao respecto, do cal tamén se lle dará traslado a este Pleno.”

## ROGOS E PREGUNTAS

### Sr. Caínzos Vázquez

Grazas, Presidente. Vou intentar ser máis breve que na antiga intervención miña. Vou facer un rogo dado que no marco do Proxecto Mandeo, posta en valor das concas fluviais, primeira fase do río Mandeo, cofinanciado con fondos Feder, a Deputación da Coruña construíu un centro etnográfico en Teixeiro, Concello de Curtis, unha parcela cedida polo Concello. Mediante un convenio de colaboración entre as dúas administracións estase a xestionar o seu funcionamento. Entendemos que o actual Goberno está reestruturando a súa acción de goberno a través das distintas áreas e responsabilidades respectivas, polo que este rogo vai no senso de que a Área que ten asignada a responsabilidade e a xestión desta instalación de titularidade provincial articule, de forma regular, a reposición de material e medios necesarios para o Centro Etnográfico, para poder prestar un bo servizo a todos os visitantes e usuarios desta institución que a día de hoxe non dispón deles. Moitas grazas.

Sr. Soto Vivero

Vou contestar eu por alusión, é un tema xa do que temos falado. Pero eu tamén faría un segundo rogo sobre o primeiro, eu rogaría ao alcalde de Curtis que lera o convenio que asinou no seu día co seu actual portavoz do Grupo Provincial, para que así coñezamos todos realmente a quen corresponde esa responsabilidade sobre o rogo que acaba de dicir. Simplemente iso.

Sra. Padín Fernández

Grazas, presidente. Moi boas tardes a todos e a todas. A pregunta nosa desde o Grupo Popular é que queremos saber cando vai saír a convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva, porque hai que lembrar que foi un logro da lexislatura do Partido Popular que esta convocatoria estivera no mes de outubro para que a principios de xaneiro, de ano, todas as entidades, concellos e demais souberan de que cantidades ían poder dispoñer, e non volver como na lexislatura anterior, 2007-2011, PSOE-Bloque, que ata mediados de ano non sabían co que podían contar, co grave prexuízo que lles ocasiona.

Sr. Presidente

O que é as bases da convocatoria xa están aprobadas na última Xunta de Goberno e en breve xa sairán.

Sr. García Seoane

Rogar que o proxecto do carril-bici de Oleiros se corrixa, hai que reformalo, que se contrate a reforma dese proxecto carril-bici que estaba no orzamento deste ano para que se poidan contratar. Estámolos poñendo moi fácil á Deputación para que se faga o carril-bici.

Sr. presidente

Sobre ese tema, agora que estamos elaborando os presupostos, é unha partida importantísima, máis de tres millóns de euros, que figuran no presuposto 2015, e que ao final non se executaron. Polo tanto, entendemos que para o 2016, por unha cuestión de presupostación responsable, porque os recursos son finitos, loxicamente fixar as partidas, primeiro ser capaces de que o proxecto se poida licitar e executar en 2016, todos aqueles proxectos que cumpran todos os requisitos, un deles por suposto é ter as autorizacións pertinentes, e o outro é ter a dispoñibilidade dos terreos. Os que cumpran os requisitos loxicamente en 2016 iranse executando xa por fases para non ralentizar máis ese proxecto que, senón, volveríamos ao final do exercicio a ter paralizados máis de tres millóns de euros.

Sr. Calvo Pouso

Eu quería despedirme de todos os deputados e deputadas desta casa, de todos os funcionarios, aos cales agradezo desde o primeiro día o apoio que lle deron sempre a esta institución, aos gobernos sucesivos, e tamén ao goberno que tiven a posibilidade de presidir e, por suposto, tamén a este goberno.

Agradecerlle especialmente ao presidente as palabras que sempre tivo cara a miña persoa e cara a situación na propia institución que atopou cando chegou, onte mesmo fíxoo en Santiago no Parlamento, e eu quero agradecerllo porque eu creo que dá máis valor á función que se poida facer.

Se durante estes catro anos e pico longos alguén se sentiu prexudicado nalgún momento, pídolle desculpas, por suposto dicir que nunca foi a intención, nin miña, nin do goberno anterior, nin do Grupo de deputados deste Partido, do Partido Popular. E nada máis, desexarlle moita sorte a esta institución, ao seu presidente, ao seu Goberno e a todos os deputados que estades aquí porque a sorte desta Deputación e deste Goberno vai ser a sorte tamén de moitos concellos da provincia. Así que, nada máis e moitas grazas.

#### Sr. presidente

En nome da Corporación actual e da anterior desexarlle o mellor na nova encomenda que tes na Xunta de Galicia, na Delegación territorial, e en nome tamén dos traballadores e traballadoras, dos funcionarios desta casa, dos concellos da provincia, agradecerche o labor que durante estes anos viñeches facendo en beneficio dos veciños e veciñas desas localidades. De todo corazón, que che vaia o mellor posible, e tampouco imos chorar porque te vas aí ao lado, e ademais líbraste de Pleno tan curtos como este. Moitas grazas.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as dezaseis horas e dez minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.